

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DEL CONCELLO DE CERDEDO (PONTEVEDRA).

DOCUMENTO APROBACIÓN DEFINITIVA

TITULO I.- DISPOSICIONES XERAIS.

CAP. 1º NATURZA, ÁMBITO E VIXENCIA.

Art. 1. ÁMBITO

O presente Plan Xeral será de aplicación obrigatoria no territorio do Termo Municipal de Cerdedo, pertencente á provincia de Pontevedra.

Art. 2. VIXENCIA.

Este Plan non entrará en vigor ata que se teña producido a publicación da súa aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo deberá publicarse no BOP o documento que conteña a Normativa e as Ordenanzas.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento do disposto anteriormente, todo isto de conformidade co subliñado no art. 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A súa vixencia será indefinida.

Art. 3. REVISIÓN

A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúan.

Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio ou á

clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto ou pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan de xeito substancial sobre a ordenación, ou polo esgotamento da súa capacidade. A revisión poderá determinar a substitución do instrumento de planeamento existente e observaranse as mesmas descrições enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación do mesmo, aínda cando dita alteración implique cambios illados na clasificación ou cualificación do solo ou delimitación do ámbito dos polígonos.

A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxetaránse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen perxuízo do disposto no artigo 62 da Lei.

As modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial ao que fai referencia o artigo 85.1 da Lei.

Art. 4. NATUREZA E OBRIGATORIEDADE.

- 1) Este Documento redactouse de conformidade co ordenamento urbanístico vixente, en particular a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e a Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- 2) Os particulares ao igual que a Administración, quedarán obrigados ao cumprimento das disposicións contidas neste Documento, e en especial nestas Normas, de tal maneira que calquera actuación ou intervención de carácter provisional ou definitiva sobre o territorio municipal, ben sexa a iniciativa pública ou privada, deberá axustarse a aquelas.

Art. 5. ADMINISTRACIÓN ACTUANTE.

O Concello e os órganos das Administracións estatal, autonómica e local con competencia para a aprobación e execución de plans de sectorización, plans parciais e especiais, terán o carácter de administración actuante, exercerán a súa competencia de conformidade coas determinacións e previsións contidas neste Documento, coordinarán entre si as súas actuacións respectivas, manterán a máxima publicidade dos seus actos e suscitarán a iniciativa privada e a participación pública na formación, tratamento e execución do planeamento urbanístico.

Art. 6. DOCUMENTACIÓN DO PLAN XERAL.

O presente documento componse dunha parte escrita e unha parte gráfica ou planos.

Tanto a documentación escrita como a gráfica posúen unha parte de información e outra de ordenación.

Para a aplicación deste documento será necesario o cumprimento tanto da documentación gráfica como da normativa escrita. En caso de contradición entre as dúas prevalecerá o escrito sobre o grafado e serán de aplicación as regras de interpretación contidas no art. 6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Caso de producirse algunha contradición na documentación gráfica, prevalecerá o determinado nos planos a escala 1:2.000 fronte ao recollido nos planos 1:5.000, e a súa vez, o destes prevalecerá sobre a documentación gráfica a escala 1:10.000.

CAP. 2º DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Art. 7. ÓRGANOS ACTUANTES.

O desenvolvemento do presente Plan Xeral corresponderá ao Concello e demais Administracións Urbanísticas no ámbito das súas respectivas competencias, sen prexuízo da participación dos particulares establecidas na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así coma o sinalado neste documento e a Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei

9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Art. 8. PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO OU SUBORDINADO.

- 1) Para o desenvolvemento do presente Plan Xeral formularanse con arranxo ao previsto na lei e neste documento, plans de sectorización, plans parciais, especiais e estudos de detalle. A súa vez posibilitáse a execución doutros instrumentos como os proxectos de urbanización e os catálogos.
- 2) Os lindes destes desenvolvementos serán os definidos nos Planos de Ordenación, establecéndose que para a súa delimitación desagregada, a súa identificación ou calquera acto de procedemento, reproduciranse en escala axeitada.
- 3) Cando nas zonas de solo urbano se produzan casos de imprecisión ou a necesidade de lixeiros reaxustes de aliñacións e rasantes, ou de reordenación do volume dunha mazá ou elemento da morfoloxía urbana, de acordo sempre coas determinacións do presente documento, redactaranse e tramitaranse estudos de detalle, co alcance previsto no art. 65 do Regulamento de planeamento, sen prexuízo do deber dos propietarios do solo urbano de regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás esixencias do planeamento, que se subliñan no art. 19 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Art. 9. ADECUACIÓN AO PLAN XERAL.

- 1) Os Plans de Sectorización, Plans Parciais e os Plans Especiais non poderán modificar as previsións e determinacións do Plan Xeral.
- 2) Os estudos de detalle respectarán así mesmo as determinacións previstas no Plan, non podendo introducir, en contra do previsto polo mesmo, alteracións que supoñan maior ocupación do solo nin das alturas máximas ou dos volumes edificables, nin incrementar a densidade de poboación establecida no mesmo, nin alterar o uso exclusivo ou predominante asignado ao solo, non podendo tampouco ocasionar prexuízo nin alterar as condicións de ordenación dos predios colindantes, ou supor mingua dos espazos públicos.

A súa formulación acomodárase en todo caso ao establecido no art. 73 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e arts. 65 e 66 do Regulamento de planeamento urbanístico

CAP. 3º XESTIÓN

Art. 10. EXECUCIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN.

- 1) A execución do Plan Xeral de Ordenación Municipal realizarase de conformidade co disposto no art. 117 e ss. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sendo de aplicación os sistemas de actuación legalmente previstos, segundo o art. 126 do mesmo texto.
- 2) Os polígonos configúranse como os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do planeamento, e serán delimitados de forma que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, de urbanización e de xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da súa superficie.

Ditos polígonos terán que establecerse sobre a base cartográfica oficial axeitada e subliñando, de acordo á certificación que debe constar no expediente, a identificación das fincas segundo os catastros oficiais.

En solo urbano non consolidado, no solo de núcleo rural, no suposto previsto no art. 72 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, e a Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no solo urbanizable, todos os terreos, agás os sistemas xerais, no seu caso, quedarán incluídos en polígonos.

Art. 11. SISTEMA DE ACTUACIÓN.

CLASES DE SISTEMAS DE ACTUACIÓN

- 1) Os polígonos desenvolveranse polo sistema de actuación que a Administración determine en cada caso.

2) Os sistemas de actuación son os seguintes :

a.- Sistemas de actuación directos :

- Cooperación.
- Expropiación.

b.- Sistemas de actuación indirectos :

- Concerto.
- Compensación.
- Concesión de obra urbanizadora.

3) A expropiación forzosa poderá aplicarse, ademais, para a execución dos sistemas xerais de ordenación urbanística do territorio, ou dalgún dos seus elementos, ou para realizar actuacións illadas en solo urbano.

ELECCIÓN DE SISTEMA DE ACTUACIÓN

1) O Concello elixirá o sistema de actuación aplicable tendo en conta as características e complexidades da iniciativa que se vai desenvolver, os medios cos que conte, a colaboración da iniciativa privada e as demais circunstancias que concorran.

2) A determinación do sistema de actuación deberá incluírse obrigatoriamente nos instrumentos de planeamento que conteñan a ordenación detallada do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable. A modificación do sistema de actuación poderá ser aprobada polo Concello de oficio ou por instancia dos particulares interesados, despois da información pública por prazo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e coa notificación individualizada aos propietarios afectados.

Cando os propietarios sexan descoñecidos, se descoñeza o lugar de notificación, ou intentada a notificación non puidese levarse a cabo, a notificación farase por medio de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

3) Cando se fixase un sistema de xestión indirecta e non se executase conforme aos plans establecidos, ou transcorrese máis de un ano dende a aprobación definitiva do planeamento

urbanístico detallado sen que se iniciase o proceso de desenvolvemento e execución, o Concello poderá substituír o sistema de execución polo procedemento establecido no punto anterior. O cambio de sistema non se materializará se os afectados ofrecen no trámite de información pública garantías suficientes dos gastos de urbanización pendentes e as formalizan no prazo que acorde o Concello.

Art. 12. PARCELAMENTOS E SEGREGACIÓNS.

Os parcelamentos urbanísticos cumprirán, en todo caso, coas determinacións establecidas nos artigos 204 e 205 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e concordantes do Decreto 28/1999 do 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, ou na súa virtude ás establecidas no presente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Cando se trate dun parcelamento que afecte a dúas ou máis clasificacións de solo diferentes, a superficie mínima dos lotes resultantes cumprirán cos respectivos parámetros de superficie mínima que se establecen nas ordenanzas de aplicación a ditos solos no presente Plan, resultando indivisibles todas as demais que se atopen nos supostos sinalados no art. 205 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Igual criterio se aplicará para os parcelamentos que afecten a solo de núcleo rural histórico tradicional, núcleo rural común e núcleo rural complexo.

Non poderán levarse a cabo ningún parcelamento urbanístico sen que previamente teña sido aprobado o planeamento urbanístico esixible segundo a clase de solo de que se trate. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelamentos urbanísticos, tal e como se fixa no art. 206 da referida Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Todo parcelamento urbanístico quedará suxeito a licenza ou á aprobación do proxecto de compensación ou reparcelamento que o conteña.

Todo parcelamento tramitarase en expediente integrado por, como mínimo os seguintes documentos :

- a) Plano de situación e parcelario actual en cartografía oficial.
- b) Delimitación dos terreos iniciais e finais con erro menor do 2,5% e a escala mínima de 1/500.
- c) Certificación dos documentos catastrais e do rexistro que identifiquen os terreos iniciais.
- d) Descrición de lindeiros, accidentes, topografía, superficies e demais características dos terreos iniciais e resultantes de forma inequívoca e precisa. Xustificación do parcelamento de acordo ao presente Documento de Plan Xeral.

No tocante á división e segregación de predios en solo rústico, estarase ao seguinte :

- No solo rústico non se poderán realizar nin autorizar parcelamentos, divisións ou segregacións, excepto aqueles que deriven da execución, conservación ou servizo de infraestruturas públicas, da execución de equipamentos públicos, da realización de actividades extractivas ou enerxéticas, da execución do planeamento urbanístico ou que teñan por obxecto a mellora das explotacións agropecuarias existentes.

En todo caso, respectarase a superficie mínima e indivisible que determine a lexislación agraria.

Con todo, poderá autorizarse a división de parcelas vacantes de edificación por razón de partición de herdanzas, sempre que se faga constar o compromiso expreso de non edificar os lotes resultantes e non afecten a solos de especial protección agropecuaria. Esta condición de inedificabilidade dos terreos débese facer constar expresamente no rexistro da propiedade e en todos os actos de transmisión da propiedade. Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto.

- Os actos de segregación ou de división da propiedade que se pudiesen permitir por aplicación do disposto nos números anteriores estarán suxeitos en todo caso a licenza municipal. Para a tramitación e obtención dela, deberá solicitarse coa documentación escrita e gráfica necesaria para a identificación precisa do acto que se instou.

Así mesmo prohíbese calquera posibilidade de segregación para as parcelas que comprendan algún edificio obxecto de protección do patrimonio arquitectónico.

Art. 13. REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES E EDIFICACIONES QUE COMPRE REHABILITAR.

Dacordo co Artigo 3 da Ordenanza municipal reguladora do rexistro de soares e edificacións que compre rehabilitar, o presente documento establece os prazos para o cumprimento do deber de edificar ou rehabilitar.

Consecuentemente co anterior se fixa o prazo xeral dun ano dende a aprobación definitiva do presente documento, agás que na zona en cuestión se prevea o desenvolvemento do solo a través dun documento de desenvolvemento urbanístico. Así mesmo, poderán reducirse os prazos nos supostos de ruína inminente, risco de deterioro acelerado da edificación ou en función da importancia do ben que se protexe, que se motivarán en cada caso. En todo caso, o prazo non poderá ser inferior a seis meses.

A Administración poderá conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por pedimento dos interesados, por causas xustificadas e de forma motivada.

As administracións públicas que posúan ou adquiran soares para ampliacións ou futuras necesidades xustificadas poderán retelos sen edificar por prazos superiores aos previstos neste artigo, logo do acordo do organo municipal competente.

Ademáis, unha vez inscrito o inmovible no rexistro de soares e edificacións que compre rehabilitar, se establece un prazo máximo de seis meses para que o propietario/s de ditos bens soliciten a oportuna licenza. Transcurrido o prazo establecido desde a inscrición no Rexistro de soares sen que se lle dese cumprimento ao deber de edificar ou, se é o caso, de rehabilitar, a Administración poderá decretar a edificación forzosa do soar ou, se é o caso, a rehabilitación forzosa do inmovible, ben

de maneira directa ou a través dun particular, denominado axente edificador.

De igual xeito se incorpora ao presente artigo o contido dos artigos 19 e 20 da sinalada ordenanza municipal :

Art. 19

“Cando se incumpra o deber de edificar ou rehabilitar nalguna terreo incluído nestas áreas, a Administración poderá expropialo co fin de asumir a edificación ou ben encomendarlle a unha sociedade urbanística pública o desenvolvemento da actuación, Neste último caso, a sociedade urbanística actuará como beneficiaria da expropiación e asumirá fronte á Administración, o deber de edificar nos prazos que se fixen no convenio que regule a actuación, que en ningún caso poderán ser máis longos que os outorgados inicialmente ao propietario.

A administración notificaralle ao propietario do terreo a iniciación do procedemento, concedéndolle un prazo de vinte días para formular alegacións, e asemade ordenará a súa anotación no Rexistro da Propiedade, nos termos da lexislación aplicable.

Concluído o trámite de audiencia, o Concello aprobará, se é o caso, a actuación ou o convenio que a regule, no caso de que a vaia asumir unha sociedade urbanística pública.

A expropiación poderá tramitarse polo procedemento de taxación conxunta.

Unha vez ocupado o inmóbel, comezarán a computarse os prazos fixados para solicitar licenza e para proceder á edificación. Así mesmo, inscribírase a transmisión no Rexistro da Propiedade, aplicando o previsto na súa normativa específica para a inscrición das adxudicacións de soares en réxime de venda forzosa”.

Art. 20

“Calquera particular con capacidade suficiente para asumir as responsabilidades previstas neste precepto poderán colaborar coa administración na garantía do cumprimento do deber de edificar e instala a que exercite a expropiación para adquirir o soar non edificado, sempre que asuma a obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses contados desde a data en que estea resolta a dispoñibilidade do terreo.

Se o Concello entende que a solicitude reúne os requisitos formais esixibéis, notificaralla ao propietario do terreo, condedéndolle un prazo de vinte días para efectuar alegacións, e ordenará a súa anotación no Rexisto da Propiedade nos termos da lexislación aplicable.

Transcorrido o citado prazo, o Concello deberá resolver no prazo dun mes acerca da aprobación da solicitude de edificación forzosa. Se neste prazo non se notifica resolución expresa, poderase entender rexeitada a solicitude.

Cando un particular presente unha solicitude, a Administración poderá optar por xestionar ela mesma a actuación ou por convocar un concurso público, nun prazo non superior a tres meses desde a solicitude. A Administración valorará as distintas propostas tendo presente, entre outros factores, o prezo e o réxime das vivendas resultantes. Para este efecto, poderáselles outorgar un prazo aos solicitantes para que melloren a súa solicitude ou fagan proposicións acerca dos factores que a Administración considere máis importantes. A Administración urbanística decidirá acerca das solicitudes presentadas no prazo dun mes, agás que se optase por permitir a súa mellora ou novas proposicións; neste caso ampliarase un mes máis”.

Art. 14. CESIÓNS.

- 1) As cesións obrigatorias do solo realizaranse por polígonos de actuación de acordo ás determinacións do Plan Xeral ou dos plans de sectorización, plans parciais e especiais, no seu caso. A tal efecto terase en conta o previsto nos arts. 19, 20, 22, 24 e 31 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- 2) A cesión de viais e zonas libres cando non estean incluídos en polígonos de actuación previamente delimitados, realizarase por unidades físicas concretas (normalmente rúas ou prazas), ou segundo actuacións illadas, acomodadas á previsión dos proxectos de urbanización correspondentes e cuxa delimitación se tramitará consonte ao previsto nos artigos 123, 124 e 93.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e coas modificacións da Lei 15/2004, do

29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Art. 15. REPERCUSIÓN DE CUSTES POR CONTRIBUCIÓN ESPECIAIS.

Ao abeiro das previsións de utilización de formas de xestión que permita a lexislación de réxime local, segundo o art. 141 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o custo das actuacións de expropiación illadas en solo urbano para a creación, ampliación ou mellora de infraestruturas, servizos e equipamentos en desenvolvemento do Plan, ou ben daquelas nas que a expropiación se aplica a polígonos completos, poderase repercutir sobre o conxunto de propietarios que resulten especialmente beneficiados pola actuación urbanística. Os ámbitos de reparto serán definidos no expediente de Contribucións Especiais correspondente.

Art. 16. REGULARIZACIÓN DE TERREOS E REPARCELAMENTOS.

1.- REGULARIZACION DE TERREOS.

Os terreos en solo urbano consolidado cuxa configuración física sexa preciso regularizar para adaptalos ás previsións do planeamento serán obxecto dun proxecto de normalización de acordo aos artigos 119 e concordantes do Regulamento de Xestión Urbanística, sen prexuízo do deber da súa regularización para adaptar a súa configuración ás esixencias do planeamento segundo establece o art. 19 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Considérase a estes efectos que un terreo é regularizable cando un ou todos os lindeiros non sexan rectos, ou o seu ángulo coa aliñación sexa menor de 80º na lonxitude do lindeiro correspondente ao fondo máximo edificable, agás en casos en que por estar consolidada a edificación e a súa ordenación, sexa imposible a regularización.

A regularización afectará, como mínimo, ao fondo máximo edificable.

En rúas con desenvolvemento curvo, o ángulo medirase entre o lindeiro da parcela e a tanxente á curva nese punto.

2.- REPARCELAMENTOS.

- 1) Entenderase por Reparcelamento a agrupación de fincas comprendidas no polígono ou unidade reparcelable para a súa nova división axustada ao planeamento, con adxudicación das

parcelas resultantes aos interesados en proporción aos seus respectivos dereitos.

- 2) O reparcelamento ten por obxecto distribuír xustamente as cargas e beneficios da ordenación urbanística, regularizar a configuración dos terreos, situar o seu aproveitamento en zonas aptas para a edificación con arranxo ao planeamento e localizar sobre parcelas determinadas e nesas mesmas zonas, o aproveitamento que, no seu caso, corresponda á Administración actuante.
- 3) O reparcelamento comprende tamén a determinación das indemnizacións ou compensacións necesarias para que quede plenamente cumprido, dentro da unidade reparcelable, o principio da xusta distribución entre os interesados dos beneficios e cargas da ordenación urbanística.
- 4) A distribución xusta das cargas e beneficios da ordenación será necesaria sempre que o Plan asigne desigualmente aos terreos afectados o volume ou superficie edificable, os usos urbanísticos ou as limitacións e cargas da propiedade.
- 5) Cando na unidade reparcelable estean comprendidos terreos edificados con arranxo ao planeamento, estes non serán obxecto de nova adxudicación, conservándose as propiedades primitivas, sen prexuízo da regularización de lindeiros cando fose necesaria e as compensacións económicas que procedan. Se se trata de terreos con edificación non axustada ao planeamento, cando a diferenza, en máis ou en menos, entre o aproveitamento que lles corresponda consonte o plan, e o que correspondería ao propietario en proporción ao seu dereito no reparcelamento, sexa inferior ao 15% deste último, e sempre que non estivesen dedicados a usos incompatibles coa ordenación urbanística, seguirase igualmente a mesma regra, a teor todo elo do establecido no artigo 116 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- 6) Procedementos abreviados: o reparcelamento voluntario.

A proposta de reparcelamento formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será tramitada segundo o procedemento previsto no artigo 115 do Regulamento de Xestión.

No reparcelamento voluntario en solo urbano, a unidade reparcelable poderá ser descontínua, e incluso referirse a parcelas

illadas, sempre que quede asegurado o cumprimento do Plan Xeral, sen causar prexuízos a terceiros propietarios.

Para a determinación das unidades reparcelables descontinuas, seguirase o previsto nos art. 123 e 124 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CAP. 4º. NORMAS DE TRAMITACIÓN.

Art. 17. ACTOS SUXEITOS A LICENZA MUNICIPAL.

- 1) Estarán suxeitos a licenza municipal previa, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo:
 - Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
 - As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
 - As demolicións.
 - Os muros de contención de terras.
 - Os grandes movementos de terras e as explanacións.
 - Os parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
 - A primeira ocupación dos edificios.
 - A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.

- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a pro cesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a devandita corta derive da lexislación de protección do dominio público.
- 2) As empresas suministradoras de enerxía eléctrica, auga, Gas e telecomunicacións existirán para a contratación dos respectivos servizos as licenzas que en cada caso resulten precisas.
 - 3) Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente artigo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.
 - 4) Cando se trate de actos suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, o promotor dos actos de uso do solo e do subsolo previstos no epígrafe anterior comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles ao da data en que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución. A comunicación deberá ir acompañada de :
 - Descrición suficiente das características do acto de que se trate.
 - Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
 - De ser o caso, proxecto técnico exigible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
 - Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente exigibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.
 - Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
 - Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exigibles.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Dentro dos quince días hábiles seguintes ao da comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a emenda das deficiencias que presente a documentación; neste caso adoptará motivadamente as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, e comunicarallas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

O concello deberá ditar a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou os actos á ordenación urbanística dentro dos quince días seguintes ao da adopción de calquera medida provisional. A orde que se dite producirá os efectos propios da licenza urbanística.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidade e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

- 5) Cando se deban realizar diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmovible, presentarse unha única comunicación previa.
- 6) A comunicación previa presentada para os actos de uso

do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

- 7) Os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos.
- 8) Os actos relacionados anteriormente, que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

Art. 18. CONCESIÓN DE LICENZA.

A concesión de licenza, agás nos casos previstos na lexislación do Solo, corresponde exclusivamente ao Concello.

Art. 19. DENEGACIÓN DE LICENZA.

Toda denegación de licenza deberá ser motivada.

Art. 20. SOLICITUDE DE LICENZA.

A licenza deberá solicitarse no Concello mediante a presentación da correspondente instancia e os requisitos que para cada caso concreto se especifique no Plan.

Art. 21. TIPOS DE LICENZA DE OBRA.

Distínguense no presente Plan tres tipos de licencias :

- Licenza de obra nova.
- Licenza de reforma e ampliación.
- Licenza de conservación.

1) Obra nova.

Denomínase obra nova á efectuada para a construción dun inmovible de nova planta ben sobre solar libre (no que non teña existido

ningunha construción anterior), ben sobre o solar procedente do derrube dun edificio existente.

2) Reforma e ampliación.

Enténdese por reforma ou ampliación aquelas operacións de construción encamiñadas a modificar o edificio existente ben sexa para destinalo a uso distinto, ben por calquera outra causa.

Distínguense dous subgrupos:

- Reformas e ampliacións estruturais :
Se a súa realización implica modificación de elementos estruturais (modificación de estrutura, elevación de plantas), de fachada ou de cuberta na súa totalidade.
- Reformas non estruturais :
Se se limitan á redistribución de espazos interiores ou calquera outra operación que non afecte a elementos estruturais, de fachada ou de cuberta.

3) Conservación.

Denomínanse obras de conservación ás tendentes ao mantemento estético, funcional e construtivo do edificio.

Distínguense dous subtipos :

- Se afectan a elementos estruturais, de fachada ou de cuberta (revoco de fachadas ou cuberta, reparación e substitución de elementos estruturais) por outros das mesmas características.
- Se non afectan a elementos estruturais, de fachada ou de cuberta (solados, pinturas, etc.).

4) Todos estes tipos agrúpanse en dous:

LICENZA DE OBRA MENOR

Defínese como obra menor aos efectos da tramitación e concesión de licenza como tais, as seguintes :

- Obras de remoción, incluídas as substitucións, de revestimentos preexistentes, pinturas, limpeza, ornato e adecentamento.

- Substitución de carpintarías exteriores, sen modificación do oco existente, que non afecten á estrutura.
- Substitución interior de pezas en edificacións existentes sempre que non afecten a condicións de habitabilidade ou do seu sistema estrutural.
- Pequenas substitucións e ampliacións nas instalacións das edificacións preexistentes, sempre que non se afecte ao sistema estrutural do edificio, deseño exterior, cimentación ou condicións de habitabilidade ou seguridade de dita edificación ou das súas instalacións.
- Valados e liña de peches de elementos vexetais e a base de postes e arame sen puas, sen ningún tipo de baseamento, que se leven a cabo en harmonía co medio natural circundante, de sinxela e escasa entidade construtiva, que non superen a altura de 1,50 m. Os muros de contención consideraranse obra maior, e en consecuencia sempre deben dispoñer de proxecto técnico, así como calquera outro tipo de peche.
- Os grandes movementos de terra considéranse obra maior. Enténdese por grandes movementos aqueles desmontes ou recheos de terra que alteran o perfil natural do terreo nunha altura maior de 0.50 m en calquera punto, ou supoñen un movemento de terra maior de 40 m³. Quedan excluídos os traballos de acondicionamentos de fincas debidos á labores agrícolas.
- A documentación necesaria para este tipo de expedientes consistirá en solicitude do interesado onde se describan exactamente as obras a realizar, plano de situación identificando o emprazamento da finca sobre a que se pretende a execución da obra menor e orzamento de execución material das mesmas.
- Será necesaria a presentación do correspondente estudo básico de seguridade e saúde, así como o nomeamento dun técnico competente encargado do control e dirección das obras naquelas intervencións que, considerándose obra menor, impliquen riscos, tales como construción de estadais para reparación de fachadas, intervencións en cubertas de edificios (a excepción de vivendas unifamiliares e galpons), guindastres, etc.

LICENZA DE OBRA MAIOR

Son todas as demais “obras maiores”, aos efectos da súa tramitación e outorgamento de licenza, que deberá xuntarse á solicitude co proxecto facultativo e cuxas condicións aparecen en cada caso reguladas nas ordenanzas, que segundo o presente documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal lles resultan de aplicación.

En todo caso considerase obra maior e a tal efecto a solicitude de licencia acompañarase de proxecto técnico redactado por técnico competente, calquer tipo de intervención en edificios declarados bens de interese cultural ou incluídos no catálogo.

Art. 22. REGULACION DO EXERCICIO DE ACTIVIDADES.

A.- COMUNICACION PREVIA.

- 1) Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación :
 - Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
 - Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
 - Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
 - Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
 - A autorización ou declaración ambiental que proceda.

- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifes tación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
 - Se fora o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 2) Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarse coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. Logo de rematar a obra, presentarse comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo.
- 3) Sométese tamén ao réxime de comunicación previa o cambio de titularidade das actividades e instalación, debendo comunicalo por escrito ao concello quen ostente a nova titularidade.
- 4) Toda a documentación requirida neste artigo poderá presentarse telematicamente. As comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito.

B.- EFECTOS DA COMUNICACION PREVIA

- 1) A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.
- 2) O concello deberá establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade e o seu control posterior.
- 3) O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán o concello para a súa declaración logo de audiencia do/a interesado/a.

C.- MODIFICACIONES DAS ACTIVIDADES

- 1) Quen exerza a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.
- 2) Quen exerza a titularidade das actividades debe comunicar ao órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento.
- 3) Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, en cumprimento dos requisitos do artigo 24 da lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

D.- COMPETENCIAS

- 1) As actividades quedan suxeitas ás potestades administrativas da Xunta de Galicia así como ás do concello no ámbito das súas competencias.

O concello pode adoptar, en calquera caso, medidas cautelares cando se dean motivos de urxencia ou gravidade

- 2) A competencia administrativa en materia de control das actividades esténdese ás facultades de comprobación, inspección, sanción e demais medidas de control para garantir que o exercicio da actividade ou a execución da obra ou instalación se adecuan á normativa vixente e, sen prexuízo do disposto na normativa urbanística, comprenderá as seguintes potestades :
 - A comprobación e inspección de instalacións, establecementos e actividades.
 - A incoación, tramitación e resolución dos procedementos de modificación, caducida de ou declaración de ineficacia da comunicación previa.

- A incoación, tramitación e resolución de procedementos sancionadores, de responsabilidade patrimonial e de restablecemento da legalidade e mais a execución, se é o caso, das resolucións ditadas nestes.
 - A adopción das medidas de carácter preventivo con carácter previo á incoación ou con ocasión da tramitación de calquera dos procedementos sinalados nas alíneas anteriores.
- 3) Para o restablecemento da legalidade en materia de actividades seguirase o procedemento para a protección da legalidade establecido na normativa urbanística.
- 4) O procedemento sancionador será o previsto con carácter xeral para o exercicio da potestade sancionadora e axustarase ao previsto na lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

E.- ACTUACIONES DE COMPROBACION

- 1) Sen prexuízo das facultades de control establecidas no Apartado D) anterior, os/as interesados/as poden solicitar a realización dunha inspección de comprobación do local ou do establecemento, que terá por obxecto a adecuación deste á normativa aplicable e o cumprimento das condicións legais e técnicas da actividade.
- 2) Realizada a solicitude prevista no parágrafo anterior, no prazo que se sinalen nas ordenanzas locais e, no seu defecto, no prazo máximo de tres meses desde a solicitude do particular, o concello remitirá a quen o solicitase o resultado da actuación inspectora. Sinalarase expresamente se se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento ou, en caso contrario, sinalaranse os incumprimentos ou as deficiencias detectados e concederase un prazo de emenda. O transcurso do prazo sen que se corrixa as deficiencias dará lugar, logo de audiencia da persoa interesada, á adopción das medidas previstas no artigo anterior.

F.- ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

- 1) As actividades e as obras necesarias para o seu exercicio que promovan órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público estarán suxeitas a control municipal por medio da

obtención de licenza municipal ou, de ser o caso, comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable e nos termos establecidos regulamentariamente.

- 2) As actividades municipais e as obras necesarias para o seu exercicio entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do órgano competente do concello, logo de acreditación no expediente do cumprimento da normativa.

Art. 23. SOLICITUDE DE ALIÑACIÓN

Cando se trata de obra de nova planta, ou reconstrución previo derrube de obra vella, será condición recomendable a solicitude previa de aliñación e rasantes, que, por outra parte, pode presentar calquera propietario de solar ou terreo dentro do Termo Municipal, aínda cando non sexa inmediatamente seguida da solicitude de licenza de obra nova.

A concesión de aliñación non implica a licenza de construción.

A aliñación darase sobre o plano do solar e zona inmediata a escala 1/500 referindo os seus puntos característicos a outros fixos do terreo, de maneira que quede claramente determinada e materializándose sobre aquel mediante cravos ou estacas.

Art. 24. SUBLIÑAMENTO DE ALIÑACIÓN.

Ao acto de subliñamento de aliñación concorrerá a Delegación da Alcaldía, o técnico/a municipal e o/a propietario/a do solar, por si ou representado polo seu técnico/a.

O solar estará libre e desembarazado de obstáculos para facilitar o replanteo da liña.

Asinará o/a propietario/a, ou o/a técnico/a que o/a represente, o exemplar do plano de aliñación e a acta de sinal de conformidade, e o/a propietario/a recibirá a copia autorizada destes documentos.

Constará na acta de aliñación:

- 1º) A liña de edificación.
- 2º) A profundidade edificable do solar.
- 3º) A norma que lle afecte no que respecta á altura máxima e aos usos autorizados.

Art. 25. REQUISITOS DE URBANIZACIÓN.

- 1) Para outorgar licenza de edificación en solo urbano é preciso que a parcela conte cos seguintes elementos de urbanización; acceso rodado, encintado de beirarrúas, rede de subministro de enerxía eléctrica e de abastecemento de auga, iluminación pública e rede de saneamento.
- 2) Poderase outorgar licenza condicionada ao remate das obras de urbanización cando se asegure a execución simultánea da mesma nos termos definidos nos artigos 39.1, 40 e 41 do Regulamento de Xestión Urbanística. A fianza de garantía será como mínimo do 6% do valor das obras de urbanización necesarias; a tal fin, no procedemento de outorgamento de licenza, os técnicos municipais informarán sobre estes extremos, carecendo de eficacia a licenza mentres non se constitúa a garantía.

Art. 26. LICENZAS EN SOLO URBANIZABLE.

No solo urbanizable non poderán outorgarse licenzas de edificación ata que non se teña realizado a urbanización en execución do correspondente plan parcial ou plan de sectorización cando se trate de solo urbanizable non delimitado e sexa firme en vía administrativa o acordo aprobatorio de reparcelamento ou compensación do polígono correspondente, sen prexuízo do establecido no art. 42.2 do Regulamento de Xestión.

Nestas áreas en tanto non sexa aplicable o plan parcial ou plan de sectorización non poderán autorizarse outras obras que ás que se vaian executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, só para o solo urbanizable delimitado, nas condicións establecidas no artigo 102 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á que se refire o art. 21.3 da Lei.

Art. 27. OBRAS SEN LICENZA EN CURSO DE EXECUCIÓN.

- 1) Cando se estivesen executando obras sen licenza ou orde de execución ou sen axustarse ás condicións subliñadas nelas, o alcalde disporá a suspensión inmediata de ditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándoo ao interesado.

- 2) Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade. Para estes efectos o alcalde poderá :
- a.- Ordenar a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra ou actividade suspendida e a maquinaria relacionada con ela.
 - b.- Ordenar o precintado das obras, instalacións e elementos auxiliares das actividades obxecto de suspensión.
 - c.- Ordenar a suspensión de subministros de auga, electricidade, gas e telecomunicacións das actividades e obras das que se ordenase a paralización.
 - d.- Proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 600 a 6.000 euros, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.
 - e.- Adoptar calquera outra medida que sexa conveniente en favor da efectividade da suspensión.
- 3) Instruído o expediente de reposición da legalidade e despois da audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos :
- a.- Se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase o seu derrube a costa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que dese lugar ou, se é o caso, á reconstrución do indebidamente demolido.
 - b.- Se as obras fosen legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.
 - c.- Se as obras non se axustan ás condicións subliñadas na licenza ou orden de execución, ordenaráselle ao interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que teñen que realizarse

faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

- 4) O procedemento ao que se refire o apartado anterior deberá resolverse no prazo de un ano contado dende a data do acordo de iniciación.
- 5) Se transcorrido o prazo de tres meses dende o requirimento ao interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustase as obras ás condicións subliñadas na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a costa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos aos que dese lugar. Procederá de igual modo no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.
- 6) No caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, na cantidade de 1.000 a 10.000 euros cada unha.
- 7) O disposto nos apartados anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que están sometidos determinados actos de edificación e usos do solo.

Art. 28. OBRAS REMATADAS SEN LICENZA.

- 1) De estaren rematadas as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde ou a alcaldesa, dentro do prazo de seis anos, contados desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nas alíneas 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 209 da Lei. Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.
- 2) Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103 da Lei.

Art. 29. OUTROS ACTOS SEN LICENZA.

- 1) Cando algún acto distinto dos regulados no artigo anterior e precisado de licenza, se levase a cabo sen esta ou en contra das súas determinacións, o alcalde dispoñerá á paralización inmediata de dito acto e incoará expediente de reposición da legalidade.
- 2) Instruído o expediente de reposición da legalidade, e despois da audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos :
 - a.- Se a actividade se realizase sen licenza ou sen axustarse ás súas determinacións, requirirase ao interesado para que solicite a oportuna licenza ou axuste a actividade á xa concedida.
 - b.- Se a actividade non fose legalizable por ser incompatible co ordenamento urbanístico, procederáse a impedir definitivamente a actividade e a ordenar a reposición dos bens afectados ao estado anterior ao incumprimento daquela.
- 3) Se transcorrido o prazo de tres meses dende o requirimento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustase a actividade ás condicións subliñadas nela, o alcalde adoptará o acordo previsto no apartado b) do anterior punto. Procederáse de igual xeito no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.
- 4) Para a execución forzosa das medidas adoptadas polo alcalde será de aplicación o disposto no art. 209.6 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Art. 30. CONDICIÓN DAS OBRAS EN RELACIÓN COAS VÍAS PÚBLICAS.

- 1) Todo/a propietario/a que execute unha obra, de calquera natureza, será responsable ante o Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.
- 2) Se as obras que se executan afectasen a servizos de carácter xeral ou público, os propietarios comunicaranos por escrito ás empresas correspondentes ou entidades administrativas, con oito días de antelación ao comezo das mesmas, en cuxo prazo

ditas empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas para evitar danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables dende a finalización do prazo anteriormente mencionado.

- 3) Os entullos e acopios de materiais, non poderán amontoarse na vía pública, nin apoiados nos valados ou muros de peche.
- 4) As fachadas dos edificios públicos e privados así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, aínda que non sexan visibles dende a vía pública, deberán conservarse nas debidas condicións de hixiene e ornato.
- 5) Obrigarase aos propietarios de calquera clase de edificación a conservar todas as partes da construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.
- 6) Todos os cidadáns teñen o dereito de denunciar ante as autoridades municipais os edificios que carezan de falta de hixiene e ornato, os que producen ruído ou aqueles que puidesen ocasionar, por mal estado dos seus elementos compoñentes (remates, chemineas, cornixas, etc.) algún dano.
- 7) Todas as estadas auxiliares da construción, deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das precaucións necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, na que se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.
- 8) En toda clase de construción, así como no uso de maquinaria da mesma, gardaranse as precaucións de seguridade no traballo esixidas polas leis estatais e vixentes en cada momento sobre a materia.
- 9) En relación coa instalación de aparellos elevadores (guindastres torre para obras ou outras aplicacións), a documentación esixida será :

A) PARA A INSTALACIÓN E MONTAXE:

Proxecto asinado por facultativo competente co seguinte contido (Art.5 do R.D. 836/2003), con as modificacións e requerimentos esixidos polo Real Decreto 560/2010 de 7 de maio :

- A.1.- Contido xeral: O sinalado no artigo 5 e Anexo II do R.D. 836/2003 (ubicación da obra, plano de emprazamento, identificación do guindastre, diagrama de cargas e alcances, características do contrapeso, etc.).

- A.2.- Contido especial:
 - a.- Certificación expresa do autor do proxecto de que este está de acordo co expresado en canto a condicións de instalación na norma UNE 58-101-92, parte II "Aparellos pesados de elevación. Condicións de resistencia e seguridade nas guindastres-torre desmontables para obras. Condicións de instalación e utilización" (art.5.1 do R.D. 836/2003).
 - b.- Certificación expedida pola empresa conservadora debidamente rexistrada e autorizada da revisión favorable antes da nova posta en servizo non relativo á estrutura, elementos de seguridade e á súa protección contra a corrosión (art. 8 do R.D. 836/2003).
 - c.- Documentación acreditativa da última revisión periódica oficial do guindastre.
 - d.- Seguro de responsabilidade civil "ad hoc" do instalador/a e/ou conservador e último recibo, en contía mínima de 600.000,00 euros ou revisada conforme aos IPC (Artigos 6, 9 e 10 do R.D. 836/2003)
 - e.- Identificación da persoa operadora ou encargada da utilización de guindastre (con carné de manipulador de guindastre autorizado), responsabilizándose expresamente do cumprimento e reunión das condicións fixadas na norma UNE 58-101-92, parte II, e someténdose ás obrigas sinaladas nesta. (art. 2.22 e 7 do R.D. 836/2003).
 - f.- Certificación da empresa instaladora autorizada acreditativa de que a instalación, montaxe e desmontaxe se efectuará baixo a súa exclusiva responsabilidade de acordo coa norma UNE 58-101-92, parte II, baixo a dependencia facultativa do técnico titulado competente da dita empresa (artigos 2.20 e 5.3 do R.D. 836/2003).
 - g.- Resgardo acreditativo da presentación perante a Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria da documentación esixida polo artigo 29 do Decreto 204/94, e o artigo 5.1 do R.D. 836/2003.
 - h.- Certificación/s expedida/s pola Delegación

Provincial da Consellería de Economía e Industria da inscrición de rexistro (aseverando a súa vixencia) da/s empresa/s que se sinala/n como instaladora e/ou conservadora (artigos 6, 9 e 10 do R.D. 836/2003).

- i.- Declaración expresa do usuario pola que asume a responsabilidade do manexo e custodia do guindastre, así como de que se realizará o axeitado mantemento, acompañando seguro de responsabilidade civil e último recibo (art. 2.19 do R.D. 836/2003)
- j.- Encargo de dirección facultativa aceptada da instalación, montaxe e desmontaxe, asinado por técnico competente.
- k.- Contrato de mantemento entre o usuario e a empresa conservadora autorizada mentres o guindastre permaneza instalado (artigo 8 do R.D. 836/2003).

B) PARA A POSTA EN SERVIZO:

- B1) Certificación asinada polo facultativo – director competente da empresa instaladora e visada polo colexio profesional correspondente, acreditativa da correcta montaxe, previamente á posta en servizo do guindastre, no modelo recollido non Anexo V do R.D. 836/2003 (art.5.5.c) do R.D. 836/2003).
- B2) Documento asinado polo instalador e o usuario no que se concrete que se cumpren as condicións de instalación da Norma UNE 58-101-92, parte II; que se fixo entrega do guindastre ao usuario despois de comprobar na presenza deste e do manipulador do guindastre o correcto funcionamento dos dispositivos de seguridade; e, que se entregou o manual de instrucións de utilización.
- B3) Informe de inspección do guindastre emitido por un organismo de control autorizado non que se acredite o seu correcto estado e a idoneidade da documentación segundo os criterios indicados non Anexo III do R.D. 836/2003 (artigo 5.5.b) do R.D. 836/2003).
- B4) Contrato de mantemento.

- B5) Declaración “CE” de conformidade e ou, no seu caso, certificación do cumprimento das Disposicións Adicionais Primeira ou Segunda do R.D. 836/2003.
- B6) No seu caso, certificación dos elementos mecánicos ou estruturais incorporados ao guindastre.
- B7) Resgardo acreditativo da presentación perante a Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria da documentación esixida polo artigo 5.5 do R.D. 836/2003.

Art. 31. DERRUBAMENTOS.

- 1) Cando un propietario desexe proceder ao derrube dun edificio e elo sexa posible de acordo coas limitacións establecidas no art. 26 da Lei 9/2002 e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, e a Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberá solicitar a oportuna licenza municipal, para o que se acompañará dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Exceptúanse desta necesidade a execución de obras ou instalacións menores, todo elo de acordo co disposto no artigo 195 da Lei 9/2002 e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. O Concello poderá fixar hora e prazo en que teñan que verificarse os derrubamentos, para evitar danos e molestias á circulación, sendo obrigatorio, en todo caso a colocación dun valado en toda a fronte que teña que derruírse.
- 2) Queda prohibido a utilización de explosivos, agás casos moi especiais, que necesitarán autorización expresa.
- 3) Cando por derrubamento ou obras nunha edificación sexa necesario apear a contigua, solicitarase licenza polo/a propietario/a da que se pretende derrubar, expresando nun proxecto técnico, asinado por facultativo legalmente autorizado e con nomeamento do responsable da execución da demolición, a clase de apeos que se vaian executar, acompañando os planos necesarios. En caso de negativa de dito/a propietario/a a realizar as obras de apeo, poderanse levar a cabo directamente polo dono da

casa que se vaia derruír ou aquela onde teñan que executarse as obras, o cal deberá solicitar a oportuna licenza, co compromiso formal de sufragar, se procedese, a totalidade dos gastos que ocasione o apeo, sen prexuízo de que poida repartir os gastos ocasionados, con arranxo a dereito. Cando as obras afecten a unha medianeira, estarase ao establecido, sobre estas servidumes, no Código Civil.

- 4) En todo caso, cando se vaia comezar un derrubamento ou baleirado importante, o/a propietario/a terá a obriga de comunicalo, de xeito explícito, aos colindantes dos terreos por se tivese que adoptarse algunha precaución especial.
- 5) En caso de urxencia, polo perigo inmediato, poderán dispoñerse no acto, pola dirección facultativa da propiedade, os apeos ou obras convenientes, aínda que consistan en tornapuntas exteriores dando conta inmediata ao Concello das medidas para a seguridade pública, sen prexuízo de solicitar a licenza no prazo de corenta e oito horas seguintes e aboar os dereitos que proceda. Igualmente, en ditas circunstancias, o técnico municipal, ou a quen corresponda, esixirá que se realicen os apeos ou obras que estime necesarios para garantir a seguridade pública.

Art. 32. VALADO.

- 1) En toda obra de nova planta ou derrubamento e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, terá que colocarse un valado de protección de dous metros de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situación á distancia máxima de dous metros da aliñación oficial. Deberá quedar remitida do borde, cando menos 0,90 metros, para permitir o paso de peóns, debendo estar iluminados, nos términos que se sinalan na Base 1.4.3. do Código de Accesibilidade de Galicia.
- 2) Cando por circunstancias especiais non sexa aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal fixará as características dos valados podendo ordenar a súa desaparición total no momento en que rematen os traballos indispensables en planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores.
- 3) Cando as obras ou instalacións poidan supor, en si mesmas ou na súa montaxe, un perigo para os peóns, esixirá, durante as horas de traballo, a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta do perigo. Cando as

características de tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

- 4) Nas zonas en que sexa obrigatorio o recúe, o valado colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído a liña de peche definitivo.
- 5) A instalación de valados enténdese sempre con carácter provisional, en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcorra un mes sen dar comezo as obras, ou estean interrompidas por igual período, deberán suprimirse os valados e deixar libre a beirarrúa ao tránsito público, salvo solicitude xustificada e autorización expresa do Concello.

Art. 33. DECLARACIÓN DE RUÍNA.

- 1) Cando algunha construción ou parte dela estivese en estado ruinoso, o Concello, de oficio ou por instancia de calquera interesado, deberá declárala en situación de ruína e acordará a total ou parcial demolición, despois da tramitación do oportuno expediente, con audiencia do propietario e dos moradores, agás inminente perigo que o impidise.
- 2) Declararase o estado ruinoso nos seguintes supostos:
 - a) Cando o custo das obras necesarias exceda da metade do custo de reposición da edificación ou de nova construción con características similares, excluído o valor do solo.
 - b) Cando o edificio presente un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais.
 - c) Cando se requira a realización de obras que non puidesen ser autorizadas por atoparse o edificio en situación de fóra de ordenación.
- 3) No caso de incumprimento da orde de derrube, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela a costa do interesado, ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300 a 6.000 euros, reiterables ata lograr a execución das obras ordenadas.

- 4) De existir urxencia e perigo na demora, o alcalde, baixo a súa responsabilidade, por motivos de seguridade disporá o necesario respecto á habitabilidade do inmovible e desaloxo dos ocupantes.
- 5) Nos bens declarados de interese cultural e nos núcleos históricos así coma nos bens inventariados, estarase ao disposto na lexislación do patrimonio histórico aplicable. Neste senso o artigo 54 da Lei 8/1.995 do Patrimonio Cultural de Galicia, establece que calquer intervención que afecta a un ben inventariado sexa calsexa o seu grado de protección, deberá ser autorizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, excepto que se den as condicións sinaladas no apartado anterior.

Cando por calquera circunstancia resulte destruída unha construción ou edificio catalogado, o terreo subxacente permanecerá suxeito o réxime propio da catalogación. O aproveitamento subxectivo do seu propietario non excederá do preciso para a fiel restitución, que poderá ser ordenada nos termos que regulamentariamente se determinen.

TITULO II. NORMAS DE ORDENACIÓN.

CAP. 1º. CLASES E RÉXIME XURÍDICO DO SOLO.

Art. 34. RÉXIME URBANÍSTICO DA PROPIEDAD DO SOLO.

O réxime urbanístico do solo do Termo Municipal regúlase de conformidade cos Capítulos I, II e III do Título I da Lei 9/2002, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a través de :

- 1) A clasificación do solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente e dos dereitos e os deberes dos propietarios.
- 2) A determinación e definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio.

- 3) A identificación e tipificación dos núcleos de poboación.
- 4) A división do solo en zonas segundo a súa clasificación urbanística.

Art. 35. CLASIFICACIÓN DO SOLO PARA O ESTABLECEMENTO DO SEU RÉXIME XURÍDICO.

O territorio do Termo Municipal de Cerdedo clasifícase nos seguintes tipos de solo: **solo urbano, solo de núcleo rural, solo urbanizable e solo rústico** a teor do disposto nos artigos 10, 11, 12, 13, 14 e 15 da Lei 9/2002, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de acordo á delimitación establecida nos planos de ordenación.

Máis concretamente as delimitacións do solo urbano practícanse de acordo, en cada caso, cos criterios de :

- Dotación de servizos urbanos segundo os Art. 11.1.a) e 11.2 da Lei 9/2002 e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e definidos en planos de información.
- Consolidación por áreas edificadas en cando menos dúas terceiras partes dos espazos aptos para a edificación, segundo os art. 11.1.b) e art. 11.2 da Lei 9/2002 e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Urbanización por desenvolvemento e consecución dos polígonos de execución urbanística, é dicir, áreas que en cumprimento das previsións do Plan e unha vez desenvolvidos ditos polígonos, disporán dos necesarios elementos de urbanización, previa ou simultaneamente ao inicio do proceso de edificación coas medidas de garantía que marca a lei.

TITULO III.- NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS.

CAP. 1º.- NORMAS XERAIS DE EDIFICACIÓN.

Art. 36. DEFINICIONES.

A efectos deste Plan, tantas veces se empreguen os termos que a continuación se indican, terán o significado que taxativamente se expresan nos apartados seguintes:

SOLAR.

Terán a condición de solar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, en todo caso, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministro de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Ademais do anterior deberán estar urbanizados de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas polo presente Plan.

Os terreos incluídos no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable só poderán ter a condición de solar despois de executadas, conforme ao planeamento urbanístico, as obras de urbanización esixibles para a conexión cos sistemas xerais existentes e, se é o caso, para a ampliación ou reforzo destes.

ALIÑACIÓN ACTUAL.

Son os lindeiros das parcelas cos espazos libres públicos existentes.

ALIÑACIÓNS OFICIAIS.

Son as liñas que se fixan como tais, neste documento, podendo ser :

- Aliñación exterior.
- Aliñación interior.

ALIÑACIÓNS EXTERIORES.

Son as liñas que fixa o presente Plan como linde das parcelas edificables, separándoas dos espazos libres públicos, (vías, rúas e prazas), ou dos espazos de uso público.

ALIÑACIÓNS INTERIORES.

Son as liñas que fixa o presente Plan no interior das parcelas para deslindar as partes das mesmas que son edificables para usos

principais e as que son edificables para usos complementarios ou non son edificables en absoluto.

Cando non se fixan expresamente en plano, as aliñacións interiores, é que coinciden coa liña que fixa o perímetro urbano ou co fondo máximo edificable, segundo os casos.

LINDEIROS DE PARCELA



Son as liñas perimetrais que delimitan unha parcela, o lindeiro frontal delimita a parcela con rúa ou espazo libre público ao que dá fronte. Os lindeiros laterais son os restantes, chamándose lindeiro posterior ou oposto ao frontal.

REGULARIZACIÓN DE SOLARES


Para poder construír nun solar, a liña de separación do contiguo formará co eixo da rúa un ángulo de máis de 80º polo menos en toda a lonxitude do fondo máximo edificable (correspondente ás plantas altas da edificación).

Esta condición non será de aplicación no lindeiro daqueles solares que colinden cunha parcela xa edificada.

PARCELAS NO EDIFICABLES



PARCELAS EDIFICABLES



No caso de segregación de terreos co fin da regularización de solares, non se requirirá a dimensión de parcela mínima (a efectos de superficie, fronte mínima,...) sempre e cando as parcelas resultantes cumpran eses mínimos.

LIÑA DE EDIFICACIÓN


É a liña da edificación que non se pode superar con ningún elemento construtivo, agás con voos cando estes estean permitidos.

PARCELA EDIFICABLE.

É parte do solar comprendida entre a aliñación exterior e a aliñación interior, e que ten as condicións mínimas esixidas (superficie, fondo, fronte,...). Nas zonas onde se permite a prolongación da planta baixa ou a edificación de planta baixa ao interior da parcela que acolle a edificación principal, considérase, a efectos de definición, tamén como edificable esta parte da parcela, aínda que coas restricións subliñadas nestas normas.

RECÚES.

É o ancho da franxa de terreo comprendido entre a aliñación oficial exterior e a liña exterior da edificación, cando ambas as dúas non cadran. Así mesmo existirán recúes laterais ou recúes posteriores, se se refiren aos lindes laterais ou á aliñación interior.



Os recúes poderán non ser paralelos á aliñación exterior.

SUPERFICIE DE PARCELA.

Enténdese por superficie de parcela a dimensión da proxección horizontal da área comprendida dentro dos lindes da mesma.


RASANTES.

Son os perfís lonxitudinais das vías (referenciadas ao nivel da beirarrúa rematada), prazas ou rúas definidas nos documentos do presente Plan, e en todo caso, as actuais existentes no terreo.

ALTURA DE EDIFICACIÓN.


Para os solares situados dentro do solo urbano delimitado, é a distancia H existente entre a rasante da vía e a liña de cornixa (enténdese por liña de cornixa a parte inferior do forxado do teito da planta máis alta a partires da que comeza a cuberta).

Para o resto de solos é a distancia H existente entre a rasante da vía ou terreo en contacto coa edificación e a liña de cornixa (enténdese así mesmo, por liña de cornixa a parte inferior do forxado do teito da planta máis alta a partires da que comeza a cuberta), medido verticalmente no punto medio de cada unha das súas fachadas.



As cornixas das edificacións deben ser continuas en cada unha das súas fachadas. Só se permiten crebas nas mesmas naquelas edificacións que por normativa deban ser graduado.

Para edificacións con fachada a dúas rúas situadas a igual ou diferente cota, a aplicación de fondos edificables en altura de cornixa rexerose polos seguintes gráficos:



As alturas máximas (sobre rasantes ou permitidas) son aquelas que non poden superarse coa edificación e virán expresadas en metros ou en número de plantas. Se houberse contradicións, prevalecerá a expresión en metros.

ALTURA DE PLANTA BAIXA.

É a distancia vertical existente entre a rasante da beirarrúa, a do terreo en contacto coa edificación e a cara superior do primeiro forxado.

ALTURA DE PISOS.

É a distancia vertical existente entre as caras superiores de dous forxados.

ALTURA LIBRE DE PISOS.

É a distancia vertical existente entre o pavimento e o teito da mesma planta.

ALTURA DE CUBERTA.

É a distancia vertical existente entre a cara superior do último forxado e o punto máis alto da cuberta.

VOLUME CAPAZ.

É o volume dentro do que debe inscribirse a edificación que sobresaia do terreo.

POSICIÓN DA EDIFICACIÓN RESPECTO Á ALIÑACIÓN.

Respecto das aliñacións a edificación poderá estar nalgunha destas situacións:

- En liña : cando a liña de edificación ou a liña de pechamento son coincidentes coa aliñación.
- Fóra de liña : cando a liña de edificación ou a liña de peche é exterior á aliñación.
- Remetida ou recuada : cando a liña de edificación ou a liña de peche é interior á aliñación.

Excepto os voos ou saíntes de fachada que expresamente se autorizan nestas Normas, ningunha parte ou elemento da edificación, tanto sobre o terreo como soterrada, poderán quedar fóra de liña respecto á aliñación exterior.

SUPERFICIE OCUPADA

É a superficie comprendida dentro dos lindes definidos pola proxección vertical das liñas externas de toda a construción sobre un plano horizontal, incluso a soterrada, voos e escaleiras exteriores.

A ocupación será necesariamente igual ou inferior aos valores da superficie ocupable e da superficie edificable fixados nestas normas, ou polo planeamento que desenvolve este Plan Xeral.

COEFICIENTE DE OCUPACIÓN

Enténdese por coeficiente de ocupación a relación entre a superficie ocupable e a superficie da parcela edificable.

O seu subliñamento farase ben como cociente relativo entre a superficie ocupable e a total da parcela edificable, ben como porcentaxe da superficie da parcela edificable que pode ser ocupada.

O coeficiente de ocupación establécese como ocupación máxima.

ESTRADAS.

Segundo a “Lei 25/1.988 de 29 de xullo, de estradas”, no seu artigo 2º (e demais normativa actualizada), considéranse estradas as vías de dominio e uso público proxectadas e construídas fundamentalmente para a circulación de vehículos automóbiles; ben sexa de propiedade estatal, autonómica ou provincial. Non se inclúen nesta definición, as vías que compoñen a rede interior de comunicación do municipio.

No presente Plan, todas as estradas son concibidas como elementos do sistema xeral de comunicacións, figurando explícitas nos planos correspondentes.

VÍAS MUNICIPAIS.

Son aquelas que compoñen a rede interior de comunicacións municipais, podendo estar asfaltadas ou non, figurando grafadas en planos.

RESTO DAS VÍAS.

Son aquelas vías públicas que non son estradas do sistema xeral de comunicacións, nin vías interparroquiais. A este grupo pertencen tanto as vías interiores dos diferentes núcleos, (rúas), como os camiños que non teñen o carácter indicado para as outras dúas clases.

ARESTA EXTERIOR DA CALZADA DUNHA ESTRADA.

É o borde da parte da estrada destinada á circulación de vehículos en xeral.

EIXO DAS ESTRADAS E DAS VÍAS MUNICIPAIS.

É a liña lonxitudinal equidistante das dúas arestas exteriores que forman as vías.

DISTANCIA Á ARISTA EXTERIOR OU ao EIXO DA VÍA.

As aliñacións e os recúes mediranse, ben fixando a distancia á aresta exterior da calzada, no caso dalgunhas estradas, ben fixando a distancia ao eixo, no caso doutras estradas e de todas as vías municipais (interparroquiais ou non).

SUPERFICIE EDIFICADA.

É a comprendida entre os lindes exteriores da construción, incluídos os voos, miradores e balcóns.

SUPERFICIE TOTAL EDIFICADA.

É a resultante da suma das superficies edificadas de todas as plantas, computando tamén a superficie dos corpos saíntes que estean pechados (con liña de peche de vidro ou fábrica).

SUPERFICIE ÚTIL

Enténdese por superficie útil dun local a comprendida no interior dos seus paramentos verticais, que é de directa utilización para o uso ao que se destine. A superficie útil dunha planta ou dun edificio é a suma das superficies útiles dos locais que o integran.

Exclúese deste cómputo de superficie útil de locais as pezas abertas e descubertas.

DELIMITACIÓN EXTERIOR DE EDIFICACIÓN.

É a delimitada polas aliñacións a viais, fondo edificable e retranqueos laterais definidos pola ordenación de aplicación.

FACHADA.

Cada un dos liña de peches exteriores exentos dun edificio. Poden ter ocos ou ser cegas.

MEDIANEIRAS.

É o paramento cego que pecha e delimita verticalmente a edificación, e que segundo a normativa pode quedar cuberto por adosamento da parede da edificación colindante.

No caso de edificios de uso exclusivo, que non acaden a altura máxima permitida, deberanse tratar as paredes medianeiras dos edificios colindantes, si estes existisen. No caso de non estar construídos no momento de concesión da licenza, corresponderá ós propietarios de ditos solares tratar a súa medianeira de forma coherente coa fachada principal do edificio a construír.

FONDO DA EDIFICACIÓN.

É a distancia existente entre o plano de fachada ou fachadas que dan fronte ás vías públicas e as súas opostas.

SOPORTAL OU PÓRTICO.

Paso aberto inmediato e paralelo, ou non, á rúa formado polo retranqueo sobre a aliñación exterior da planta baixa (unicamente) dos edificios, que serve para o paso público dos peóns.

CUBERTAS.

Son os elementos construtivos que pechan o volume edificado por riba da cara superior do último forxado.

CHAFLÁN.

Fachada que se produce nas esquinas dunha edificación ao ser cortada por un plano perpendicular á bisectriz do ángulo formado polas liñas de fachada de ambas rúas. Esta fachada tamén pode producirse en curva.

Poden chegar a darse casos especiais, en cuxo caso o concello poderá esixir ao solicitante un Estudio de Detalle previo á presentación do proxecto definitivo.

CORPOS SAÍNTES OU VOS.

Elementos e volumes que, sendo solidarios e pertencentes á edificación sobresaen da mesma por diante do plano que contén a aliñación.

ENTRANTES NA LIÑA DE FACHADA.

Elementos da edificación situados no interior do plano que contén cada fachada, e que quedan abertos total ou parcialmente ao exterior, podendo estar cubertos ou non.

PECHES OU “CERCADOS” DA PARCELA.

Son os elementos construtivos que serven para delimitar e pechar as propiedades.

MAZÁ.

Entenderase por mazá a porción de solo contido nunha agrupación de varias parcelas contiguas unhas ás outras, cando dito conxunto quede completamente delimitado polos viarios públicos.

PATIO.

É o espazo libre rodeado, teórica ou realmente de edificación.

PATIO DE MAZÁ.

É o espazo interior definido polas aliñacións oficiais interiores.

PATIO DE PARCELA.

É o espazo libre situado dentro da parcela edificable.

EDIFICABILIDADE.

É superficie máxima edificable ou de aproveitamento que sexa posible asignarlle. É un valor que se obtén por aplicación das condicións que fixan as Ordenanzas e Normas.

ÍNDICE DE EDIFICABILIDADE.

Relación da superficie cuberta construída que autoriza a normativa por cada metro cadrado de superficie da parcela edificable que teña asignado un aproveitamento.

VOLUME MÁXIMO EDIFICABLE.

É aquel que é posible construír en cada caso, resultado de aplicar a cada terreo ou solar a altura máxima permitida á cornixa, á pendente máxima de cuberta e á altura máxima de cume.

PLANTA DE VOLUME EDIFICADO.

É a proxección vertical do mesmo sobre o terreo no que se asenta.

EDIFICACIÓN PRINCIPAL.

Son aquelas cuxo uso continuado e habitual correspóndese cos usos principais autorizados, na ordenanza correspondente.

EDIFICACIÓN COMPLEMENTARIAS.

Son os corpos edificados exteriores ao volume edificado de uso principal construídos para albergar usos complementarios: bodegas, hórreos, alpendres, galiñeiros, cortes, aparcamentos, etc.

PEZAS HABITABLES.

Enténdese como pezas habitables aquelas que se dedican á permanencia continua das persoas e polo tanto as que non sexan vestíbulos, corredores, aseos, despensas, roupeiros, trasteiros, depósitos e aparcamentos.

PARCELAS.

É a porción de terreo pertencente a unha sola propiedade, que aparece delimitada e rexistrada como tal, nalgún dos Catastros oficiais de Urbana ou de Rústica.

PARCELA CUALIFICADA.

É a parcela ou parte dela que queda incluída dentro da delimitación dalgunha das zonas de ordenanza.

A súa medición realizarase sobre a proxección vertical nun plano horizontal de referencia, do solo incluído dentro dos lindes da mesma.

PARCELA EDIFICABLE.

É a parcela cualificada que ten as dimensións esixidas na ordenanza de aplicación.

É por tanto a parte do terreo delimitada entre as aliñacións. Nas zonas onde se permite a prolongación da planta baixa ou a edificación de planta baixa no interior da parcela, que acolle a edificación principal, tamén se considera como edificable esta parte da parcela, coas restricións subliñadas neste Plan.

FRONTE DE PARCELA.

É aquel que forma o lado ou lados da parcela cualificada e que son coincidentes coa aliñación exterior.

FRONTE MÍNIMO DE PARCELA.

É o mínimo esixido polas Ordenanzas e Normas para que se poida levar a cabo a edificación na parcela.

FONDO DE PARCELA.

É a distancia existente entre as aliñacións exterior e interior, medida perpendicularmente á aliñación exterior no punto medio do fronte de parcela.

Poderase determinar a súa dimensión na Ordenanza correspondente.

PARCELA MÍNIMA.

É a superficie mínima de terreo que as Ordenanzas esixen para autorizar a edificación.

PLANTAS DE EDIFICACIÓN.

Parte da edificación situada a partir dun metro sobre a rasante da beirarrúa, ou da rasante do terreo en contacto coa edificación.

O número de plantas gráfase en planos ou obtense por aplicación da Ordenanza correspondente.

SOTO.

Enténdese por soto a totalidade ou parte da planta, cuxo teito, en tódolos seus puntos atópase por debaixo da rasante da beirarrúa ou terreo en contacto coa edificación.

Os sotos non serán habitables, podéndose utilizar como almacéns, aparcamentos ou cartos de instalacións ao servizo dos veciños das plantas superiores. A altura libre, excluídos elementos estruturais e condutos de instalacións, non será inferior a 2,50 m. Deberán ter a ventilación suficiente.

Computaranse todas as superficies edificables de carácter lucrativo, calquera que sexa o uso ao que se destinen, coa única excepción das superficies construídas con destino a trasteiros de superficie inferior a 10 m². vinculados ás vivendas do edificio, a aparcamentos ou a instalacións de servizo como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

SEMISOTO.

É a planta da edificación que ten parte da súa altura por debaixo da rasante da beirarrúa ou do terreo en contacto coa edificación e o piso da planta superior está como máximo a 1 m. por riba da rasante da beirarrúa ou do terreo.

Os semisotos poderán ser dedicados ós usos que se establezan. Prohíbese o uso de vivenda en semisotos. A altura libre non será inferior a 2,50 m.

Os semisotos poderán dispoñer de iluminación e ventilación a través de ocos situados na parte de fachada orixinada entre a rasante da beirarrúa e a cara inferior do forxado do solo da planta baixa. Estes ocos en ningún caso permitirán a visión dende a rúa cara o interior do semisoto.

Computaranse todas as superficies edificables de carácter lucrativo, calquera que sexa o uso ao que se destinen, coa única excepción das

superficies construídas con destino a trasteiros de superficie inferior a 10 m². vinculados ás vivendas do edificio, a aparcamentos ou a instalacións de servizo como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas.

PLANTA BAIXA.

É a planta inferior do edificio cuxo piso está como máximo a 1 m. por riba da rasante da beirarrúa ou terreo en contacto coa edificación e por riba das plantas de soto e semisoto (si existen).

A súa altura libre será, con carácter xeral de 3,20 m., medida entre forxados; si ben se exceptúan aqueles casos de rúas en pendente nos que se permitirá un escalonamento do forxado de solo de planta baixa, co fin de adaptarse (na medida do posible) á rasante da beirarrúa, e polo tanto esta altura poderase superar sempre e cando se conserve ao menos no 40% do fronte da edificación e dentro do fondo máximo edificable correspondente ás plantas altas.

O teito da planta baixa correspondente ao patio de maza poderá escalonarse o necesario co obxecto de que o pavimento da cuberta plana que terá que realizarse, se enrase co nivel do pavimento rematado do forxado de solo de planta primeira.

Tamén se permite o escalonamento do forxado do teito de planta baixa do patio de mazá co obxecto de posibilitar a construción de piscinas ou elementos similares.

Non se permitirá a construción de entreplantas nas plantas baixas, coa excepción de aquelas situadas enriba dos elementos comúns do edificio (acceso a garaxe) e o seu uso condicionarase ao local ao que estean fisicamente vencellados.

Poderán dedicarse tanto a vivendas como a outros usos compatibles con ela. A planta baixa computará a efectos de edificabilidade, en tódolos casos. A planta baixa pode dedicarse ós usos que se establezan.

O uso de vivenda en planta baixa estará condicionado a que o solo de esta planta, na parte que se dedique a este uso se sitúe como mínimo a 0,30 metros por riba da rasante da rúa á que de fronte, medidos en calqueraa punto; no caso de que baixo esta planta non houbera outra ou outras (semisoto ou soto) haberá de dispoñerse entre o forxado do solo de esta planta e o terreo unha separación mínima de 0,15 metros.

No caso de edificios de nova planta, os accesos ós locais situados nas plantas baixas dos edificios quedarán previstos en canto ao referido ao cumprimento da Lei 8/1.997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 35/2.000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada lei.

Idénticos requerimentos de accesibilidade serán esixibles aos edificios de uso público existentes, aos proxectos de reforma, rehabilitación ou restauración de edificios, servizos ou instalacións de titularidade privada e uso residencial e aos edificios, instalacións ou servizos de titularidade pública e uso residencia, tanto de nova construción coma de reforma, rehabilitación e restauración, en consonancia có establecido nos artigos 29, 40 e 41 do Decreto 35/2.000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

TRATAMENTO DE PLANTAS BAIXAS

Ata que os baixos comerciais non sexan ocupados, a súa fachada de peche temporal contará cun tratamento de acabado con materiais que non desvirtúen a estética da fachada; este liña de peche non terá ocos que permitan arroxar obxectos o interior. Isto mesmo será aplicable ós semisotos, na parte do seu paramento vertical que superen a rasante da beirarrúa.

Si o uso permitido para a planta baixa é o comercial, deberanse prever condutos de evacuación forzada cada 200 m².

SOPORTAIS

En caso de proxectarse soportais, o ancho mínimo será de 3 m., con rasante coincidente coa da beirarrúa á que da fronte e cunha altura mínima de 3 m., e máxima a correspondente á do forxado do teito da planta baixa.

PLANTAS ALTAS.

Son aquelas que están por riba da planta baixa e por debaixo da cornixa.

PLANTA DE BAIXO CUBERTA.

É a parte da edificación existente entre o forxado que serve de teito á última planta de piso e a cuberta.

TIPOLOXÍA EDIFICATORIA.

Modelo construtivo básico que sirve como contedor dos usos considerados polo presente Plan.

As edificacións a que dan lugar estes modelos baséanse nas tipoloxías tradicionais da zona, así como naquelas outras que xa teñen depurado as experiencias do uso de novas tecnoloxías e aporte de deseño modernos.

MODELOS PERMITIDOS PARA O USO RESIDENCIAL.

a) Multifamiliar (vivenda colectiva) entre medianeiras

Edificio dedicado ao uso residencial para varios núcleos familiares, construído de modo que un ou dous dos seus paramentos son colindantes con outra edificación.

b) Multifamiliar illado.

Edificio dedicado ao uso residencial para varios núcleos familiares, construídos estruturalmente de modo independente e sen elementos colindantes con ningunha outra edificación.

c) Unifamiliar illado.

Edificio dedicado ao uso residencial para uso de núcleo familiar, construído estruturalmente de modo independente e sen elementos colindantes con ningún outro edificio.

d) Unifamiliar adosada.

Edificio dedicado ao uso residencial para un só núcleo familiar, construído xunto a outro(s) de semellantes características co (cos) que pode ter elementos comúns ou colindantes.

USOS.

É o emprego continuado e habitual ao que se pode dedicar o solo.

USOS PRINCIPAIS.

Son aqueles que se autorizan en cada zona, no espazo da parcela edificable delimitada por aliñacións exteriores ou interiores, ou por aplicación da edificabilidade que lle corresponde.

USOS COMPLEMENTARIOS.

Son aqueles que se autorizan para cada zona de ordenanza no resto da parcela (nunha parte) non ocupada pola edificación principal.

USOS PERMITIDOS.

Son os que as Ordenanzas e Normas consideran como máis adecuados en cada zona.

USOS PROHIBIDOS.

Son aqueles que as Ordenanzas e Normas non consideran expresamente en cada zona.

USO EXCLUSIVO.

É aquel que ten o carácter de único na zona de que trate; en razón da incompatibilidade co resto dos usos.

CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

Na construción das edificacións erixidas conforme ás previsións contidas no presente documento e nos elementos comúns das mesmas, haberán de cumprirse as determinacións da Lei 8/1.997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 35/2.000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

Iguales previsións haberán de respectarse para aquelas rúas, espazos públicos, xardíns e demais elementos integrantes do sistema de bens de uso público de nova construción.

Art. 37. CONDICIÓN XERAIS DE VOLUME E HIXIÉNICAS.

1.- ALCANCE E CONTIDO.

Estas condicións establecen as limitacións a que teñen que suxeitarse tódalas dimensións de calquera edificación, así como a forma de medir e aplicar estas limitacións e as condicións de salubridade e hixiénicas. Estas determinacións estarán supeditadas ás particulares que en cada caso concreto especifique o Plan.

Con independencia do establecido nestas Ordenanzas, deberá acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos nas demais disposicións en vigor, emanadas da Administración Central e/ou Autonómica. Tódalas condicións xerais recollidas no presente documento, así coma calquer aspecto non contemplado, quedarán subordinadas ás condicións de habitabilidade recollidas no Decreto 29/2.010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

2.- ALIÑACIÓNS.

Son as definidas no presente Documento. Nas zonas en que os planos de ordenación ou os textos deste documento non determinen as aliñacións, conservaranse con carácter xeral as existentes podendo o Concello definir aliñacións diferentes ás actuais a través de algunha das figuras do planeamento previstas para este fin, neste caso estarase o disposto no artigo 106 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

3.- LIÑA DE EDIFICACIÓN.

A liña de edificación exterior coincide xeralmente coa aliñación salvo cando se diferencia explicitamente nos planos de ordenación ou nas Ordenanzas Reguladoras ou implicitamente ao permitir e regular retranqueos.

A liña de edificación interior en planta baixa e en planta piso regúlase nas Ordenanzas correspondentes.

4.- ESPAZOS LIBRES PRIVADOS EDIFICABLES.

No espazo libre dos patios de mazá e demais espazos libres privados só se permitirá a prolongación de plantas baixas dos edificios e a edificación en planta baixa ao interior da parcela que acolle a


edificación principal, nos casos e condicións que se subliñan neste Plan.

A construción das plantas baixas nos patios das mazás pechadas do solo urbano consolidado límitase ás mazás indicadas nos planos de ordenación, mediante o correspondente asterisco.

Nos casos en que a Normativa tolere a edificación no patio de mazá, sempre que non existan limitacións específicas, o plano do pavimento acabado da cuberta dos espazos en planta baixa do patio de mazá coincidirá coa cara superior do forxado do teito da planta baixa da edificación principal.

A cuberta será plana e transitable.

A distancia mínima L á que poderán abrirse luces será de 3 metros, salvo esixencia maior establecida polo Decreto 29/2.010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.



Nas mazás de solo urbano obrigarase á resolución das cubertas das edificacións dos patios de mazá con terrazas, mesmo se se trata da cuberta da correspondente planta semisoto ou soto. Nestes casos as particións entre terrazas de distintos usuarios deberán ter unha parte cega ata 1.20 m e completarse con liña de peche translúcido ata unha altura de 2.00 m.

O Concello poderá autorizar a construción de semisotos e sotos nestes espazos interiores privados, fundamentalmente para permitir a localización dos aparcamentos obrigatorios vencellados á edificación principal e/ou á edificación no patio de mazá, debéndose neste caso deseñar o proxecto de maneira que as saídas e entradas de vehículos, así como o resto do aparcamento queden totalmente cubertos e pechados co fin de evitar molestias de ruídos ao vecindario.

Nos futuros desenvolvementos do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable, non se permitirá a construción en planta baixa máis alá do fondo máximo edificable permitido para as plantas altas.

5.- ESPAZOS LIBRES.

Son as áreas dedicadas a parque público, zonas verdes e de aparcamento, cuxa extensión queda reflectida nos planos correspondentes.

6.- EQUIPAMENTOS PÚBLICOS.

Comprende as áreas dedicadas ós seguintes equipamentos :

- Escolar, sanitario, comercial, asistencial, deportivo, relixioso, etc.

As condicións de volume, ocupación, altura, situación da edificación, etc. deberán axustarse á lexislación de aplicación no caso concreto.

7.- ALTURA E PLANTAS DA EDIFICACIÓN.

O número das plantas queda reflectido nos planos correspondentes e na Ordenanza particular de cada zona.

A correlación entre o número de plantas e altura, é a seguinte:

NÚMERO DE PLANTAS	ALTURA MÁXIMA
Unha planta (l)	4,40 m.

Dúas plantas (II)	7,40 m.
Tres plantas (III)	10,40 m.

Nas edificacións no solo urbano, con independencia de que a tipoloxía sexa de carácter unifamiliar ou plurifamiliar, non será de carácter obrigatorio acadar a altura máxima permitida.

8.- CONSTRUCCIÓN POR RIBA DA ÁLTURA MÁXIMA PERMITIDA.

Nas construcións por riba do último forxado e debaixo da cuberta, cumpriranse as seguintes condicións:


- 1).- Pendente máxima 40º. Prohíbese calquera tipo de quebro nos faldóns de cuberta.

Permítese igualmente a resolución das cubertas mediante faldóns curvos ou planos, en edificios de tipoloxía urbana ou en edificios singulares, en calquera tipo de solo.

- 2).- Altura máxima de teito 4,50 m. Sobre esta altura só poderán elevarse os condutos de ventilación e instalacións especiais coas dimensións estritamente necesarias que en relación o seu correcto funcionamento determine a normativa correspondente en cada caso (autorizarase a disposición dun soporte que poderá sobresaír do faldón de cuberta ata 20 cm para a ubicación dos elementos necesarios para as instalacións especiais).


Prohíbese expresamente a construción de casetóns de ascensores, mansardas, depósitos para instalacións e antenas de telefonía por riba dos planos de cuberta.

Ademais, non se autoriza a construción de áticos retranqueados.



- 3).- Estes espazos computarán a efectos de edificabilidade en toda a superficie na que se poida obter unha altura igual ou superior a 1,80 m., resultando susceptibles de utilizarse con fins vivideiros, sen limitación ou vinculación aos da planta inmediatamente inferior, agás nas edificacións de carácter familiar.
- 4).- Nos casos nos que se permita que a cuberta do edificio sexa plana permitirase a construción de proteccións perimetrais de 1.00 metro. Permitirase, nestes casos, sobresaír do plano de cuberta os elementos das instalacións do edificio (aparello elevador, ...) pero non sobrepasarán a altura máxima permitida para as proteccións perimetrais, coa única excepción de aqueles elementos que aloxen as escaleiras de acceso para mantemento da cuberta e que, en todo caso, terán as dimensións mínimas necesarias para albergar esa función.

PERMITIDO



Nos solos de núcleo rural e solos rústicos, común e protexidos, as solucións tipolóxicas das cubertas das edificacións serán congruentes coas do entorno e construcións tradicionais debidamente adecuadas ao medio ambiente natural, quedando expresamente prohibidas as solucións que comprendan mansardas, quebros, realización de distintos planos e pendentes superiores a 30º.


9.- MEDICIÓN DE ALTURAS.

A medición do número de plantas e alturas rexerese polas seguintes condicións:

- As alturas tomaranse entre a rasante da beirarrúa e o punto inferior do forxado da última planta (liña de cornixa), medidas na vertical do punto medio da liña de fachada.

En ningún punto da fachada existirán variacións superiores a 1 metro sobre a altura máxima permitida. De ser así, deberá escalonarse a edificación adaptándoa ao perfil da vía de modo que cada tramo cumpra estas


limitacións.



- No número de plantas incluíranse os sotos ou semisotos, cando o paramento superior do forxado do teito se atope a unha altura superior a 1 metro con respecto á rasante da beirarrúa ou do terreo en contacto coa edificación.

En edificios en esquina con fronte a dúas rúas de diferente rasante tomarase como altura da edificación a que corresponda á situada cunha rasante maior, e esta altura manterase nun fondo que será o que lle corresponde a esa rúa.

Nas parcelas nas que unha porcentaxe da súa superficie, que non conta co fronte mínimo esixido de fachada a vía pública ($L < L$ MÍN.), queda incluído nunha zona con ordenanza de edificación con maior/menor altura se axustarán as alturas á liña de división de propiedades distintas.



10.- PATIO.

Defínense dous tipos de patios sobre os que é preceptiva a aplicación desta normativa.

PATIO INTERIOR. Patio que ten todo o seu perímetro delimitado por paramentos ou por lindes de parcela.

PATIO ABERTO. Recuado de fachadas a vía pública ou a patio de mazá, no que a súa profundidade, medida normalmente ao seu plano sexa superior a 2,00 m.

Os patios mediranse en función do uso das pezas que o ventilan e iluminan e as súas dimensións, que estarán definidas polos seguintes parámetros :

D- Lado do cadrado que se poderá inscribir no patio en toda a súa altura.

H- Altura media dos paramentos do patio, medida dende o chan acabado da primeira planta que ventile e ilumine ao seu través, ata a coroación superior dos paramentos verticais que o delimiten.

R- A distancia dende o paramento en que se sitúen ocos de ventilación e iluminación ata o paramento vertical enfrontado, medida perpendicularmente ao paramento do oco.

L- Lonxitude da fronte do patio aberto á vía pública ou ao patio de rueiro.

P- Profundidade do patio aberto medida normalmente ao plano de fachada.

As dimensións dos patios determinaránse conforme aos criterios e determinacións establecidos no Decreto 29/2.010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

11.- TENDEDEIROS

Permítese a construción de tendedeiros tanto á vía pública como a patio de mazá, sempre que se garanta a súa protección visual e resolución estética mediante entramado arquitectónico de celosías integradas no deseño das fachadas da edificación que os contén.

A superficie corresponderase, en función do número de estancias da vivenda, conforme aos valores sinalados na táboa 2 (servizos) do Decreto 29/2.010 de 4 de marzo de 2.010.

12.- ESCALEIRAS

Dimensionamento.

O largo libre mínimo entre paramentos para unha escaleira dun tramo será de 1,20 m e, se é de dous tramos será de 2,20 m, e a altura mínima será de 2,20 m.

O largo libre mínimo de chanzos será de 1,00 m e as dimensións libres de relanzos intermedios ou descansos, cando non sirvan de acceso a corredores de distribución, serán iguais ao devandito largo libre mínimo do chanzo.

Iluminación.

Naqueles edificios en que sexa obrigada a instalación dun ascensor, o núcleo de escaleira contará, como mínimo, con iluminación artificial segundo o DB-SUA 4 do CTE.

Nos edificios en que non sexa obrigatoria a instalación de ascensor e non se proxecte a súa instalación, o núcleo de escaleira contará con iluminación natural e iluminación artificial segundo o DB-SUA 4 do CTE.

A iluminación natural, cando sexa obrigada, pódese establecer por medio de ocos a fachadas ou patios interiores regulados no Decreto 29/2.010, cuxa superficie mínima será de 1,00 m² en cada planta e poderá reducirse a superficie de ventilación a 1/4 da anterior.

En edificios de vivendas colectivas de planta baixa máis dúas plantas nos cales non se instale ascensor, admitirase ventilación e iluminación cenital, por medio dun lucernario que dispoña dunha superficie mínima equivalente de 2/3 da superficie da caixa da escaleira. Neste caso, o oco central da escaleira quedará libre en toda a súa altura e nel deberá poder inscribirse un círculo de Ø 1,10 m.

Ventilación.

Cumpriranse as disposicións do documento básico de seguridade en caso de incendio DB-SI do CTE.

13.- ASCENSORES.

Nos edificios de vivendas, agás que todas as vivendas do edificio se sitúen na planta baixa, será necesaria a instalación dun ascensor.

Excepcionalmente, cando a porta de acceso a todas as vivendas estea situada a menos de 8 metros de desnivel con respecto ao portal do edificio e non existan máis de 8 vivendas situadas en plantas distintas da planta baixa, non será necesaria a instalación do ascensor. Neste caso, será obrigatorio deixar un oco libre e continuo en toda a altura do edificio en cuxa planta se deberá poder inscribir un cadrado de lado mínimo 1,60 m que permita instalar no futuro un ascensor con acceso a todas as plantas de vivendas, garaxes e rochos. A localización deste oco terase en conta no deseño do portal do edificio e nos descansos de acceso ás vivendas, garaxes e rochos.

O número de ascensores será de un por cada 20 vivendas ou fracción.

Se o desnivel é de 25,00 metros ou maior, o número mínimo de ascensores será de dous, agás que o número de vivendas situadas en plantas altas sexa menor de 15. Este desnivel medirase desde a planta máis baixa ata a máis alta á que se ten acceso.

Se existe garaxe e/ou rochos nos sotos do edificio ou rochos na baixo

cuberta, estarán comunicados co resto das plantas a través do ascensor.

O desembarco do ascensor en cada planta e o núcleo de escaleiras serán sempre espazos comunicados entre si a través de espazos comúns.

14.- ESPAZOS COMUNITARIOS.

En promocións a partir de 50 vivendas dotaranse ás mesmas dun espazo comunitario de fácil acceso dedicado a usos múltiples para a comunidade de propietarios. A superficie útil mínima do devandito espazo será de, polo menos, 0,20 m² por vivenda e as súas características as de peza vivideira.

15.- ROCHOS.

Son aqueles espazos de almacenamento independentes ás vivendas, situados no propio edificio, e que terán acceso desde o seu interior.

Os rochos exixibles de acordo co disposto no Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, deberán ter a consideración de anexo inseparable da vivenda.

O oco libre da porta de acceso aos rochos deberá ter un largo mínimo de 0,80 m.

Dimensións.

A superficie útil mínima do rocho será de 4 m² e o largo mínimo entre paramentos enfrontados será de 1,60 m. Non computarán alturas libres inferiores a 2,10 m. Os corredores de acceso aos rochos terán un largo libre mínimo de 1,20 m.

Dotación de instalacións.

Cada rocho disporá dun punto de luz, e unha toma de corrente eléctrica.

16.- GARAXES COLECTIVOS

Este punto será de aplicación obrigada aos locais de uso garaxe, vinculados a edificios cuxo uso dominante sexa o de vivenda e que se atopen en ámbitos de planeamento sen ordenación detallada aprobada con anterioridade ao momento da entrada en vigor destas normas, con

independencia de que tamén se deban cumprir as determinacións que o planeamento estableza.

Cando estes locais se atopen en ámbitos de planeamento con ordenación detallada aprobada con anterioridade ao momento da entrada en vigor destas normas, será de aplicación a normativa prevista no planeamento municipal e subsidiaria e complementariamente o recollido neste punto, sempre que as dimensións do soar fagan tecnicamente viable o seu cumprimento.

Estes garaxes quedarán definidos nos planos de planta e sección, con delimitación dos accesos, ramplas, pendentes, vías, direccións de circulación e prazas de aparcadoiro.

Área de acceso e espera.

É a superficie de tránsito entre a vía pública e as vías de circulación propias do garaxe.

Admítese a utilización de aparellos elevadores de coches. Neste caso, a plataforma considerarase válida como espazo de acceso e espera na incorporación do vehículo á vía pública. Deberá proxectarse, cando menos, un aparello elevador de coches por cada 30 prazas de aparcadoiro.

Dimensións.

O largo libre mínimo da área de acceso para unha capacidade menor ou igual a 100 vehículos e con acceso único desde vías de largo maior ou igual a 15,00 m será de 3,00 m, e se o acceso é desde vías de largo menor a 15,00 m será de 4,00 m. Cando o garaxe teña unha capacidade superior a 100 vehículos e conte cun único acceso, o seu largo mínimo será de 5,00 m; cando conte con dous accesos independentes, o largo de cada un deles será como mínimo de 3,00 m.

O fondo libre mínimo da área de acceso, sen incluír superficies de dominio público, será de 4,50 m.

A altura libre mínima da área de acceso será de 2,30 m, permitíndose reducir esta altura ata 2,10 m cando a dita redución non afecte máis do 15% da superficie en planta da área de acceso.

A pendente máxima admisible para a zona de acceso será do 5%.

A porta terá como largo mínimo o 90 % da vía interior á que sirva, e

unha altura libre mínima de 2,10 m medidos coa porta aberta, e atoparase sempre no plano de aliñación do inmoble ou aliñado coa porta do portal.

Vías de circulación e distribución.

Son as encargadas da comunicación entre a área de acceso e os aparcadoiros.

As vías de distribución permitirán o acceso a todas as prazas en estado de ocupación máxima. Os sentidos de circulación estarán sinalizados no seu pavimento.

Dimensións das ramplas de circulación para vehículos.

As ramplas de circulación terán unha pendente máxima do 18 % en tramos rectos, e do 14 % en tramos curvos, medida sobre o eixe da vía.

O largo libre mínimo das ramplas de circulación será de 3,00 m, e para máis de 100 vehículos e acceso único será de 5,00 m, aumentándose en 0,30 metros na cara exterior dos xiros, en todos os casos.

O raio de xiro mínimo será de 3,50 m medido sobre o bordo interior da rampla tanto nas de sentido único como nas de dobre vía diferenciada.

A altura libre mínima será de 2,30 m, permitíndose unha altura crítica, en elementos illados, sen pasar do 15% da superficie útil, de 2,10 m.

Dimensións das vías de circulación e distribución.

O largo libre mínimo das vías de circulación e distribución con aparcadoiros en batería será de 5,00 m. Se se trata de vías con aparcadoiros en liña, ou ángulo 45º, será de 3,30 m, e se se trata de vías sen acceso a prazas, o largo mínimo será de 3,00 m.

O raio de xiro mínimo, medido na cara exterior da vía, será de 6 m.

A altura libre mínima será de 2,30 m, permitíndose unha altura crítica, en elementos illados, sen pasar do 15% da superficie útil de 2,10 m.

A pendente máxima deste tipo de vías será do 5%.

Áreas de aparcadoiro.

A súa organización permitirá o acceso directo a todas as prazas.

Dimensións das prazas de aparcadoiro.

A lonxitude libre mínima de cada praza de aparcadoiro será de 4,70 m, e o seu largo mínimo de 2,40 m. Permitiranse estreitamentos puntuais producidos por elementos construtivos cuxa suma de superficies en planta sexa menor de 0,1 m² sempre que, na praza, se poida inscribir un rectángulo totalmente libre de obstáculos de dimensións mínimas 2,30×4,70 m. As prazas de aparcadoiro debuxaranse tanto no proxecto como na obra executada. A altura libre mínima será de 2,20 m, permitíndose unha altura crítica, en menos do 20% da súa superficie de 2,00 m.

As prazas delimitadas lateralmente por un tabique ou obstáculo fixo similar deberán incrementar o seu largo en 20 cm.

Todos os edificios disporán das prazas de aparcadoiro para uso de discapacitados reguladas pola Lei sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

En ningún caso se permitirá a disposición de prazas pechadas independentes de aparcadoiro por cuestións de seguridade e visibilidade.

Accesos peonís.

O seu deseño axustarase ao establecido no DB-SUA do CTE.

Dotacións e instalacións dos garaxes.

Todos os garaxes estarán dotados de, polo menos, unha toma de auga, e un sumidoiro.

17.- PORTAIS.

Os portais proxectaranse e dimensionaranse de acordo cos requerimentos e determinacións que se establecen no Decreto 29/2.010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

18.- ACCESO A EDIFICACIONES CORRESPONDENTES A DOTACIONES PÚBLICAS E PRIVADAS, EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS, VIVENDAS E CALQUERA OUTRO USO E TIPOLOXÍA ESTABLECIDOS NO PRESENTE INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN

Nestes aspectos estarase ao disposto no Decreto 29/2.010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, así como ás determinacións que se establecen na Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

19.- ENTRANTES, SAÍNTES E VOS.

No se permitirá saír da aliñación oficial máis que cos vos que se fixen nestas ordenanzas. Non se permiten vos cara patio de mazá ou fachada posterior, aínda no caso de non alcanzar o fondo máximo edificable. Sen embargo si se permite a construción de cornixas de cuberta na fachada posterior, nas mesmas condicións ca na fachada principal.

Excepcionalmente permitirase superar o voo máximo autorizado nos casos de edificacións existentes que non alcanzando a altura máxima permitida pretendan ampliarse en altura. Nestes casos o voo das novas plantas poderá igualar ao existente.

Os corpos voados, separaranse unha distancia igual ao vo, cun mínimo de 0,60 m. dos edificios colindantes. Prohíbese o achaflanado dos vos en contacto co predio colindante.

Non haberá vos a menor altura de 3,20 m. sobre a rasante da beirarrúa en ningún punto da fachada, nin poderá sobrepasar a súa proxección o ancho da mesma menos 0,4 m.

Os vos terán as seguintes limitacións:

- Rúas ou tramos de rúas menores ou iguais a 9 m. de ancho só se autorizan vos abertos, é dicir, balcóns. A dimensión será como máximo 0,8 m.
- Rúas ou tramos de rúas maiores de 9 m., será como máximo 1/10 do ancho da rúa, non podendo superar en ningún caso 1 metro.

Os corpos voados poderán clasificarse en:

- Balcóns: vos que están abertos por tres lados.
- Galerías: vos vidrados en todo o seu perímetro ao menos nun 70% de superficie.
- Corpos voados pechados: corpos proxectados fora da aliñación exterior do edificio, con dous ou máis laterais pechados con obra de fábrica. Deberán estar vidrados polo menos nun 70% da súa superficie.

Nas fincas non urbanas ou naquelas que soporten edificacións con retranqueos a lindeiros, a dimensión establecida como mínima para ditos retranqueos entenderase o plano que determinen os paramentos de calquera corpo volado ou sobresaínte (excluíndo os canlóns e baixantes).

Na fronte a estradas estatais non serán de aplicación as excepcións previstas no presente epígrafe, tanto respecto a voos e saíntes como ás partes de edificación soterradas, sendo por tanto a liña límite de edificación a correspondente ao volume capaz sen tipo ningún de saíntes ou voos.

20.- PORTADAS, ESCAPARATES, VITRINAS, MARQUESINAS, TOLDOS E RÓTULOS.

Portadas: nas plantas baixas, tanto os elementos de decoración (portadas) dos locais comerciais, industriais, de oficinas ou análogas, como os dos ocos do portal (xambeados), só poderán sobresaír da aliñación oficial un máximo de 0.08 m.

As vitrinas, escaparates, zócalos e demais elementos ornamentais só sobrepasarán o plano de fachada en 0.08 m.

Marquesiñas e toldos: En calquera punto a altura mínima sobre a rasante da beirarrúa ao terreo será de 2,50 m. O seu saínte poderá ser igual ao ancho da beirarrúa menos 0,40 metros, respectando en todo caso o arborado.

Anuncios e Rótulos: Deberán estar situados a unha altura superior a 3.00 m dende a rasante da beirarrúa ao terreo e non sobresaírán do plano de fachada máis de 0.80 m, tanto en plantas baixas como altas; e en ningún caso superarán o ancho da beirarrúa menos 0.40 m.

21.- COMPOSICIÓN DE FACHADAS.

Será libre, axustándose ás prescricións da ordenanza correspondente.

Permítese a construción de terrazas a fachada ou patio de mazá, dentro do volume máximo permitido e sempre que estas sexan cubertas.


As fachadas posteriores ou traseiras daquelas edificacións situadas dentro do solo urbano que colinden con solos urbanos non consolidados, solos urbanizables e zonas verdes / espazos libres, deberán deseñarse co mesmo criterio compositivo e de materiais cás fachadas principais de ditas edificacións.

Os solares que colinden con ZV/EL de carácter público, poderán aperturar luces sobre eles, previa autorización municipal.

22.- CHAFRÁNS.


Nas parcelas sobre as que se forme o cruce de dúas vías, a aliñación será sempre en chafrán ou empalme curvo.

A aliñación de chafrán/empalme en planta baixa debe de respectarse en planta de soto. Agás que nos planos de ordenación a escala 1:1000 se indiquen outras dimensións. As condicións que se teñen que cumprir serán as seguintes:




No caso de resolverse o cruce de dúas vías con empalme, en vez de chafrán, este sempre será un arco de circunferencia inscrito nas liñas do teórico chafrán e tanxente ás mesmas.

O voo en plantas altas debe ser paralelo ao chafrán/empalme en planta baixa (si se resolven ambas con chafrán ou empalme). Ademais terá a dimensión do voo permitido na rúa de menor ancho (gráficos casos 1 e 2).



Se unha das dúas rúas é menor de 9 m. e só autorizase o voo con balcóns, o mesmo sucederá no chafrán; ademais de que o voo da rúa maior (con galería ou corpo pechado) finalizarase como mínimo a 0.60 m. da esquina correspondente en planta baixa (gráfico caso 3).



Consideraranse casos illados nos que poidan concorrer circunstancias especiais (escasa visibilidade, ángulos moi agudos,...) nos que o Concello poderá esixir ao solicitante un Estudo de Detalle do chafrán.

23.- FOSAS SÉPTICAS E POZOS.

Os pozos para abastecemento de auga ás vivendas terán que distar como mínimo 20,00 m. de calquera fosa séptica, estercoleiro ou fonte contaminante.

As fosas sépticas e pozos de auga, situaranse como mínimo a 5,00 m. dos lindeiros da parcela ou vía pública, sen prexuízo do cumprimento das demais condicións específicas en cada caso.

24.- SERVIDUMES DE PASO.

1.- Os propietarios de solares ou parcelas nas que existan servidumes legais de paso ou outras calquera deberán respectalas ao realizar novas edificacións, salvo extinción por causa e forma legal.

O mesmo criterio poderá aplicarse analoxicamente no caso de servidumes voluntarias.

2.- Se a servidume é de paso cara instalacións ou edificacións interiores existentes, esta deberá medir un ancho mínimo de 1,80 m. en toda a súa lonxitude. Salvo que nos planos deste Plan se teña fixado un ancho maior. No caso de que actualmente resultase inferior, os propietarios estarán obrigados a retranquear a edificación, para conseguir o ancho mínimo esixido, nun ancho proporcional ao que ocupe a servidume en cada unha das parcelas ou solares dos distintos propietarios; polo que se retranqueará a totalidade do ancho que falta si a servidume se atopa situada dentro da propia parcela ou solar (predio servinte).

3.- Se a servidume é de paso e a propiedade colindante non ten ningún dereito de luces, vistas ou outras servidumes de acreditación rexistral, e ademais a servidume se atopa dentro da propiedade que se constrúe aínda que estea no linde da mesma, entón poderase edificar sobre a servidume, deixando unha altura libre coincidente coa da planta baixa.

25.- VENTILACIÓN DE COCIÑAS E ASEOS.

As ventilacións de cociñas e aseos deberán atermos, como mínimo, ao establecido polo Decreto 29/2.010 de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. No que respecta ás chemineas de ventilación, deberán atermos á normativa vixente na materia. Non se poderán situar nunca na fachada principal das edificacións incluídas na tipoloxía de mazá pechada, debéndose dispoñer neste caso, preferentemente nos patios interiores ou, se non fose posible, nos patios de mazá.

26.- PECHES.

- 1.- Todos os terreos edificables deberán estar pechados con arranxo ás condicións que para peches se subliñan nas ordenanzas respectivas. De non existir regulación específica, esixirase o pechado permanente de dous metros de altura, executado con material e espesores convenientes para asegurar a súa solidez e conservación en bo estado.

Os peches á aliñación oficial presentarán un tratamento de acabado, asimilable ao dunha fachada.

Nos peches interiores (entre distintos solares) respectarase a altura esixida.

- 2.- O peches deberán situarse na aliñación oficial. Ao producirse a apertura de novas vías, os propietarios de terreos edificables terán a obriga de efectualo no prazo que estableza o Concello a través dunha orde de execución, a partires do remate das obras de urbanización.
- 3.- Cando se produza o derrube de calquera propiedade, sen que se teña previsto unha construción inmediata, será obrigatorio o peche da mesma, situándoo igualmente na aliñación oficial. Tal peche deberá levarse a efecto no prazo que o Concello estableza, contando a partires da data de concesión da licenza de derribo.

27.- PROTECCIÓNS.

Os balcóns, fiestras, escaleiras e terrazas estarán dotadas de varandas ou proteccións axeitadas.

28.- ILLAMENTOS.

En todo edificio, instalación ou actividade de calquera clase, asegurarse o illamento da humidade, térmico, contra o fogo e acústico de acordo coa normativa vixente.

29.- ENERXÍA ELÉCTRICA.

Todo edificio deberá estar dotado da necesaria instalación de enerxía eléctrica, a cal haberá de cumprir a regulamentación vixente sobre a materia. No caso de existir centros de transformación, estes non se poderán establecer por debaixo do segundo soto e deberán reunir as debidas condicións en canto a insonorización, térmicas, vibracións e seguridade, non podendo ocupar a vía pública con ningunha instalación auxiliar. Excepcionalmente, cando non exista outra posibilidade, poderán autorizarse estas instalacións previo acordo municipal.

30.- CALEFACCIÓN, ACONDICIONAMENTO DE AIRE, AUGA QUENTE, GAS, TELEFONO, ANTENAS DE TELEVISIÓN, ETC.

- 1.- Estas instalacións e os accesorios, depósitos de combustibles, tanques nodrizas, contadores, etc., deberán cumprir coas condicións vixentes e en ningún caso poderán constituír perigo ou molestias para os veciños.

Prohíbese a instalación de antenas nas fachadas.

Atenderase a todo o disposto ao respecto nas normas xerais de edificación deste Plan.

- 2.- Poderán permitirse troneiras nas fachadas ou portais dos edificios, cando se prevea a instalación de calefacción central, sen afectar ós espazos libres de uso público nin sobresaír do plano de fachada.

Atenderase, en todo caso, ao disposto na lexislación vixente ao respecto.

- 3.- Non se autorizará a ubicación de aparellos de extracción ou acondicionamento de aire sobre as fachadas. Poderán situarse enrasados coa fachada e ocultos ao exterior sempre e cando as bocas de aire se sitúen a unha altura mínima de 3.00 m sobre a rasante, de forma que non produzan molestias ós veciños nin ós transeúntes.

Atenderase, en todo caso, ao disposto na lexislación vixente ao respecto.

- 4.- As placas solares que se deban colocar nas cubertas das edificacións deberán dispoñer da mesma inclinación que a propia cuberta, a excepción das cubertas cunha pendente inferior ao 5% ou planas.

31.- SERVIZO DE CARTERÍA.

Todo edificio dispoñerá de buzóns para a correspondencia, de acordo coas normas vixentes.

32.- SERVIDUMES URBANAS.

O Concello poderá instalar nas fincas, previo expediente expropiatorio e demais trámites preceptivos, soportes, sinais e calquera outro elemento ou servizo da cidade.

33.- CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS.

Toda clase de instalacións, subidas de fumes, chemineas, conducións, desaugues, maquinaria, etc., realizaranse en forma que garantan, tanto aos veciños como aos viandantes, a supresión de molestias, cheiros, fumes, vibracións, ruídos, etc.

En todo caso será de aplicación o sinalado no epígrafe I.B.6. do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

34.- CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

Na construción das edificacións erguidas conforme ás previsións contidas no presente documento e nos elementos comúns das mesmas, haberán de cumprirse as determinacións da Lei 8/1.997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 35/2.000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

Iguais previsións haberán de respectarse para aquelas rúas, espazos públicos, xardíns e demais elementos integrantes do sistema de bens de uso público de nova construción.

En edificios destinados a vivenda colectiva permitirase escalón lateral a rampa de acceso.

35.- INSTALACIONES DE TELECOMUNICACIONES

No que se refire ás instalacións de telecomunicacións en xeral e, particularmente ás antenas de telefonía móbil, estarase ao establecido para elo nas Normas específicas para este tipo de instalacións a nivel de todo o territorio nacional.

Prohíbese a instalación de antenas nas fachadas a vía pública. Sería aconsellable para as actualmente existentes en fachada, trasladaranse a partires da entrada en vigor do presente Plan Xeral.

CAP. 2º. CONDICIÓN XERAIS DE USO.

NORMAS XERAIS.

Art. 38. DEFINICIÓN.

Son as condicións que regulan as diferentes utilizacións dos terreos e edificacións segundo a actividade que se produza sobre eles.

Art. 39. DISPOSICIÓN DE APLICACIÓN XERAL.

- 1.- Cando nun terreo ou edificación coincidan varios dos usos que se subliñan na clasificación de usos por canto fosen compatibles entre si, cada un dos mesmos deberá cumprir as condicións que lles correspondesen pola aplicación deste documento.
- 2.- As Normas que se fixan nos apartados seguintes son de aplicación tanto ás obras de nova planta como ás de ampliación e reforma.
- 3.- A obrigatoriedade do cumprimento destas Normas enténdese sen prexuízo de cantas outras dimanen de Organismos da Administración competentes e lles fosen de aplicación.
- 4.- Os usos divídense en permitidos e prohibidos en base a súa adecuación a cada sector de solo e os fins da ordenación e á compatibilidade dos usos entre sí.
- 5.- Considéranse autorizados tódolos usos non expresamente prohibidos.

Art. 40. CLASIFICACIÓN DE USOS DO SOLO E DA EDIFICACIÓN.

En razón da súa función, distínguense os seguintes usos :

- a) Residencial.
- b) Industria.
- c) Garaxe-aparcamento e servizos do automóbil.
- d) Comercial.
- e) Oficinas.
- f) Hoteleiro.
- g) Salas de reunión.
- h) Asistencial.
- i) Outros usos: Sanitario.
 - Educativo e docente.
 - Socio-cultural.
 - Relixioso.
 - Deportivo.
 - Recreativo.
 - Residencial móbil (camping, etc.).
 - Espectáculos.
 - Servizos públicos.
- j) Usos existentes desconformes co contido do Plan Xeral (art. 103 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), sometidos ao rexime de fora de ordenación.

Esta clasificación tense realizado en función das seguintes definicións:

- Uso-residencial: é o referente ao aloxamento residencial e distínguense entre usos unifamiliar e plurifamiliar ou colectivo.
- Uso-industrial: Comprende as actividades industriais de calquera tipo, os almacéns anexos e as instalacións complementarias.

- Uso-garaxe-aparcamento e servizo do automóbil: é o correspondente á garda e estacionamento habitual dos vehículos así como ao seu mantemento-entretemento.
- Uso-comercio: é o correspondente á compra-venda o “polo miudo” e aqueles servizos ao público co obxecto da permuta de mercancías.
- Uso-oficina: Comprende as actividades administrativas ou burocráticas, de xestión pública ou privada, prestación de servizos persoais, banca e servizos profesionais.
- Uso-hoteleiro: Corresponde ao servizo ao público de aloxamento temporal. Considéranse incluídas as residencias sen fins asistenciais e actividades complementarias.
- Uso-salas de reunión: Comprende aquelas actividades de vida social ou de relación entre os individuos. Inclúense aquelas actividades de hostelería que non impliquen aloxamento (bares, restaurantes, cafés, cafeterías, salóns de baile no sentido tradicional -non discoteca-, salóns de xogos e outros).
- Uso-sanitario: Comprende ás actividades de tratamento e/ou aloxamento de enfermos, e en xeral as relacións coa sanidade e a hixiene.
- Uso-asistencial: Corresponde a aquelas actividades de tipo social que polo seu carácter de servizo a grupos actualmente considerados “marxinais” non se integran no resto das actividades maioritarias de carácter social (garderías, club de anciáns, educación de minusválidos físicos e/ou mentais, etc.).
- Uso-educativo: Comprende as actividades formativas e de ensino.
- Uso-socio-cultural: Comprende aquelas actividades culturais con carácter de relación social (casas de cultura, museo, bibliotecas, etc.).
- Uso-relixioso: Comprende as actividades relacionadas co culto.
- Uso-deportivo: Refírese ás actividades relacionadas coa educación física e a práctica de xogos deportivos.

- Uso-recreativo: Comprende as actividades relacionadas co ocio, o tempo libre e o esparcemento lúdico.
- Uso-residencial-móbil: Comprende as actividades de acomodo de residencias transportables e temporais directamente relacionadas co uso recreativo e turístico (camping, caravanas-roulottes....).
- Uso-espectáculos: Comprende aquelas actividades tradicionais ou novas relacionadas co teatro, a música, a danza e o cine, e que precisan de espazos específicos para levarse a cabo, e non comprendidas no resto dos usos aquí considerados.
- Uso-servizo público e administrativo: Comprende aquelas actividades que teñen en común o carácter específico destas realizadas polos organismos públicos (municipais ou de rango superior) ou por entidades privadas con carácter subsidiario, (mercados de abastos, matadoiros, mercado de gandos, estación de autobuses, instalacións de comunicacións, de enerxía, vertedoiros, etc...).

Art. 41. REGULACIÓN DO USO RESIDENCIAL.

1.- Clasificación.

O uso residencial clasifícase en :

- a) Vivenda unifamiliar : é a situada en parcela independente en edificio illado ou adosado a outro/s horizontalmente pero con acceso exclusivo e independente dende a vía pública.
- b) Vivenda en edificio colectivo de vivendas ou vivenda colectiva ou plurifamiliar: é a vivenda situada en edificio construído para varias vivendas con acceso e elementos comúns.

2.- Condicións xerais.

Estarase en calquera caso ao establecido no Decreto 29/2.010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. En todo caso terase en conta como mínimo:

- Non se permitirán vivendas en sotos ou semisotos.

- Toda vivenda deberá ser exterior, entendiéndose por tal cando a estancia maior en todos os casos e como mínimo outra estancia teña iluminación e ventilación natural e relación co exterior a través de:
 - Rúas, prazas e espazos libres públicos definidos polo planeamento.
 - Patios de cuarteirón ou espazos libres públicos ou privados onde sexa posible inscribir, fóra da proxección dos voos interiores, un círculo de diámetro $0,7 H$ (sendo H a media ponderada da máxima altura de coroación, permitida pola lexislación urbanística aplicable, dos edificios que conformen o espazo libre).

Se se trata de edificación en bloque aberto, enténdese por espazo exterior o que non é ocupado pola edificación sobre rasante na parcela.

- Condicións de acceso e indivisibilidade das vivendas.

A vivenda deberá ter acceso directo, a través dun anexo vinculado a ela ou a través dunha parcela da súa propiedade ou sobre a que se teña dereito de paso, desde un espazo público ou desde un espazo común do edificio ou urbanización con comunicación directa co espazo público.

A vivenda non pode ser o paso obrigado para acceder a calquera local ou parcela que non sexa de uso exclusivo desta.

As dependencias que conforman as vivendas deberán estar comunicadas entre si a través de espazos pechados de uso exclusivo dos seus moradores. Exceptúanse deste requisito os anexos das vivendas.

- Composición e compartimentación.

A composición das vivendas estrutúrase nas seguintes zonas:

- Estancias.
- Servizos.
- Espazos de comunicación.

O espazo das pezas reguladas nestas normas debe permitir a inscrición na súa planta dun cadrado base en contacto con, polo menos, un punto do plano definido por la cara interior do cerramento da fachada a través da que ilumine e ventile a peza. Para estes efectos, entenderase que unha peza ventila e ilumina a través dunha determinada fachada, cando a dita peza ventile e ilumine a través de:

- Ocos abertos no propio cerramento da fachada.
- Voos ou corpos saíntes da fachada que cumpran coas condicións indicadas no Decreto 29/2.010.

A dimensión do dito cadrado establécese nas epígrafes seguintes segundo cada tipo de estancia. A superficie do cadrado poderá ser invadida por elementos puntuais que non sobresaian máis de 0,30 m das caras do cadrado sempre que a suma total das superficies ocupadas en planta polos ditos elementos sexa inferior a 0,15 m². Agás na estancia maior, cando existan varios estreitamentos puntuais estes non poderán estar situados en lados opostos do cadrado.

Aquela área das pezas vivideiras que non cumpra o largo mínimo establecido para cada caso, así como a superficie das galerías que poidan existir na peza, non será computable para os efectos de determinar o cumprimento da superficie mínima esixible pola presente normativa. A área da peza cuxa superficie sexa computable para estes efectos, non poderá estar dividida por zonas nas que non se cumpra o largo mínimo establecido.

Entenderase que se cumpre o largo mínimo exixible á peza, naquela parte dela en que a distancia entre dous paramentos enfrontados, medida perpendicularmente a algún dos ditos paramentos, alcance o largo mínimo exixible á peza.

A excepción da estancia maior e os espazos de comunicación, o resto das pezas da vivenda non poderán ser paso obrigado para acceder ás pezas vivideiras desde o acceso da vivenda. Se o acceso a outras estancias ou a cociña tivese como paso obrigado a estancia maior, deberá aumentarse a superficie desta en 2 m². Este incremento de superficie non será obrigado no caso en que a cociña estea integrada na estancia maior e esta non sexa paso obrigado para ningunha outra estancia.

O acceso ao cuarto de baño obrigatorio efectuarase a través dos espazos de comunicación e nunca directamente desde unha peza vivideira. Se é o caso, o acceso ao cuarto de aseo poderá efectuarse a través dos espazos de comunicación da vivenda ou a través de estancias distintas da estancia maior.

- Programa mínimo.

A vivenda constará, como mínimo, dunha estancia máis unha cociña, un cuarto de baño, un lavadoiro, un tendal e un espazo de almacenamento xeral.

- Alturas mínimas.

Sempre que sexa compatible co planeamento e a normativa de protección patrimonial, a altura libre mínima entre pavimento e teito acabado será de 2,60 m e a altura libre mínima entre os forxados de solo e teito será de 2,80 m.

En vestíbulos, corredores, cuartos de baño, aseos, lavadoiros e tendais a altura mínima entre pavimento e teito rematados poderá diminuírse ata 2,20 m.

Nas restantes pezas, esta altura libre mínima de 2,20 m, poderá admitirse como máximo no 25% da superficie útil da peza.

En actuacións de rehabilitación de edificios ou vivendas, agás no caso de que se modifique a posición dos forxados existentes ou se proceda a adaptar para uso de vivenda os locais que non tiñan o dito uso, poderán manterse as alturas existentes, aínda que non se cumpra coas alturas anteriormente indicadas

- Pezas baixo cuberta.

Nas pezas abufardadas a altura mínima para o cómputo da superficie útil, para efectos de habitabilidade, será de 1,80 m. O volume mínimo que deberá ter a peza será o resultado de multiplicar a superficie útil mínima da peza, pola altura exigible á peza, de acordo co indicado no Decreto 29/2.010.

Polo menos un 70% da superficie mínima exigible á peza deberá ter unha altura igual ou superior a 2,60 m, en estancias e cociñas, e a 2,20 m en aseos e baños.

A altura libre mínima de corredores e vestíbulos abufardados que sirvan de acceso ás pezas non poderá ser inferior a 2,20 m.

A altura libre do espazo ocupado polo cadrado libre de obstáculos que deberá inscribirse segundo o disposto nas presentes normas e non poderá ser inferior a 1,80 m.

O plano que defina a altura de 1,8 m terá a mesma consideración que un paramento vertical para os efectos de cumprimento da distancia mínima entre paramentos enfrontados e de localización do cadrado base.

3.- Condicións dimensionais, funcionais e dotacionais.

Estarase ao establecido no Decreto 29/2.010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

4.- Dotación mínima de instalacións na vivenda.

Toda vivenda deberá contar coa dotación mínima de instalación necesarias que lle permita a adecuada realización das funcións previstas nas diferentes estancias en servizos que a continuación se relacionan :

- Instalación de subministración de auga fría.
- Instalación de calefacción e auga quente sanitaria, que terá incorporado o elemento xerador correspondente.
- Instalación de evacuación de augas.
- Instalación de telecomunicacións, ademais de rede de interfonía para comunicar o portal do edificio coas vivendas.
- Instalación eléctrica.
- Instalación de ventilación.
- Instalación de paneis solares, se é o caso, segundo o DB-HE 4 do CTE.
- Instalación de ascensor no suposto que sexa necesario.

Salvo no caso das canalizacións ou condutos verticais de instalacións, o trazado das instalacións comúns non poderá invadir as estancias das vivendas.

5.- Salubridade.

Nas vivendas situadas en planta baixa, cando non exista soto baixo elas, deberá garantirse o illamento destas con respecto ao terreo mediante unha cámara de aire, convenientemente ventilada, de 0,20 m de altura mínima para evitar o risco de humidades procedentes do terreo. A dita condición non será exixible para as vivendas reformadas, ampliadas ou rehabilitadas en que poderá adoptarse calquera outra medida construtiva que garanta a ausencia de humidades na vivenda.

Cando existan muros en contacto co terreo, garantirase a súa impermeabilidade mediante o emprego de materiais e solucións construtivas que eviten a aparición de humidades.

No caso da inexistencia de saneamento urbano deberá preverse o tratamento individual das augas residuais segundo o CTE para a súa posterior decantación e filtración ao terreo por gabias filtrantes.

A distancia mínima de pozos de abastecimento de agua respecto a calquera fosa séptica ou fonte de contaminación será a establecida no Art. 37.23 do presente PXOM. A distancia mínima de dita construción a lindeiros será a que fixe a normativa do presente PXOM segundo a clasificación do solo.

Art. 42. REGULACIÓN DO USO HOTELEIRO.

DEFINICIÓN.

É o uso que corresponde a aqueles edificios de servizo ao público que se destinan o aloxamento temporal. Considéranse incluídos neste uso as residencias e actividades complementarias das mesmas. Tamén se inclúen aqueles aloxamentos dedicados ao turismo rural.

CLASIFICACIÓN.

Establécense as seguintes categorías:

CATEGORÍA 1ª: Cunha superficie maior de 600 m². ou cunha capacidade maior de 30 prazas.

CATEGORÍA 2ª: Cunha superficie menor ou igual a 600 m² ou cunha capacidade menor ou igual a 30 prazas.

CATEGORÍA 3ª: Actividades de turismo rural admisibles en solo de núcleo rural e solo rústico especialmente protexido. Desenvolveranse en edificacións preexistentes de interese patrimonial ou etnográfico, sempre que sexa posible ou, en todo caso, rehabilitando as edificacións tradicionais existentes. Deberán potenciarse, entre outros, os seguintes usos : termalismo, gastronomía, enoloxía, oficios tradicionais, labores agrarios, a diversificación e promoción das producións agrarias e o aproveitamento dos recursos endóxenos en xeral, así como aqueles que fomenten o contacto coa natureza, a conservación do medio natural e da biodiversidade e a interpretación da paisaxe.

Esta categoría non se condiciona aos parámetros de superficie ou prazas que poidan dispoñer a tal efecto as edificacións tradicionais existentes.

CONDICIÓN.

Ademais das condicións vixentes, os locais cumprirán as dimensións e condicións que lle fosen de aplicación, das fixadas para uso de vivenda.

En calquera caso estarase ao disposto no Decreto 267/99 de Condicións mínimas de infraestrutura hoteleira en Galicia ou calquera outra normativa que sexa de aplicación.

APARCAMENTO.

Por cada 100 m² construídos para este uso, e, en todo caso, por cada dúas prazas de aloxamento, dispoñerase dunha praza de aparcamento; coa excepción de solares que teñan unha superficie inferior a 200 m² nos que se dispoñerá dunha praza de aparcamento por cada catro prazas de aloxamento; ou se se demostra a imposibilidade da súa realización por características xeométricas do solar, pódese presentar convenio con aparcamento público/privado situado nun radio de 250 m.

Art. 43. REGULACIÓN DO USO COMERCIAL.

1.- CLASIFICACIÓN.

A efectos de aplicación destas Normas, establécense as seguintes categorías:

CATEGORÍA 1ª : Edificios con máis do 60 por 100 da superficie total dedicada a usos comerciais e o resto a outros usos excepto ao de vivenda.

CATEGORÍA 2ª : locais comerciais en primeiro soto, semisoto e planta baixa.

CATEGORÍA 3ª : locais comerciais en pasaxes ou galerías comerciais e en mercados.

2.- CONDICIÓN DOS LOCAIS.

Tódolos locais de uso comercial deberán observar as seguintes condicións:

- 1) A zona dedicada ao público no local terá unha superficie mínima de seis metros cadrados e non poderá servir de paso nin ter comunicación dende este espazo con ningunha vivenda ou outro local.
- 2) No caso de que no edificio exista uso de vivendas, deberán dispor estas de accesos, escaleiras e aparellos elevadores independentes.
CONDICIÓN XERAIS.

Os locais cumprirán as condicións establecidas para o uso comercial.

Ademais estarase, en todo caso, ao establecido nas disposicións vixentes en cada materia.

Os grados de compatibilidade en relación á vivenda quedarán suxeitos ao que resulte da aplicación da normativa vixente en materia de contaminación acústica e de actividades clasificadas. Isto é Código Técnico da Edificación (CTE-DB-HR) e demais normativa de aplicación.

O Concello poderá denegar a súa instalación naquelas fincas ou conxuntos de fincas que estean situadas en vías que polo seu tránsito ou características urbanísticas singulares así o aconsellen, agás que se adopten as medidas correctoras oportunas mediante as condicións que cada caso requira.

Art. 49. USO ASISTENCIAL.

Corresponde a aquelas actividades de tipo social que polo seu carácter de servizo a grupos actualmente considerados “marxinais” non se integran no resto das actividades maioritarias de carácter social (club de anciáns, educación de minusválidos físicos e/ou mentais, etc.).

CLASIFICACIÓN:

Categoría 1ª: aqueles centros que funcionan de forma temporal (de día).

Categoría 2ª: aqueles centros que funcionan de forma permanente (día e noite).

Categoría 3ª: centros de rehabilitación de toxicómanos, persoas maltratadas e semellantes.

CONDICIÓN:

Atenderase en cada caso á normativa específica. Ademais:

- 1) Os da categoría 1ª poderán estar situados en edificios cuxo uso principal sexa o de vivenda ou en edificios exclusivos.
- 2) Os comprendidos na categoría 2ª e 3ª deberán de estar situados en edificios exclusivos e dotados de todos aqueles elementos que lle permitan cumprir coa súa finalidade sen interferir noutros usos que poidan existir na zona na que estean situados.

Art. 50. OUTROS USOS.

As construcións dedicadas a usos sanitarios, educativo e docente (incluídas as garderías), socio-cultural, relixioso, deportivo, recreativo, residencial-movil, administrativo, espectáculos e servizos públicos ateranse en todo ao disposto pola normativa sectorial que sexa de aplicación.

As condicións de emprazamento e compatibilidade entre usos atenderase as previsións de usos autorizables que se regulan pola Ordenanza do presente instrumento.

A dotación de prazas de aparcamento para este tipo de uso fora do solo urbano consolidado será de dúas prazas de aparcamento por cada 100 m². edificables, das que como mínimo a cuarta parte deben ser de dominio público.

Art. 51. USOS EXISTENTES.

Os usos existentes desconformes co contido do Plan Xeral considéranse unha incompatibilidade parcial, polo que se permitirán as obras de mellora, ampliación ou reforma establecidas neste plan.

O réxime de aplicación ás edificacións consideradas como fora de ordenación será o establecido no artigo nº 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e a súa modificación pola Lei 15/2004.

CAP. 3º. NORMAS DE ORDENACIÓN DE SISTEMAS

Art. 52. SISTEMA VIARIO.

A efectos do presente Plan o sistema viario comprenderá o conxunto da rede de vías de dominio e uso público proxectadas e construídas para a circulación.

A dito conxunto de sistema viario municipal no que deberase entender incluídos os ámbitos dos peches de parcelas, resultaralle de aplicación o réxime do solo rústico de protección de infraestruturas, regulado pola Ordenanza nº 12 do presente documento, en consonancia coas delimitacións sinaladas nos correspondentes planos de ordenación.

A rede de vías referida, considerando as súas características e as tipoloxías existentes no termo Municipal, clasifícanse en estradas -que poden ser autoestradas, autovías e estradas convencionais- e restes das vías e camiños públicos que compoñen a rede interior das comunicacións municipais.

1. Clasificación de estradas e camiños.

Establécese a seguinte clasificación de vías do termo Municipal baseada no disposto na Lei 25/1.988 de 29 de xullo de estradas, no Regulamento de estradas aprobado por Real Decreto 1812/1.994 de 2 de setembro, na Lei 4/1.994 de 14 de setembro de estradas de Galicia, así como o establecido no B.O.P. de 16 de xaneiro de 1.996 para as dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra.

A) VÍAS TIPO I.

As indicadas en planos e que son :

- Carretera N-541 (primaria básica) 25 m.
Pontevedra - Ourense.
(Ministerio de Fomento).
- PO-534 (primaria básica) 12 m.
Lalín (N-525) – Folgoso (N-541).

(Xunta de Galicia).

- PO-230 (secundaria) 10 m.
Campo Lameiro (PO-231)–Vichocuntín (N-541)
(Xunta de Galicia).

B) VÍAS TIPO II.

- Estrada EP-7101.
Cerdedo – Portela. 7m.
(Diputación Provincial).
- Estrada EP -7102.
Serrapio – A Portela. 7 m.
(Diputación Provincial).
- Estrada EP -7103.
Cerdedo – Castro – Quireza. 7 m.
(Diputación Provincial).
- Estrada EP -7104.
Cerdedo – Presqueiras. 7 m.
(Diputación Provincial).
- Estrada EP -7105.
Rampa – Vilar. 7 m.
(Diputación Provincial).
- Estrada EP -7106. 7 m.
Folgozo – Forcarei.
(Diputación Provincial).


C) VÍAS TIPO III.

Resto das vías e camiños públicos que compoñen a rede interior das comunicacións municipais.

2. liñas de peche.

Atendéndose ao regulado pola Lei e polo Regulamento Xeral de Estradas do Estado, a liña de peche queda fixada nas seguintes distancias :

- Para vías tipo I e pertencentes o Ministerio de Fomento, os peches situaranse á seguinte distancia:
 - 50 m. da aresta exterior da calzada para autoestradas, autovías e vías rápidas.
 - 8 m. para o resto das estradas.




- Non se autorizarán liñas de peches nas zonas de dominio público nin nas de servidume. Por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola ou gandeiro, que precisasen o seu valado, poderanse autorizar liñas de peches diáfanas nas zonas de afección, entre o borde exterior da liña de servidume e a liña límite de edificación. Cando por razón de interese público ou por obras de novas vías, desdoblamento de calzada ou ensanche da plataforma da estrada resulte preciso o recúe da liña de peches de predios, estes poderán levarse a efecto nas mesmas condicións existentes con anterioridade ao proxecto de obra, no que respecta á súa estrutura e distancia da aresta exterior á plataforma, debendo quedar en todo caso fóra da zona de dominio público.

- Os cerramentos entre o borde exterior da zona de servidume e a liña límite de edificación unicamente poderán ser diáfanos.

En todo caso respetarán as determinacións que se establecen para obras e instalacións no Art. 87 do Regulamento Xeral de Estradas.


- Para vías tipo I e pertencentes a Xunta de Galicia a liña de peche non diáfano deberá situarse a distancia da liña de edificación da correspondente estrada, salvo nos solos urbanos e de núcleo rural tradicional, nos que poderán situarse as aliñacións aprobadas. En calquera caso estarase ao disposto á normativa correspondente en materia de Estradas da Comunidade Autónoma.
- Para vías tipo II os peches situaranse á distancia seguinte :
 - 2 m. da aresta exterior da explanación. Toda obra nunha franxa de 30 m. (zona de afección) require autorización da Deputación.



- Para vías tipo III os peches situaranse á distancia seguinte:
 - 4 m. do eixo, sempre que esta distancia sexa superior a 1.50 m dende o borde da vía, entendendo por tal a intersección do marxe co noiro (desmorte ou terraplén) ou os muros de contención, se existen.

En zonas non consolidadas pola edificación, as liñas de peches de postes e arame tamén cumprirán estas distancias.

- Suliñase a excepcionalidade de todo o viario dos núcleos rurais tradicionais, nos que se deberá conservar ou seu trazado, ancho, aliñación e muros linderios. Esta excepcionalidade estenderase tamén a tódolos muros tradicionais e rueiros que aínda fora das delimitación de núcleo, conserven características e valores de interese etnográfico.



Aos efectos de entender e aplicar as limitacións establecidas para as liñas de peche defínense as zonas de dominio público, servidume e afección:

- Son zona de dominio público nas estradas estatais, os terreos ocupados polas estradas mesmas e os seus elementos funcionais e unha franxa de terreo de 8 m. de anchura en autoestradas, autovías e vías rápidas, e de 3 m. no resto das estradas, a cada lado da vía, medidas en horizontal e perpendicularmente ao eixo da mesma, dende a aresta exterior da explanación.
- É zona de servidume nas estradas estatais, dúas franxas de terreos a ambos os dous lados das estradas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 25 m. en autoestradas, autovías e vías rápidas, e de 8 m. no resto das estradas, medidas dende as citadas arestas.
- É zona de afección nas estradas estatais, dúas franxas de terreo a ambos os dous lados delas, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 100 m. en autoestradas, autovías e vías rápidas, e de 50 m. no resto das estradas, medidas dende as citadas arestas.
- As zonas de dominio público nas estradas de Galicia terán como linde exterior o que non sobrepase aos 15 m. de largo a cada lado da explanación en autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e os 10 m. de longo no resto das estradas, medidos en horizontal e perpendicularmente ao eixo da calzada máis próxima, dende a arisca exterior ás calzadas previstas e os seus elementos funcionais.
- A zona de servidume nas estradas de Galicia, consistirá en dúas franxas de terreos a ambos os dous lados das estradas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas a dito linde, a unha distancia de 17 m. en autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas e de 2 m. no resto das estradas medidas dende o linde exterior da zona de dominio público.
- A zona de afección nas estradas de Galicia, consistirá en dúas franxas de terreo a ambos os dous lados destas, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas da explanación, a unha distancia de 100 m. no caso de autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas, e de 30 m. no resto das estradas, medidas dende as citadas arestas.

- Ao efectos de aplicación da Lei 25/1.988 de 29 de xullo de Estradas, se subliña que as limitacións da propiedade que se recollen na sección 1ª, Capítulo 3º “uso e defensa das estradas” alcanza non só ás propias estradas, senón tamén aos ramais de enlace e ás vías de xiro das interseccións.

3. liñas de edificación.

Aos dous lados das estradas e demais vías, establécese a liña de edificación, e dende ela ata a vía quedan prohibidas as obras de construción de calquera tipo de edificación, reconstrución ou ampliación. Dita liña, paralela á vía, situarase ás seguintes distancias:

– Para vías tipo I pertencentes ao Estado a:

- 100 m. en circunvalacións, contados dende a aresta exterior da calzada máis próxima, medidas horizontalmente a partires da mencionada aresta (ver definición de aresta exterior da calzada en gráfico do apartado 2. Liñas de peche) e 25 m. nos seus enlaces, medidos de igual xeito.
- 50 m. en autoestradas (salvo nos seus ramais de acceso que serán de 25 m.), autovías e vías rápidas e 25 m. non resto das estradas, contados dende a aresta exterior da calzada máis próxima, medidas horizontalmente a partires da mencionada aresta. A afección para publicidade será de 8 m. en autoestradas, autovías e vías rápidas e de 3 m. para o resto das vías.

Está prohibido levar a cabo obras de construción, reconstrución ou ampliación de edificacións na franxa definida dende a aresta exterior da calzada.

Fóra de tramos urbanos, queda prohibido colocar publicidade visible dende a franxa de dominio público.

- Para vías tipo I pertencentes á Xunta de Galicia a :
 - 30 m. en autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e variantes de poboación, 12 metros nas estradas da rede primaria básica non incluídas nas categorías anteriores (PO-534), 9,50 metros nas estradas da rede primaria complementaria e 7 metros no resto das estradas, medidas horizontalmente a partir da aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e aos seus elementos funcionais e perpendicularmente ao eixo da calzada máis próxima. A afección para elementos de publicidade será de 15 m. en autoestradas, autovías, vías rápidas e corredores e de 10 m. no resto. (ver definición de aresta exterior da explanación en gráfico do apartado 2. Liñas de peche).

Está prohibido realizar obras de construción, reconstrución ou ampliación de edificacións na franxa definida.

Excepto en tramos urbanos, queda prohibido colocar publicidade visible dende a franxa de dominio público.

- Para vías tipo II as seguintes distancias :
 - 9,50 m. na rede primaria e 7 m. no resto das estradas, medidas horizontalmente a partir da aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e aos seus elementos funcionais e perpendicularmente ao eixo da calzada máis próxima (ver definición de aresta exterior da explanación en gráfico do apartado 2. Liñas de peche).

Esta prohibido realizar obras de construción, reconstrución ou ampliación na franxa definida.

- Para vías tipo III as seguintes distancias:
 - 6 m. dende o eixo, sempre que esta distancia sexa superior a 3.50 m dende o borde da vía, entendendo por tal a intersección do marxe co noiro (desmonte ou terraplén) ou os muros de contención, se existen (ver definición de aresta exterior da explanación en gráfico do apartado 2. Liñas de peche). Prohibido situar construcións na franxa definida en zonas non consolidadas pola edificación en solo de núcleo rural.

4. Aliñacións.

Para as zonas urbanas consolidadas e de núcleo rural con aliñacións estables ou consolidadas autorízase en xeral e de acordo con este documento edificacións ou construcións (incluídos os peches) a distancias inferiores ás subliñadas nos puntos 2 e 3 deste apartado para o resto do solo; é dicir, enténdese por zonas consolidadas as correspondentes o solo urbano consolidado e ás de núcleo rural histórico - tradicional. Sen prexuízo de que para as estradas estatais é de aplicación a limitación xenérica de 25 m. medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima. Non obstante o outorgamento de autorizacións para realizar obras ou actividades non executadas polo Ministerio de Fomento, nas zonas de dominio público dos tramos urbanos de estradas estatais, se ben corresponde ao Concello, requirirase o previo informe vinculante de dito departamento ministerial, de conformidade co establecido no artigo 125 do Regulamento Xeral de Estradas. Nos restantes casos, os informes vinculantes anteriores corresponderá outorgalos ao organismo titular da estrada correspondente.

Estas distancias terán a consideración de aliñacións e defínense nos planos e ordenanzas correspondentes. Cando non sexa así, a separación entre aliñacións mínimas para os distintos tipos de vías serán as seguintes:

- Vías tipo I - 10 m.

- Vías tipo II - 8 m.

Para as estradas cuxa titularidade corresponde ao Estado, a tramitación do presente Plan comprenderá tamén a solicitude á Administración competente para a redacción do oportuno estudo de delimitación dos tramos urbanos segundo o artigo 124 do Regulamento Xeral de Estradas, tendo carácter orientativo a proposta das mesmas en tanto non recaia a correspondente resolución definitiva.

No caso de contradición entre o previsto nas presentes normas e o disposto polo organismo titular das estradas estatais, prevalecerá o establecido por este último. Nos restantes casos estas normas tramitaranse igualmente como solicitude á administración competente titular das estradas afectadas.

5. Camiños rurais.

O tecido de camiños públicos referenciado nos planos de ordenación e clasificados como tipo III por estas normas terá a consideración de camiños rurais.

No poderán modificarse os perfís lonxitudinais e transversais dos camiños rurais sen o correspondente proxecto ou licenza municipal. Toda modificación de perfís terá que prestar especial atención ás condicións paisaxísticas.

6. Outras limitacións.

Os usos de todos os terreos, incluídos os afectados polos instrumentos de desenvolvemento do PXOM e comprendidos nas zonas de dominio público, servidume e afección das estradas axustaranse ao establecido no Capítulo III da Lei 25/1.988 de 29 de xullo, de estradas -para as estatais- e ao establecido no Capítulo III da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia -para autonómicas-.

Igualmente os accesos de particulares e de uso público deberán contar previamente á súa construción coa autorización do Ministerio de Fomento e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ou da Deputación Provincial, según sexan estradas do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Deputación. Canto aos accesos de particulares, estes deberán coordinarse para reducir o seu número ao mínimo, debendo efectuarse nun dos lindeiros da leira, de xeito que poida servir tamén á leira contigua, reducíndose así á metade o número deles.

Para a construción de calquera glorieta que poida plantexarse como desenvolvemento do Plan Xeral deberán extremarse as condicións de deseño, realizando as adaptacións que sexan necesarias nos viais que acceden á mesma, estando supeditado o deseño definitivo, o informe vinculante e/ou autorización que no seu momento e no seu caso se emita, trala presentación do correspondente proxecto de construción.

A iluminación dos tramos de estrada deberá deseñarse e executarse, no seu caso, conforme ás "Recomendacións para a iluminación de estradas e túneles" publicadas polo Ministerio de Fomento en 1999.

Os cerramentos de frontes de parcelas, calquera que sexa a clase e categoría do solo en que se sitúen e a titularidade da estrada coa que linden, non se permitirá que os pasos e portas dos devanditos cerramentos dispoñan de apertura cara ditas estradas. Con carácter xeral deberán deseñarse a posición das portas respecto da liña de cerramento de xeito que se existe a posibilidade de ter que deterse nelas, ben por estaren pechadas, ben pola presenza de casetas de control, etc., deberán recuarse de xeito que os vehículos non invadan a calzada.

Nos proxectos de urbanización que desenvolven obras viarias en colindancia directa con estradas, con independencia da súa titularidade deberán deseñarse os sistemas de recollida e evacuación de augas de xeito que a urbanización non aporte caudais de escorrentía aos elementos de drenaxe da estrada, e que así mesmo contemple a recollida e evacuación dos caudais procedentes dos sistemas de drenaxe da propia estrada interceptados.

En todo caso as novas dotacións de servizos de infraestructuras para abastecemento, saneamento e outros servizos implantaranse fora da zona de dominio público da estrada ou vía afectada.

Así mesmo en ditos proxectos de urbanización, deberán terse en conta os criterios de visibilidade en interseccións de xeito que deberán estudarse as modificacións precisas da aliñación principal de xeito que a intersección de calquera das rúas, estradas ou camiños que accedan a unha estrada contén con visibilidade de parada e de intersección tal e como as define a Instrución de Trazado 3.1.-IC, aprobada polo Ministerio de Fomento por orde do 27 de decembro de 1999.

A necesidade de visibilidade afecta tamén á disposición de cerramentos de parcela e ás plantacións.

No deseño das diferentes condicións incluídas en proxectos de infraestructuras e/ou urbanización deberán terse en conta as determinacións contidas no Art. 94.d do Regulamento de Conduccións Subterráneas que subliña que as conduccións de interese privado só se autorizarán pola zona de afección. Excepcionalmente e dende non haxa outra solución, poderase autorizar na zona de servidume, o máis lonxe posible das estradas.

Nos tramos urbanos de estradas estatais que discorran polo solo urbano será de aplicación o Capítulo IV da Lei “Travesías e Redes Arteriais” co informe preceptivo e vinculante e autorización no seu caso para calquera modificación no uso do dominio público e/ou modificación do contacto calzada / beirarrúa. Non obstante os tramos que discorran por solo de núcleo rural non estarán sometidos á aplicación do sinalado Cap. IV da Lei de “Travesías e Redes Arteriais”, se ben seralles de aplicación a normativa vixente para a Rede de Estradas do Estado.

Nas zonas de servidume das estradas estatais non se permiten zonas pavimentadas para novos viais ou aparcamentos agás casos excepcionais.

As novas construcións próximas ás estradas estatais, existentes ou previstas, con carácter previo ao otorgamento das licencias de edificación, deberán comprender un estudio de determinación dos niveis sonoros esperables e a obrigatoriedade, no seu caso, de establecer limitacións á edificación ou de dispoñer os medios de protección acústica imprescindibles, no caso de superarse os umbrais recomendados. Todo elo de acordo co establecido na Lei 37/2.003 de 17 de novembro de Ruído, no RD 1.367/2007 de 19 de outubro de desenvolvemento da Lei do Ruído e a Lei 7/1997 de Protección Contra a Contaminación Acústica na Comunidade de Galicia (D.O.G. 20.08.97) e do Regulamento 150/1999 que o desenrola.

Art. 53. SISTEMA FERROVIARIO.

Polo Término Municipal de Cerdedo discorre o trazado da nova liña de alta velocidade Ourense-Vigo.

Aos solos afectados por dito trazado outorgaselles un tratamento de clasificación urbanística de solo rústico de protección de infraestructuras. Dita clasificación afecta aos terrenos sobre os que discorre, sobre rasante, dito trazado de alta velocidade.

Ao solo así clasificado no presente documento de PXOM resultanlle de aplicación as determinacións establecidas pola Lei 39/2.003 do 17 de novembro, do Sector Ferroviario (B.O.E. de 18 de novembro de 2.003) e en consecuencia se definen e delimitan as seguintes zonas :

ZONA DE DOMINIO PUBLICO

- Comprenden a zona de dominio público os terreos ocupados polas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral e unha franxa de terreo de oito metros a cada lado da plataforma, medida en horizontal e perpendicularmente ao eixo da mesma, desde a aresta exterior da explanación.
- A aresta exterior da explanación defínese coma a intersección do talude do desmonte, do terraplén ou, no seu caso, dos muros de sostemento colindantes co terreo natural.
- Nos casos especiais de pontes, viadutos, estruturas ou obras similares, poderanse fixar como arestas exteriores da explanación as liñas de proxección vertical do bordo das obras sobre o terreo, sendo, en todo caso, de dominio público o terreo comprendido entre as referidas liñas.
- Nos túneles, a determinación da zona de dominio público estenderase á superficie dos terreos necesarios para asegurar a conservación e o mantemento da obra, de acordo coas características xeotécnicas do terreo, a súa altura sobre aqueles e a disposición dos seus elementos, tomando en conta circunstancias tales como a súa ventilación e os seus accesos.

ZONA DE PROTECCION

- A zona de protección das liñas ferroviarias consiste nunha franxa de terreo a cada lado das mesmas delimitada, interiormente, pola zona de dominio público definida no punto anterior e, exteriormente, por dúas liñas paralelas situadas a 70 metros das arestas exteriores da explanación.

NORMAS ESPECIAIS

- Para executar, nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria, calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o destino das mesmas ou o tipo de actividade que se pode realizar nelas e plantar ou talar árbores requirirase a previa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias. O disposto neste apartado enténdese sen prexuízo das competencias doutras Administracións públicas.

Calesquera obras que se leven a cabo na zona de dominio público e na zona de protección e que teñan por finalidade salvaguardar paisaxes ou construcións ou limitar o ruído que provoca o tránsito

polas liñas ferroviarias, serán custeadas polos promotores das mesmas.

Non obstante o anterior, só poderán realizarse obras ou instalacións na zona de dominio público, previa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, cando sexan necesarias para a prestación do servizo ferroviario ou ben cando a prestación dun servizo de interese xeral así o requira. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, poderá autorizarse o cruzamento da zona de dominio público, tanto aéreo como subterráneo, por obras e instalacións de interese privado.

Nos supostos de ocupación da zona de dominio público ferroviario, o que a realizase estará obrigado á limpeza e recollida do material situado nos terreos ocupados até o límite da citada zona de dominio público, previo requirimento da Administración pública ou do administrador de infraestruturas ferroviarias titular da liña. Se non se atendese o requirimento dentro do prazo conferido, actuará de forma subsidiaria a citada Administración pública ou o administrador de infraestruturas ferroviarias titular da liña, mediante a realización das necesarias labores de limpeza e recollida do material, quedando o ocupante dos terreos obrigado a resarcir os gastos nos que se incorrin pola devandita actuación.

- Na zona de protección non poderán realizarse obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade do tráfico ferroviario previa autorización, en calquera caso, do administrador de infraestruturas ferroviarias. Este poderá utilizar ou autorizar a utilización da zona de protección por razóns de interese xeral ou cando o requira o mellor servizo da liña ferroviaria.

Serán indemnizables a ocupación da zona de protección e os danos e prexuízos que se causen pola súa utilización, con arranxo ao establecido na Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa.

A denegación da autorización deberá fundarse nas previsións dos plans ou proxectos de ampliación ou variación da liña ferroviaria no dez anos posteriores ao acordo.

- Poderán realizarse cultivos agrícolas na zona de protección, sen necesidade de autorización previa, sempre que se garanta a correcta evacuación das augas de rega e non se causen prexuízos á explanación, quedando prohibida a queima de restrollos.

- Nas construcións e instalacións xa existentes poderán realizarse, exclusivamente, obras de reparación e mellora, sempre que non supoñan aumento de volume da construción e sen que o incremento de valor que aquelas comporten poidan ser tidas en conta a efectos expropiatorios. En todo caso, tales obras requirirán a previa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias, sen prexuízo dos demais permisos ou autorizacións que puidesen resultar necesarios en función da normativa aplicable.
- Reglamentariamente, poderá determinarse unha distancia inferior á establecida nos puntos precedentes para delimitar a zona de dominio público e a de protección, en función das características técnicas da liña ferroviaria de que se trate e das características do solo polo que discorra dita liña.

LIMITE DE EDIFICACION

- A ambos os dous lados das liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral establécese a liña límite de edificación, desde a cal até a liña ferroviaria queda prohibido calquera tipo de obra de construción, reconstrución ou ampliación, fóra das que resultaren imprescindibles para a conservación e mantemento das edificacións existentes no momento da entrada en vigor da Lei 39/2.003 do 17 de novembro. Igualmente, queda prohibido o establecemento de novas liñas eléctricas de alta tensión dentro da superficie afectada pola liña límite de edificación.
- A liña límite de edificación sitúase a 50 metros da aresta exterior máis próxima da plataforma, medidos horizontalmente a partir da mencionada aresta.

Reglamentariamente, poderá determinarse unha distancia inferior á prevista no parágrafo anterior para a liña límite de edificación, en función das características das liñas.

- Así mesmo, o Ministerio de Fomento, previo informe das comunidades autónomas e entidades locais afectadas, poderá, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, fixar unha liña límite de edificación diferente á establecida con carácter xeral, aplicable a determinadas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral, en zonas ou áreas delimitadas.
- Con carácter xeral, nas liñas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeral que discorran por zonas urbanas, o Ministerio de Fomento poderá establecer a liña límite de edificación

a unha distancia inferior á fixada anteriormente, sempre que o permita o plan urbanístico correspondente.

Art. 54. SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTO COMUNITARIO DE TITULARIDADE PUBLICA.

O sistema xeral de equipamento comunitario comprende o conxunto de equipamentos dedicados a fins administrativos, educativos, sanitarios, deportivos, socio culturais, relixiosos e outros, identificándose segundo o seu emprazamento no solo urbano de Cerdedo, nos solos de núcleos rurais e no solo rústico.

O solo será sempre de dominio público, cando corresponda a cesións resultado do planeamento.

Nos planos de Ordenación sublíñanse o destino previsto especificamente para cada parcela de equipamento, cuxa relación é a seguinte:

- Relixioso.
- Cemiterios.
- Deportivo.
- Mercados.
- Administrativo.
- Educativo.
- Social cultural.
- Asistencial.
- Sanitario.
- Outros.

CONDICIÓN DE VOLUME.

- Edificabilidade máxima.
 - En solo urbano:
1,80 m²/m².
 - En solo de núcleo rural:
0,60 m²/m².
 - En solo rústico:
0,50 m²/m².

- Parcela mínima.
 - En solo urbano:
Non se determina.
 - En solo de núcleo rural:
Segundo ordenanza nº 7 das zonas de solo de núcleos rurais.
 - En solo rústico:
3.000 m².
- Recúes mínimos.
 - En solo urbano:

A composición será libre dentro da parcela, non sendo necesario acadar coa edificación as aliñacións establecidas polo planeamento.
 - En solo de núcleo rural:

De acordo coas aliñacións establecidas e ordenanza correspondente a este tipo de solo.
 - En solo rústico:

Frontal:
O que estableza a lexislación sectorial segundo o tipo de vía.

Laterais e fondo:
5 m.
- Altura da edificación
 - En solo urbano:

O da ordenanza da zona en que se emprace. En caso de non estar establecida a altura máxima será a correspondente a tres plantas (baixo máis dúas plantas).
 - En solo de núcleo rural:

7,00 m. (baixo e unha planta).

- En solo rústico:

7,00 m. (baixo e unha planta), coas excepcións, en razón das características específicas da actividade debidamente xustificadas, que se subliñan no art. 42.1.c da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

USOS.

Admítense exclusivamente os usos propios do equipamento concreto de que se trate, excluindo expresamente o uso residencial que só terá cabida nos casos en que sexa preciso dispoñer dunha vivenda para os vixilantes do equipamento de que se trate.

CONDICIÓNES ESPECIAIS

Dada a gran diversidade de situacións que poden presentarse, considérase fixa a edificabilidade subliñada en cada caso, podendo adaptar o número de plantas e a altura da edificación en función das características especiais do equipamento e previa xustificación de conveniencia do cambio.

Aparcadoiros: dispoñerase o número de aparcadoiros correspondente á actividade concreta en función dos baremos que habitualmente se establecen para cada uso concreto. En calquera caso, o mínimo admitido será de unha praza de aparcadoiro por cada 50 m². de edificación sobre rasante.

Art. 55. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DE DOMINIO E USO PUBLICO.

O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes comprende os espazos con dito destino situados nas diferentes categorías do solo cando fosen de extensión igual ou superior a 5.000 m². ou se inscriba neles un circulo de diámetro maior de 30 m. Nos demais casos

concibiranse como xardíns para xogo de nenos, recreo dos cidadáns e para mellora do ornato público, soleamento e expansión dos núcleos.

A cuantificación superficial do Sistema de Parques e Xardíns públicos e sistema de actuación, establecece nas fichas correspondentes recollidas na Memoria Xustificativa do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Nos planos de ordenación defínense os espazos libres de uso e dominio público, aos que haberá que engadir os resultantes do desenvolvemento dos polígonos de execución integral, plans especiais, plans parciais e plans de sectorización.

CONDICIÓN DE USO

As instalacións compatibles dentro destas zonas serán as seguintes:

- Xogos infantís formados por elementos de mobiliario e áreas de area.
- Xogos ao aire libre e áreas de deporte non regrado.
- Áreas de plantación e axardinamento.
- Illas de estancia, lugares acondicionados para o repouso e recreo pasivo.
- Quioscos de música.
- Postos de revistas, paxaros, flores, etc.
- Servizos hixiénicos públicos.
- Pequenas construcións dedicadas á venda de bebidas, bocadillos, etc.
- Edificacións de carácter desmontable que non superen a superficie de 200 m². e destinadas a cafetería ou restaurante, sempre que a súa titularidade sexa pública.
- Poderase autorizar o uso do subsolo para garaxe– aparcadoiro, sempre de carácter público e que o mesmo non menoscabe o uso deste sistema.

As edificacións que se constrúan nestas áreas terán, sumadas todas, unha ocupación máxima do 5% da superficie do parque, cun máximo non superable de 200 m². A altura máxima destas será de 4,5 m.

Prohibense as construcións, edificacións ou instalacións recollidas no presente apartado que afecten aos ámbitos de espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público situadas nos ámbitos de protección do patrimonio arqueolóxico ou cultural, coa excepción de aquelas, exclusivamente, que teñan por obxeto a posta en valor dos restos ou dos bens.

CAP. 4º.- ORDENANZAS REGULADORAS DAS ZONAS DE SOLO URBANO.**Art. 56. ORDENANZA Nº 1.
DE EDIFICACIÓN EN ZONAS DO CASCO ANTIGO.****DENOMINACIÓN**

EDIFICACIÓN EN ZONAS DO CASCO ANTIGO.

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

Comprende o conxunto de parcelas e edificacións do casco antigo de Cerdedo, nas que se mantén a tipoloxía edificatoria, admitindo as obras de conservación, rehabilitación ou consolidación co mantemento do volume edificado e a estrutura básica da planta e a fachada. Así mesmo permítese a construción de novas edificacións coa mesma tipoloxía que as existentes.

CONDICIONS ESPECIAIS

No conxunto do casco antigo non se admitirá de forma xenérica a posibilidade do derrubo e transformación das vivendas tradicionais. Nas actuacións que se proxecten nas distintas parcelas situadas dentro do ámbito de aplicación da presente ordenanza os materiais permitidos na súa construción ou rehabilitación serán pedra similar en canto a textura, cor e despiece á das edificacións existentes e tellas nas súas cubertas. Calquer outro material, para a súa utilización deberá ser debidamente xustificado e autorizado expresamente pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Previamente á intervención en calquera edificación que se realice dentro do ámbito de ésta ordenanza será necesario presentar documentación técnica suficiente que defina todas as características da edificación existente e os seus materiais, así coma aliñacións, voos e elementos singulares, altura de cornisas no fronte da mazá ou peza da mesma en que se encontre.

CONDICIÓN DE VOLUME.

- Aliñacións.

Conservaránse con carácter xeral as existentes, salvo aquelas que puntualmente se estableceran nos planos de ordenación distintas das actuais.

- Agregación de parcela

Permitirase a agregación de parcelas colindantes para formar parcela ou edificio único co acceso compartido dende a vía pública e nun número máximo de dous, só cando unha das dúas parcelas agregadas tivese un frente igual ou inferior a 4 m. ou cando, tendo frente superior, a súa superficie non acade os 40 m². En calquer caso o frente resultante non poderá superar os 12 m.

- Altura da edificación e fondo edificable

A altura da edificación será de dúas plantas (Baixo + I).

Nas parcelas onde a altura máxima autorizada sexa maior que a existente, poderá alzarse a edificación ata o número máximo de plantas autorizado e a unha altura da cornisa en consoancia coas edificacións existentes con igual número de plantas no frente de mazá ou peza da trama de que se trate.

A altura máxima permitida poderase acadar sempre polas edificacións preexistentes destinadas a vivenda que se conserven, e / ou reestructuren, que posean unha altura menor e en calquera situación parcelaria, salvo en aqueles casos de edificacións existentes afectadas por unha mellora da aliñación.

A altura máxima permitida poderase acadar polas novas edificacións que surdan en parcelas vacantes ou en parcelas provenientes do derribo de edificios existentes sempre que entre o fondo edificable e o fondo superior da parcela deixe unha distancia libre igual a ¼ da altura máxima e nunca menor de 2,5 m. En ningún caso dito fondo poderá superar os 15 m.

As edificacións afectadas ao grado de protección non integral que se establece no presente documento deberán conservar a altura actual de ditas edificacións ou elementos xunto cos volúmenes edificadas e a composición de fachada e de elementos singulares asociados a ditos volúmenes edificadas. Nos supostos excepcionais que poideran incrementarse a altura de ditas edificacións, tales actuacións estarán amparadas sempre por necesidades asociadas ás condicións de habitabilidade dos inmobles e precisarán da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Edificabilidade.

1,5 m²/m².

- Voos

Manteranse os vóos de galerías, balcon e miradoiros nas súas dimensións e materiais actuais. Así mesmo utilizaranse como referencias de composición para as adicións de plantas e as edificacións construídas conforme a esta ordenanza. En calquer caso non se permitirán voadizos nas novas edificacións ou nas plantas engadidas, podéndose permitir galerías e balcóns cun voo máximo de 0,40 m. Nas rúas de ancho igual ou superior a 8 m. estes elementos poderán acadar a dimensión de 0,60 m.

CONDICIÓN DE COMPOSICION E ESTETICAS

As inherentes ao grado de protección das edificacións existentes, no seu caso, e ao tipo de obra que se realice. Ao menos esixiranse as seguintes nos edificios de nova pranta ou en aqueles que se conserven ou reestructuren:

- Manteranse e conservarán os elementos de sillería, dinteles, pilastras, recercados, balcon e reixería e demais elementos característicos.
- Composición e ritmo de ocós adaptados ao carácter definido polas edificacións tradicionais e/ou protexidas anexas ou próximas.
- Os cerramentos dos vanos situaranse no plano da fachada xa sexa na cara interna ou externa. Non se permitiran tipoloxías extrañas ao conxunto de ocós dominantes.
- Os materiais, o seu tratamento, disposición, textura, color, etc, serán os predominantes no conxunto a protexer, prohibíndose aqueles que sendo ou non tradicionais non se corresponden cos do conxunto a protexer.
- Os aleiros, cornisas, molduras, impostas, etc. corresponderáanse no posible cos existentes nos edificios anexas.

- Especialmente cuidarase o tratamento das prantas baixas con destinos comerciais, etc., que deberán estar integradas na composición xeral da fachada. Os rótulos, situaríanse preferentemente no interior dos ocos de dita pranta. No caso de situarse sobre a fachada éstos non poderán sobresaír ao interior dos ocos de dito plano máis de 15 cm.
- As cubertas adecuaránse na súa pendente, culminación e materiais aos dominantes nos edificios tradicionais e/ou protexidos anexos ou próximos.
- Garaxe e aparcadoiro.

Cando sexa factible, en función das condicións do solar, o Concello poderá esixir a habilitación dunha praza de garaxe aparcadoiro por vivenda, ou o seu equivalente por cada 80 m². de edificación.

USOS AUTORIZADOS.

Autorizaranse os seguintes usos:

- Vivendas.
- Hoteleiro.
En edificio exclusivo.
- Comercial.
Categorías 1^a, 2^a e 3^a.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Oficinas.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Industrial.
Categorías 1^a e 2^a.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.
- Garaxe–aparcadoiro.
- Espectáculos.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.

- Locais de ocio.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.
A porta de acceso deberá contar cunha saída contra incendios a unha distancia non superior a 50 m. da mesma.
Deberán contar con accesos e corredores compatibles coa normativa de seguridade.
- Relixioso.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.
- Cultural.
- Sas de reunión.
- Sanitario.
- Educativo.
- Asistencial.
Categorías 1ª, 2ª. Cumprirán as condicións especificadas para este uso.

Art. 57. ORDENANZA Nº 2. DE EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO.

DENOMINACIÓN

EDIFICACIÓN EN BLOQUE PECHADO

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

Responde á tipoloxía de edificación entre medianeiras en bloque pechado con ou sen patio de bloque, apoiándose sobre a Rúa Ourense, do que o seu uso característico é o residencial en vivenda colectiva.

CONDICIÓN DE VOLUME.

- Aliñacións.

Son as establecidas nos planos de ordenación.

- Fondo edificable.

O indicado nos planos de ordenación. No seu defecto será de 12 m. máximo. O fondo mínimo a edificar do que deberá dispoñer o solar será de 6 m.

Nos bloques pechados, onde a fachada posterior corresponda a patios de bloque, o fondo xenérico refírese ás plantas piso, podendo ser superado pola prolongación das plantas soto, baixo e semisoto.

- Parcela mínima.

100 m².

Poderanse autorizar edificacións en parcelas de menor tamaño e naqueles supostos en que se poña de manifesto a imposibilidade física de cubrir estes mínimos en base a supostos excepcionais de parcela vacante entre áreas consolidadas pola edificación ou supostos asimilables.

- Fronte mínima de parcela.

8 m., coa excepción para aquelas parcelas que se atopen entre outras xa edificadas no momento de aprobación do presente Plan Xeral.

- Recúes.

- á aliñación exterior:

A edificación deberá construírse coa liña de fachada sobre a aliñación exterior, coa excepción da planta baixa que poderá ser recuada da aliñación, cumprindo os parámetros mínimos esixidos para o caso de soportais.

- á aliñación interior:

A edificación poderá construírse coa liña de fachada posterior sobre a aliñación interior, se ben se permite non alcanzar este fondo (sempre e cando se respecte o fondo mínimo a edificar establecido). En solares situados en mazás pechadas permitirase superar esta aliñación coa prolongación das plantas sotos, semisotos e baixas.

- Laterais :

A edificación deberá arrimarse aos lindeiros laterais.

- Altura da edificación.

O número máximo de plantas será de tres (baixo + dúas) cunha altura máxima permitida á cara inferior do último forxado de 10,40 m.

O establecemento mediante a presente ordenanza da altura da edificación en baixo e dúas plantas ten por obxeto efectuar o recoñecemento das alturas e plantas das parcelas edificadas dentro da presente ordenanza, evitando con elo a xeración de edificacións contruídas que pasarían a ter a consideración urbanística de fora de ordenación.

A altura medirase sobre a rasante da rúa á que dea fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasantes de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude que será a que se corresponde co fondo máximo establecido para dita rúa.

- Voos.

Os voos están regulados pola ordenanza xeral do presente plan.

- Garaxe e aparcadoiro.

Cando sexa factible, en función das condicións do solar, o Concello poderá esixir a habilitación dunha praza de garaxe aparcadoiro por vivenda, ou o seu equivalente por cada 80 m². de edificación.

- Condicións estéticas.

Cando a aliñación do edificio a construír está recuada con respecto a un edificio existente, incluírase obrigatoriamente no proxecto suxeito a licenza o tratamento da parede medianeira, dando á mesma a consideración de fachada a efectos dos materiais a utilizar.

De igual xeito as novas edificacións correspondentes ás parcelas afectadas por esta ordenanza e colindantes con calquera outra ordenanza de solo urbano, de solo urbanizable ou de solo rústico, deberán experimentar un retranqueo mínimo de 3 m. ao límite da súa ordenanza, co fin de que se proceda ao tratamento da parede delimitadora da edificación como fachada, o que implica a

correspondente apertura de ocos. Esta obrigatoriedade de retranqueo non será aplicable aos supostos nos que sobre a parcela colindante exista unha parede medianeira, en cuio caso será obrigatorio o adose a fin de proceder a súa eliminación.

As edificacións existentes á entrada en vigor do presente PXOM e nas que se inste a súa legalización, deberán cumprir todos os parámetros da presente ordenanza, a excepción do retranqueo ao lindeiro no suposto de atoparse en colindancia con outra ordenanza, se ben, para a súa legalización, será obrigatorio o tratamento da parede medianeira cos mesmos materiais que os da fachada principal.

En calquera caso trataranse tódalas fachadas do edificio coidando a composición, tipoloxía e calidade de materiais. En consecuencia, prohíbese a construción de paredes medianeiras sen tratamento de fachada.

Os materiais empregados deben armonizar co entorno e responder ao catálogo dos empregados na gran maioría das edificacións do solo urbano e en tal sentido as cubertas deberán rematarse con tella cerámica, coa excepción de edificacións nas que se poida xustificar a súa singularidade arquitectónica.

USOS AUTORIZADOS.

Autorizaranse os seguintes usos:

- Vivendas.
- Hoteleiro.
Tódalas categorías.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Comercial.
Categorías 1ª, 2ª e 3ª.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Oficinas.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Industrial.
Categorías 1ª e 2ª.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas

inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.

- Garaxe–aparcadoiro.
Categorías 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª
- Espectáculos.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.
- Locais de ocio.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.
La porta de acceso deberá contar cunha saída contra incendios a unha distancia non superior a 50 m. da mesma.
Deberán contar con accesos e corredores compatibles coa normativa de seguridade.
- Religioso.
Si se empraza en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa asentamento en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vencella á planta de acceso dende a vía pública.
- Cultural.
- Sas de reunión.
- Deportivo.
- Sanitario.
- Educativo.
- Asistencial.
Categorías 1ª, 2ª. Cumprirán as condicións especificadas para este uso.

Art. 58. ORDENANZA Nº 3. DE EDIFICACIÓN EN BLOQUE ABERTO.

DENOMINACIÓN.

EDIFICACIÓN EN BLOQUE ABERTO.

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

Responde á tipoloxía de edificación de bloques abertos, con ou sen patios interiores, dos que o seu uso característico é o residencial en vivenda colectiva.

CONDICIÓN DE VOLUMEN.

- Aliñacións.

Son as establecidas nos planos de ordenación.

- Fondo edificable.

O indicado nos planos de ordenación. No seu defecto será de 12 m.

O fondo xenérico refírese ás plantas piso, baixo e semisoto, podendo ser superado pola prolongación das plantas soto.

- Parcela mínima.

300 m².

- Fronte mínima de parcela.

18 m.

- Recúes.

- Á aliñación exterior:

A edificación deberá construírse coa liña de fachada sobre a aliñación exterior, coa excepción da planta baixa que poderá ser recuada da aliñación, cumprindo os parámetros mínimos esixidos para o caso de soportais.

- Laterais e fondos:

3 m. Permítese acaroamento con acordo entre lindeiros e proxecto e obra conxuntos sen que poidan dispoñerse paredes medianeiras nin sequera temporalmente. Así mesmo permítese o acaroamento no caso de existir parede medianeira na parcela colindante.

- Entre edificacións:

2/3 da altura media das edificacións, medida de acordo cos criterios do Plan Xeral de Ordenación Municipal para medición de alturas que se establecen no seu Art. 37.

No caso de que a parcela linde con algunha edificación construída con anterioridade á aprobación do presente Plan e que a mesma teña unha parede medianeira, será obrigatorio o apegue á mesma.

- Altura da edificación.

O número máximo de plantas será de tres (baixo + dúas) cunha altura máxima permitida á cara inferior do último forxado de 10,40 m.

A altura medirase sobre a rasante da rúa á que dea fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasantes de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude que será a que se corresponde co fondo máximo establecido para dita rúa.

- Voos.

Non se permiten voos.

- Garaxe aparcamento.

Disporase dunha praza de aparcamento por cada oitenta (80) metros cadrados de superficie construída sobre rasante.

- Condicións estéticas.

Cando a aliñación do edificio a construír está recuada con respecto a un edificio existente, incluírase obrigatoriamente no proxecto suxeito a licenza o tratamento da parede medianeira, dando á mesma a consideración de fachada a efectos dos materiais a utilizar.

En calquera caso trataranse tódalas fachadas do edificio coidando a composición, tipoloxía e calidade de materiais.

Os materiais empregados deben armonizar co entorno e responder ao catálogo dos empregados na gran maioría das edificacións do solo urbano e en tal sentido as cubertas deberán rematarse con tella cerámica, coa excepción de edificacións nas que se poida xustificar a súa singularidade arquitectónica.

USOS AUTORIZADOS.

Autorizaranse os seguintes usos :

- Vivendas colectivas.
- Hoteleiro.
categorías 1ª e 2ª.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Comercial.
categorías 1ª, 2ª e 3ª.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Oficinas.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas.
- Industrial.
categorías 1ª e 2ª.
Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente. Cumprirán as condicións especificadas para este uso.
- Garaxe–aparcadoiro.
categorías 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª.
As estacións de servizo cumprirán coa lexislación específica.
- Espectáculos.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.
- Salas de reunión.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.
- Locais de ocio (recreativo).
Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.
Deberán contar con accesos e corredores compatibles coa normativa de seguridade.
A porta de acceso deberá contar cun hidrante contra incendios a unha distancia non superior a 50 m. da mesma.
- Relixioso.

En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.

Os tanatorios dispoñeranse en edificio exclusivo.

- Cultural.

En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.

- Deportivo.

En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.

Só se permitirán aquelas instalacións que non alberguen espectadores.

- Sanitario.

En edificio exclusivo ou de vivendas. Neste último caso non se permitirá a ubicación de establecementos que requiran hospitalización. Ademais, as clínicas veterinarias e establecementos similares ubicaranse nas plantas baixas dos edificios e terán acceso independente.

- Educativo.

En edificio exclusivo o de vivendas.

- Asistencial.

Categorías 1ª, 2ª. Cumprirán as condicións especificadas para este uso.

USOS PROHIBIDOS

Os restantes.

Art. 59. ORDENANZA Nº 4. DE EDIFICACIÓN MIXTA.

DENOMINACIÓN.

EDIFICACIÓN MIXTA.

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

Responde á tipoloxía edificatoria mixta dos núcleos que se orixinaron dun xeito heteroxéneo apoiándose sobre a rede viaria tradicional. Estas zonas están ocupadas en parte polas vivendas unifamiliares ou colectivas e en tipoloxía de edificacións acaroadas ou exentas.

CONDICIÓNS DE VOLUME.

- Aliñacións.

Son as establecidas nos Planos de Ordenación. No seu defecto a 6 m. do eixe do vial ao que dea fronte á parcela.

- Parcela mínima.

300 m².

Poderanse autorizar edificacións en parcelas de menor tamaño naqueles supostos en que se poña de manifesto a imposibilidade física de cubrir estes mínimos en base a supostos excepcionais de parcela vacante entre áreas consolidadas pola edificación ou supostos asimilables.

- Parcela edificable.

Con independencia da superficie, fronte e tamaño das parcelas sometidas a esta ordenanza, serán en todo caso inedificables aquelas que den fronte unicamente a un viario con ancho igual ou menor a 4 m.

- Fronte mínima de parcela.

- Entre medianeiras, é dicir para edificacións acaroadas a ambos lindeiros : 6 m.
- Acaroadas, é dicir para edificacións acaroadas a un lindeiro : 9 m.
- Exenta, é dicir para edificacións exentas respecto a ambos lindeiros : 12 m.

- Recúes.

- Á aliñación :

A edificación poderá retranquearse respecto a aliñación exterior.

- Laterais :
Acaroadada con proxecto conxunto ou separada unha distancia igual a 2/5 da altura, con un mínimo de 3 m.

En caso de existir unha parede medianeira, será obrigatorio o encostamento nese lindeiro.

En edificacións existentes se permitirá alcanzar a altura máxima permitida pola ordenanza, co fondo máximo permitido.

- A fondo de parcela :
A edificación se separará do lindeiro traseiro unha distancia mínima de 3 m.

- Altura da edificación.

O número máximo de plantas será de dúas (baixo + unha) cunha altura máxima permitida á cara inferior do último forxado de 7,40 m.

A altura medirase sobre a rasante da rúa á que dea fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasantes de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude que será a que se corresponde co fondo máximo establecido para dita rúa.

- Edificabilidade máxima.

0,5 m²/m².

- Voos.

Os voos máximos admitidos son os xenéricos das ordenanzas.

- Garaxe aparcamento.

Disporase dunha praza de aparcamento por cada oitenta (80) metros cadrados de edificación.

- Condicións estéticas.

Cando a aliñación do edificio a construír está recuada con respecto a un edificio existente, incluírase obrigatoriamente no proxecto suxeito a licenza o tratamento da parede medianeira, dando á mesma a consideración de fachada a efectos dos materiais a utilizar.

En calquera caso trataranse tódalas fachadas do edificio coidando a composición, tipoloxía e calidade de materiais.

Os materiais empregados deben armonizar co entorno e responder ao catálogo dos empregados na gran maioría das edificacións do solo urbano e en tal sentido as cubertas deberán rematarse con tella cerámica, coa excepción de edificacións nas que se poida xustificar a súa singularidade arquitectónica.

USOS AUTORIZADOS.

Autorizaranse os seguintes usos :

- Vivendas.
- Hoteleiro.
En edificio exclusivo ou en edificios de vivendas. Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Comercial.
Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente.
- Oficinas.
- Industrial.
categorías 1ª e 2ª.
Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.
- Garaxe–aparcadoiro.
categorías 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª.
- Espectáculos.
Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirá a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.
- Locais de ocio.
Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e

superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.

A porta de acceso deberá contar cun hidrante contra incendios a una distancia no superior a 50 m. dela.

Deberán contar con accesos e corredores compatibles coa normativa de seguridade.

- Religioso.

Se se ubica en edificios de vivendas, contará con acceso independente e permitirase a súa ubicación en plantas inmediatas e superiores á planta baixa sempre e cando se vinculen á planta de acceso desde a vía pública.

- Cultural.
- Salas reunión.
- Deportivo.
- Sanitario.
- Educativo.
- Asistencial.

Categorías 1ª, 2ª. Cumprirán as condicións especificadas para este uso.

Art. 60. ORDENANZA Nº 5. DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL DE PROMOCIÓN PÚBLICA.

DENOMINACIÓN.

Edificación en ringleira, con mantemento de aliñación, destinada a edificación residencial de promoción pública.

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

Esta ordenanza é de aplicación ás áreas urbanas do núcleo de Cerdedo, especificamente reservadas para o asentamento de vivendas sociais, que soportan un conxunto de edificacións de tipoloxía adosada, aliñadas ao longo do viario ao que dan fronte as parcelas, que non alcanzan a definir mazá e que se delimitan nos planos de ordenación urbana a escala 1/1.000.

Establecese un sistema de ordenación lineal, respecto ao eixe do viario ao que da fronte a parcela, mediante edificacións adosadas.

CONDICIÓN DE VOLUME.

- Aliñacións.

As definidas nos planos de Ordenación urbana a escala 1/1.000.

- Fondo máximo edificable.

O indicado nos planos de ordenación. De non estar expresamente grafiado o fondo máximo será de 12 m.

- Parcela mínima.

900 m².

Con esta consideración garantízase que o total do ámbito afectado pola presente ordenanza resólvese mediante unha única actuación edificatoria.

- Fronte mínima de parcela.

50 ml.

- Recúes.

- Á aliñación exterior :
As edificacións poderán retranquearse respecto a aliñación exterior.
- Á aliñación interior :
As edificacións deberán construírse coa liña de fachada posterior sobre a aliñación interior, coincidente co límite da parcela afectada pola presente ordenanza, se ben permítese non acadar este fondo, en cuxo caso o recúe autorizado respecto da aliñación interior será de 3 m.
- Laterais :
O conxunto edificatorio poderá adosarse aos lindeiros laterais, en cuxo caso os laterais da edificación deberán proxectarse con tratamento de fachada, ao colindar directamente cos espazos libres públicos.

- Altura da edificación.

O número máximo de plantas será de 2 (B + I) cunha altura máxima permitida á cara inferior do último forxado de 7,40 m.

O altura medirase sobre a rasante da rúa á que da fronte a edificación, medida ésta no seu punto medio.

- Voos.

Os voos están regulados pola ordenanza xeral do presente plan.

- Garaxe aparcamento.

Disporase dunha praza de aparcamento por cada oitenta (80) metros cadrados de superficie construída sobre rasante.

- Condições estéticas.

Se a liña de fachada posterior se construíse sobre a aliñación interior incluírase obrigatoriamente no proxecto sometido a licenza o tratamento de parede medianeira, dando á mesma a condición de fachada, a efectos dos materiais a utilizar.

En calquer caso trataráanse todas as fachadas da edificación coidando a composición, tipoloxía e calidade de materiais, tanto si se trata de fachadas formadas a espazos públicos como a patios de luces ou de parcela.

En consonancia co anterior prohibese a construción de medianeiras sen tratamento de fachada.

Os materiais empregados deben armonizar co entorno e responder ao catálogo dos empregados na gran maioría das edificacións do solo urbano e en tal sentido as cubertas deberán rematarse con tella cerámica, coa excepción de edificacións nas que se poida xustificar a súa singularidade arquitectónica.

USOS AUTORIZADOS.

Autorizaranse os seguintes usos :

- Vivenda unifamiliar.

USOS PROHIBIDOS.

- Os restantes.

Art. 61. ORDENANZA Nº 6. DE SOLO URBANO INDUSTRIAL.

DENOMINACIÓN

Os terreos obxecto desta ordenanza, corresponden o solo industrial incluído no Plan Especial de O Sangal.

AMBITO E CARACTERÍSTICAS

A delimitación proposta no presente Plan Xeral de Ordenación Municipal correspondese co plano nº 5 de ordenación do Plan Especial O Sangal, aprobado definitivamente polo Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente de data 1 de setembro de 2.006 (B.O.P. nº 174 de 11 de setembro de 2.006).

CONDICIÓN DA PARCELACION

O uso e o industrial establecéndose a parcela mínima de 2.000 m² co fin de proporcionar unha parcela mínima por calquer tipo de actividade, podendo no proceso de adxudicación xuntarse varias para conseguir unha de maior tamaño.

CONDICIÓN DA EDIFICACION

As condicións xerais da edificación serán as seguintes :

- Edificabilidade.

0,85 m²/ m².

- Aliñacións.

As establecidas nos planos de ordenación, podendo ser completadas mediante estudio de detalle.

- Parcela mínima.

2.000 m².

- Ocupación máxima.

70 %.

- Fronte mínimo de parcela.

20,00 m.

- Recúes.

4,00 m as aliñacións e colindantes ou adosadas con convenio entre colindantes.

- Altura da edificación

- B+1 plantas
- 7,00 metros de altura máxima e alturas libres entre plantas de 3,00 m. mínimos cando se adiquen a uso industrial ou almacén. 2,70 m. para os usos de oficina integrada.
- Por encima das alturas máximas e alturas so poderán sobresaír elementos singulares.

USOS AUTORIZADOS

- Industrial en tódalas súas categorías, considerado como uso principal.

Os usos seguintes veranse afectados polos coeficientes de edificabilidade recollidos na Lei 15/2004 e, por tanto, non superarán en ningún caso os 0,30 m²./m². :

- Comercial
- Oficiñas
- Garaxe-aparcamento

OUTROS USOS AUTORIZABLES

Ademais dos usos recollidos no epígrafe anterior poderán permitirse os seguintes usos:

Usos Dotacionais :

- Equipamentos
- Servizos públicos
- Espazos libres, xardíns e parques públicos.
- Comunicacións
 - * Viais
 - * Aparcamentos
- Infraestructuras e servizos urbanos.

USOS PROHIBIDOS.

- Os restantes.

CESIÓNS DE APROVEITAMENTO

A cesión corresponde ó 10 % do aproveitamento medio que se cede ao propio Concello deberá saír a concurso valorándose a actuación para que en cumprimento da lexislación, os beneficios obtidos se destinen a fins urbanísticos.

APROVEITAMENTO TIPO

Calcularase como se determina no artigo 114 da lei 9/2002 e por tanto será a división do aproveitamento lucrativo total en metros cadrados do uso industrial, pola superficie total da área.

Art. 62.- SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.

1.- AREAS DE REPARTO E APROVEITAMENTO TIPO.

Constitúe este solo un total de dúas áreas, que incluíndose dentro da delimitación do solo urbano de Cerdedo, nas mesmas resultan precisos procesos integrais de urbanización e de dotacións urbanísticas, con distribución equitativa de beneficios e cargas, cuxo desenvolvemento e conclusión se prevé a través da redacción, aprobación e execución de plans especiais de reforma interior.

Ditas áreas figuran coa súa correspondente identificación numérica nos planos de ordenación. Dita identificación materialízase sinalándoas con SUNC-1 e SUNC-2. Como queda sinalado anteriormente, as delimitacións dos solos urbanos non consolidados, necesitados de procesos integrais de urbanización, desenvólvense en todos os casos

mediante os respectivos PERI como instrumentos de execución das operacións de urbanización sinaladas e os trazados viarios e delimitacións de espazos libres / zonas verdes que se sitúen dentro do seu ámbito segundo as previsións do Plan Xeral de Ordenación Municipal, poseen o máximo grao de vinculación, de tal xeito que no desenvolvemento dos correspondentes Plans Especiais de Reforma Interior serán respectados con carácter absoluto. Igual criterio se aplicará ás cualificacións de solo, de conformidade coa ordenación urbanística de aplicación que se lles asigna.

O aproveitamento urbanístico e a delimitación das áreas de reparto no solo urbano non consolidado realizase de acordo cos requisitos establecidos na Ley, nos seus artigos 111, 112 e 113 da forma que segue :

- Estabécense áreas de reparto atendendo ao desenvolvemento e completamento da trama urbana, establecendo para cada unha de ditas áreas unha ficha característica coas seguintes determinacións para que se remita a ordenación detallada a un Plan Especial de Reforma Interior (PERI) :
 - Delimitación do ámbito.
 - Determinación dos usos globais, tipoloxías edificatorias, alturas máximas e superficie total edificable.
 - Fixación da contía de reserva mínimas para dotacións urbanísticas.
 - Cargas que lle corresponden derivadas da adscrición de Sistemas Xerais, no suposto que así sexa.

- Serán incluídas nas áreas de reparto os terreos destinados a sistemas xerais, salvo cando a súa propia magnitude determine a improcedencia de que sexan obtidos a través dos sistemas de reparto de cargas e beneficios.

As intensidades atribuídas aos ámbitos son semellantes, exceptuando algunhas diferentes que obedecen exclusivamente á adaptación ás características da complexidade urbanística do territorio, adaptándose a súa tipoloxía e densidade ao modelo urbanístico deseñado, e cun criterio de gradiente negativo de densidade do centro á periferia, equilibrándose estas diferenzas mediante o sistema de repartición de cargas.

As cargas dos propietarios particulares se efectúan mediante un detallado estudio individualizado de beneficios e cargas para cada área de reparto, proporcional ao seu volume edificable,

segundo o seu uso e tipoloxía, dando resposta así ao Artigo 52.3 da Lei, e en especial a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.

Así mesmo se comproba que o resultado final é sostible e equilibrado para todas as áreas de repartición, xa que o valor residual do solo final obtido a través de todas as determinacións das áreas, resulta equivalente aos valores residuais do mercado para cada uso e tipoloxía e situación dentro da vila.

2.- APROVEITAMENTO TIPO.

No solo urbano non consolidado, o aproveitamento tipo de cada área de reparto obterase dividindo o aproveitamento lucrativo total, incluído o dotacional privado correspondente á mesma, expresado sempre en metros cadrados edificables do uso e tipoloxía edificatoria característicos, pola súa superficie total, excluídos os terreos afectos a dotacións públicas, de carácter xeral ou local, xa existentes no momento de aprobación do Plan Xeral que se manteñan. O resultado reflectirá sempre, unitariamente, a superficie edificable do uso e tipoloxía característicos por cada metro cadrado de solo da área respectiva.

Para que o aproveitamento tipo poida expresarse por referencia ao uso e tipoloxía edificatoria característicos, o planeamento fixará xustificativamente os coeficientes de ponderación relativa entre dito uso e tipoloxía, ao que sempre se lle asignará o valor da unidade, e aos restantes, aos que corresponderán valores superiores ou inferiores, en función das circunstancias concretas do municipio e área de reparto.

3.- DETERMINACIONES DOS APROVEITAMENTOS TIPO. COEFICIENTES DE HOMOXENEIZACION.

Establecese o seguinte cadro para a homoxeneización dos diferentes usos globais establecidos, cunha xustificación que se inclúe dentro da memoria xustificativa incluída no Tomo I .

USO E TIPOLOXIA	USO CARACTERISTICO			
	VPO	VIVENDA LIBRE	COMERCIAL	INDUSTRIAL
Vivenda de protección oficial	1,0000	1,3631	1,0744	1,0857
Vivenda libre	0,7336	1,0000	0,7882	0,7965
Terciario	0,9307	1,2687	1,0000	1,0105
Industrial	0,9211	1,2555	0,9896	1,0000

Nas fichas de cara un dos ámbitos dos solos urbanos non consolidados, aparecen reflectidos os aproveitamentos tipo calculados segundo as especificacións contempladas nos artigos precedentes para os proxectos de equidistribución mediante os correspondentes porcentaxes de usos característicos, aplicando os coeficientes de homoxeneización do cadro anterior.

Para este cálculo se toma, no uso característico a porcentaxe máxima que pode ser materializada, e para o resto dos usos a porcentaxe restante (a mínima porcentaxe esixida), tendo en conta que no caso dos usos residenciais, lle será aplicado o coeficiente de homoxeneización correspondente a vivenda protexida á edificabilidade definida nas fichas correspondentes.

SOLO URBANO NON CONSOLIDADO Nº 1

SITUACION : Espazo interior situado entre a Rúa da Constitución, Rúa Fonte de Brandés
e Rúa das Longas

CLAVE : SUNC-1**TIPO** : Residencial

SUPERFICIES		
Superficie delimitada		20.277,59 m ² . de solo
SISTEMAS LOCAIS	EXISTENTES	
Espacios libres e zonas verdes	m ² .	
Equipamentos	m ² .	
Viario	m ² .	
SISTEMAS XERAIS	EXISTENTES	PROPOSTOS
Espacios libres e zonas verdes	m ² .	M ² .
Equipamentos	m ² .	M ² .
Viario	m ² .	M ² .
Solo rústico de protección incluido		m ² . de solo
Superficie total bruta		20.277,59 m ² . de solo
Superficie computable para aproveitamento tipo		20.277,59 m ² . de solo

USOS E INTENSIDADES		
Superficie total edificable		9.124,92 m ² . construidos
Indice de edificabilidad bruta		0,45 m ² . construidos/m ² . solo
USO	ORDENANZAS DE REFERENCIA	ALTURA MAXIMA
Residencial	Nº 3 y Nº 4	3 plantas (B+II) y 2 plantas (B+I)
Terciario xeral	Nº 3 y Nº 4 (uso permitido)	3 plantas (B+II) y 2 plantas (B+I)

CONDICIONS DE EQUIDISTRIBUCION				
USO CARACTERISTICO	GLOBAL	MÁXIMO (%)	MINIMO (%)	COEFICIENTE HOMOXENEIZACION
Residencial		85	60	Vivenda libre : 1,0000
				Vivenda protexida : 0,7336
OUTROS GLOBAIS	USOS	MÁXIMO (%)	MINIMO (%)	COEFICIENTE HOMOXENEIZACION

Terciario xeral	40	15	0,7882
Tipoloxía edificatoria característica			VIVENDA COLECTIVA / UNIFAMILIAR
<p>O ámbito constitúe unha única área de reparto onde as condicións de equidistribución da edificabilidade total obteranse mediante o cálculo do aproveitamento tipo do uso e tipoloxía característica a partir dos coeficientes de homoxeneización entre os diferentes usos previstos.</p> <p>Aproveitamento tipo (Art. 113 LOUG) = 0,38475 m²./m².</p>			

DESENVOLVEMENTO E XESTION	
Iniciativa do planeamento	Pública
Sistema de actuación	Cooperación
Prazos de desenvolvemento	2.018
Prazo para a conclusión da urbanización	2.020

RESERVAS MINIMAS PARA SISTEMAS LOCAIS	
Espacios libres e zonas verdes	2.100,00 m ² . de solo
Equipamentos	920,00 m ² . de solo
Aparcamientos públicos	183 Nº de plazas (37 de dominio público)

SISTEMAS XERAIS	
RESERVAS DE SOLO	
ADSCRIPCIÓN DE CARGAS	
	Valor asignado

CRITERIOS DE ORDENACIÓN
<p>O planeamento que ordene este sector deberá resolver o viario de necesaria creación no interior do ámbito. Dito viario deberá posibilitar a conexión entre a Rúa da Constitución e a que da fronte ao Cuartel da Garda Civil e ao equipamento escolar.</p> <p>As ordenanzas de aplicación serán as nº 3 de edificación en bloque aberto e nº 4 de edificación mixta. A altura máxima permitida para as edificacións obtidas por aplicación da ordenanza nº 3 será de 3 plantas (B+2) e para as parcelas as que se lles aplica a ordenanza nº 4 de 2 plantas (B+I).</p> <p>A edificabilidade materializarase mediante a aplicación da Ordenanza nº 3 de edificación en bloque aberto para as parcelas con fronte á Rúa das Longas e Rúa da Constitución e mediante a aplicación da ordenanza nº 4 de edificación mixta para o resto das parcelas.</p> <p>O uso predominante será o residencial.</p> <p>O 50 % da edificabilidade deberá destinarse a V.P.P.</p>

O ámbito deberá desenvolverse mediante un único polígono.

O ámbito desenvolverase mediante un PERI. As dotacións urbanísticas de carácter local que se regulan no artigo 47.2 da Lei 9/2002, deberán establecerse como reservas de solo no sinalado instrumento de planeamento de desenvolvemento urbanístico e adecuarse ao sinalado na presente ficha.

Para o desenvolvemento do presente ámbito preveranse dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais. Igualmente incluíránse as TDUS (técnicas de drenaxe urbana sostible) precisas para garantir dun xeito cualitativo e cuantitativo a volta da auga pluvial ao medio receptor. As canalizacións para telecomunicacións, suministro de enerxía eléctrica e redes de alumeadado público resol-veranse por medio de conductos soterrados.

SOLO URBANO NON CONSOLIDADO Nº 2

SITUACION : Na zona central do solo urbano de Cerdedo colindante coa Rúa das Longas,
Rúa dos Carballos e Rúa da Mina

CLAVE : SUNC-2

TIPO : Residencial

SUPERFICIES

Superficie delimitada		9.738,05 m ² . de solo
SISTEMAS LOCAIS	EXISTENTES	
Espacios libres e zonas verdes	m ² .	

Equipamentos		m ² .	
Viario		324,00 m ² .	
SISTEMAS XERAIS	EXISTENTES		PROPOSTOS
Espacios libres e zonas verdes		m ² .	M ² .
Equipamentos		m ² .	M ² .
Viario		m ² .	M ² .
Solo rústico de protección incluido			m ² . de solo
Superficie total bruta			9.738,05 m ² . de solo
Superficie computable para aproveitamento tipo			9.414,05 m ² . de solo

USOS E INTENSIDADES		
Superficie total edificable		3.408,32 m ² . construidos
Indice de edificabilidade bruta		0,35 m ² . construidos/m ² . solo
USO	ORDENANZAS DE REFERENCIA	ALTURA MAXIMA
Residencial	Nº 4	2 plantas (B+I)

Terciario xeral	Nº 4 (uso permitido)	2 plantas (B+I)
-----------------	----------------------	-----------------

CONDICIONS DE EQUIDISTRIBUCION				
USO GLOBAL CARACTERISTICO	MÁXIMO (%)	MINIMO (%)	COEFICIENTE HOMOXENEIZACION	
Residencial	85	60	Vivenda libre : 1,0000	
			Vivenda protexida : 0,7336	
OUTROS GLOBAIS USOS	MÁXIMO (%)	MINIMO (%)	COEFICIENTE HOMOXENEIZACION	
Terciario xeral	40	15	0,7882	
Tipoloxía edificatoria característica			VIVENDA UNIFAMILIAR	
<p>O ámbito constitúe unha única área de reparto onde as condicións de equidistribución da edificabilidade total obteranse mediante o cálculo do aproveitamento tipo do uso e tipoloxía característica a partir dos coeficientes de homoxeneización entre os diferentes usos previstos.</p> <p>Aproveitamento tipo (Art. 113 LOUG) = 0,32594 m²/m².</p>				

DESENVOLVEMENTO E XESTION	
Iniciativa do planeamento	Privada

Sistema de actuación	Compensación
Prazos de desenvolvemento	2.020
Prazo para a conclusión da urbanización	2.022

RESERVAS MINIMAS PARA SISTEMAS LOCAIS	
Espacios libres e zonas verdes	1.000,00 m ² . de solo
Equipamentos	350,00 m ² . de solo
Aparcamientos públicos	69 nº de plazas (14 de dominio público)

SISTEMAS XERAIS	
RESERVAS DE SOLO	
ADSCRIPCIÓN DE CARGAS	
	Valor asignado

CRITERIOS DE ORDENACIÓN

O planeamento que ordene este sector deberá ampliar o viario Rúa da Mina sito dentro do seu ámbito, ata acadar a aliñación grafada nos planos de ordenación (O-1-1).

A ordenanza de aplicación será a nº 4 de edificación mixta. A altura máxima permitida para as edificacións obtidas por aplicación da ordenanza será de 2 plantas (B+I).

O uso predominante será o residencial (vivenda unifamiliar).

O 30 % da edificabilidade deberá destinarse a V.P.P.

O ámbito deberá desenvolverse mediante un único polígono.

O ámbito desenvolverase mediante un PERI. As dotacións urbanísticas de carácter local que se regulan no artigo 47.2 da Lei 9/2002, deberán establecerse como reservas de solo no sinalado instrumento de planeamento de desenvolvemento urbanístico e adecuarse ao sinalado na presente ficha.

Para o desenvolvemento do presente ámbito preveranse dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais. Igualmente incluíranse as TDUS (técnicas de drenaxe urbana sostible) precisas para garantir dun xeito cualitativo e cuantitativo a volta da auga pluvial ao medio receptor. As canalizacións para telecomunicacións, suministro de enerxía eléctrica e redes de alumeadado público resol-veranse por medio de conductos soterrados.

CAP. 5º.- NORMAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO**Art. 63. NORMAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO.**

No ámbito de solo urbanizable non delimitado deberán preverse as conexións ás redes de infraestruturas xerais do municipio. Para isto o correspondente plan de sectorización deberá prever as obras precisas para a ampliación e reforzo de ditos sistemas requeridos pola dimensión e densidade da mesma e as intensidades de uso que esta xere. Ditas obras e actuacións deberán ser custeadas e executadas polos propietarios de solo incluído no ámbito do plan de sectorización correspondente.

Os plans de sectorización que afecten a ámbitos de protección do patrimonio cultural, deberán ser informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no que atinxe á conservación do patrimonio cultural.

Art. 64. SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO DE CARÁCTER INDUSTRIAL.

O solo urbanizable non delimitado de carácter industrial prevese de promoción e titularidade pública, definíndose no presente instrumento de Plan Xeral de Ordenación Municipal dacordo coa relación seguinte:

S.UR.ND. I – 1	
SITUACIÓN	No cruce da estrada N-541 coa estrada PO-534
PLANO DE ORDENACIÓN	O-3-11 / O-3-15
SUPERFICIE DO ÁMBITO	1.019.648 m ² .
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (0,30 m ² .)	305.894 m ² .

INICIATIVA DE PLANEAMENTO	Pública
CONDICIONS DE ACCESIBILIDADE DENDE O SISTEMA VIARIO DE COMUNICACION	Só se permitirá un único acceso coa estrada N-541 e outro dende a estrada PO-534. Ditos enlaces cumprirán coa normativa estatal e autonómica en materia de enlaces e dimensionaranse en función da capacidade total ao teito de desenrolo do ámbito. Así mesmo deberán estar dotados de carris de aceleración e deceleración coas súas correspondentes cuñas de cambio de velocidade. Todos os terreos necesarios para executar os citados accesos consideraranse adscritos ao ámbito do correspondente Plan de Sectorización.
CONDICIONS Ó DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE SECTORIZACION	<p>Imponse como condicion que o plan de sectorización contemple a execución sucesiva do enlace cos diferentes procesos de execución do ámbito de maneira que inicialmente, coa primeira actuación, se garanta a execución dun único enlace con carrís de aceleración, deceleración e central, que cumpra as prescricións autonómicas en materia de enlaces, e que sobrepasado o 50% de execución do ámbito este enlace se transforme nun a diferente nivel. Este proceso será informado con carácter vinculante pola Dirección Xeral de Infraestructuras.</p> <p>Así mesmo e debido á existencia dun curso de auga no ámbito delimitado deberá obterse o correspondente informe favorable e vinculante de Augas de Galicia ao desenvolvemento do Plan de Sectorización.</p>

PREVISIONS EN MATERIA DE RESIDUOS	Serán as propias actividades xeradoras de residuos as responsables de xestionalos, de forma endóxena ou a través de xestores autorizados, cumprindo a lexislación vixente neste eido.
PREVISION DE ZONAS VERDES	O contorno de protección da mámoa das Chairas (GA36011034), cunha superficie de 75.115 m ² . e

	<p>incluída no solo urbanizable de uso industrial prevese a súa adscripción ao sistema local de espazos libres / zonas verdes, o que se deberá ter en conta no momento de desenvolvemento do ámbito.</p> <p>Por elo o Plan que desenvolva o presente solo deberá requirir informe previo a súa aprobación por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.</p>
<p>AUTORIZACIONES VINCULANTES</p>	<p>Será necesario remitir á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a documentación necesaria para a tramitación do proxecto, segundo o establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.</p>

Así mesmo, os sectores do ámbito de solo urbanizable non delimitado de carácter industrial deberán ser obxecto de delimitación, como determinación específica do correspondente Plan de Sectorización, debendo conter unha extensión superficial mínima de 20.000 m². conforme se determina no art. 49 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O sectores proxectados delimitaranse utilizando preferentemente os límites dos sistemas xerais e os elementos naturais determinantes, de forma que se garanta unha adecuada inserción deste dentro da estrutura urbanística do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

1. DELIMITACIÓN.

A definida nos Planos de Ordenación.

2. CONDICIÓNS XERAIS.

- A urbanización da zona queda pendente da aprobación definitiva do Plan de Sectorización correspondente.
- O Plan de Sectorización se axustará ao establecido nos art. 66 e 67 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como ao establecido no

art. 66.3.c) da Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- As reservas de solo para dotacións estableceranse de acordo co establecido no art. 47 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3. CONDICIÓN PARTICULARES.

Delimitación das áreas de reparto.

Os sectores do solo urbanizable non delimitado de carácter industrial, así como os sistemas xerais pertencentes ou adscritos a ditos sectores integranse nunha soa área de reparto conforme se regula no art. 111.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A fixación do aproveitamento tipo establecerase conforme subliña o art. 114 da mesma lei.

Condições de volume e aproveitamento.

- Aproveitamento tipo e aproveitamento susceptible de apropiación.

Por tratarse de solo urbanizable de carácter industrial, o aproveitamento lucrativo correspondente considérase homoxeneizado, polo que o aproveitamento tipo será:

$$AT = \frac{\text{aproveitamento lucrativo total}}{\text{Superficie total da área de reparto, incluída a superficie de sistemas xerais adscritos á área de reparto, - dotacións públicas de carácter xeral ou local existentes.}} =$$

$$AT = 0,65 \text{ m}^2. \text{ construíbles / m}^2. \text{ solo.}$$

Finalmente o A.S.A. (Aproveitamento susceptible de apropiación, segundo o art. 22.d da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), será:

A.S.A. = aproveitamento tipo da área de reparto
x 0,90 x superficie parcela.

Condições de uso e intensidade.

Uso principal:

- Industrial en todas as súas categorías.

Outros usos compatibles permitidos:

- Vivenda do garda, vencella a uso industrial.
- Comercial.
- Oficinas.
- Social.
- Sanitario e primeiros auxilios.
- Servizos públicos.
- Garaxe-aparcadoiro e servizos do automóbil.
- Asistencial
- Deportivo
- Docente.
- Cultural.

Usos prohibidos:

- Os restantes non especificados.

Dotacións e servizos.

As reservas para dotacións determinaranse de acordo co establecido no art. 47 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei

9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os trazados de redes e galerías de servizos determinaranse do modo establecido no art. 64 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, a Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e art. 53 do Regulamento de planeamento.

Características da urbanización, dos elementos de urbanización e do mobiliario urbano.

As características da urbanización relativas á accesibilidade en espazos públicos, itinerarios, parques e xardíns, espazos libres públicos e aparcadoiros así como as características do mobiliario urbano e outros elementos atenderanse ás determinacións establecidas na Lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada lei.

Xestión de sistemas xerais.

Ademais do establecido no art. 47 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como consecuencia do desenvolvemento do sector mediante o planeamento parcial determinarase como elementos de sistemas xerais de precisa creación e incorporación á xestión do plan parcial os seguintes:

- Rede de sumidoiros, abastecemento de auga, alumeadado público e beirarrúas dos viais que circundan o sector.

Réxime transitorio.

De conformidade co establecido no art. 21.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia aos solos urbanizables non delimitados, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico conforme se regula na referida Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro e pola Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CAP. 6º.- NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DAS ZONAS DE SOLO DE NÚCLEOS RURAIS E SOLO RÚSTICO.

Art. 65. ORDENANZA Nº 7. NORMAS REGULADORAS DAS ZONAS DE SOLO DE NÚCLEOS RURAIS.

Resulta de aplicación esta ordenanza aos núcleos delimita dos nos correspondentes planos de clasificación do solo. En ditos ámbitos definidos como núcleos rurais a clasificación será de solo de núcleo rural.

1.- USOS DO SOLO

1.1.- O uso característico de edificación nos núcleos rurais será o residencial. Se considerada sempre como usos complementarios aqueles directamente relacionados cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural en cuestión ou para responder ás necesidades da poboación residente nos mesmos.

1.2.- Poderasen permitir como usos compatibles os terciarios, productivos, turísticos, os pequenos talleres, as novas tecnoloxías da información, os dotacionais, asistenciais e vencellados con servizos públicos, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica do asentamento e o novo uso contribúa á revitalizar a vida rural e mellorar o nivel de vida dos residentes e que, en todo caso, resulten compatibles co uso residencial.

Concretamente autorízanse os seguintes usos:

- Residencial :
 - Vivenda unifamiliar.

- Turismo rural.
- Industrial :
 - Actividades artesanais tradicionalmente ligadas ao núcleo rural, en locais con unha superficie máxima de 250 m². e compatibles co uso residencial característico.
- Terciario :
 - Comercial en categoría 1^a e 2^a.
 - Hoteleiro, en categoría 2^a.
 - Oficinas.
 - Salas de reunións.
- Dotacional :
 - Relixioso.
 - Cultural.
 - Deportivo.
 - Sanitario.
 - Educativo.
 - Asistencial.
- Garaxe – aparcadoiro
 - Garaxe – aparcadoiro e servizos do automóbil. Categorias 1^a, 2^a e 3^a, vencellada á vivenda, ao uso hoteleiro ou de turismo rural e ao industrial.
Categoría 5^a. Talleres de mantemento, tratamento e limpeza de automóviles.

2.- OBRAS DE DERRUBE E DEMOLICIÓN

Queda prohibido o derrube ou a derrube das construcións existentes, excepto nos seguintes supostos:

- O de aquelas construcións que non presenten un especial valor arquitectónico.
- O das edificacións sen valor histórico ou etnográfico, ou o das que téndoo escaso estean en ruína técnica.
- Todos os engadidos que desvirtúen a tipoloxía, forma e volume de calquera edificación primitiva ou que polos materiais neles

empregados supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio. Igualmente tódolos alpendres, almacens e edificacións auxiliares que estean nas mesmas condicións.

- O das derivadas dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

Para estos supostos solicitarase licenza de demolición aportando ao proxecto técnico un estudo xustificado e motivado do cumprimento e veracidade das circunstancias que concorren de acordo co especificado anteriormente.

3.- ACTUACIONES INCOMPATIBLES NOS NUCLEOS RURAIS

Están prohibidas en calquera dos tipos básicos de núcleo rural as actuacións seguintes:

- As edificacións características das zonas urbanas e as que xa sexan de vivenda, auxiliares ou doutro uso, cuxa tipoloxía resulte impropia coas existentes no asentamento no que se proxecten. Non se inclúen neste concepto os invernadoiros con destino exclusivo á produción agraria, que poderán instalarse en calquera tipo de núcleo rural sempre que a súa construción sexa a base de materiais lixeiros e facilmente desmontables.
- Naves industriais de calquera tipo.
- Os movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíe a morfoloxía da paisaxe do lugar.
- A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes sempre que implique o derrubamento de maneira inxustificada, de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras.
- As novas instalacións destinadas á produción gandeira, salvo as pequenas construcións destinadas a usos gandeiros para o autoconsumo.

Ademáis das actuacións incompatibles anteriormente sinaladas, nos núcleos histórico-tradicionais, ou na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos, estarán prohibidas :

- As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de dos unidades.
- Os novos tendidos aéreos de telefonía, electricidade e outros.
- Aqueles usos que, xa sexa polo tamaño das construcións, pola natureza dos procesos de produción, polas actividades que se van desenvolver ou por outras condicións, aínda cumprindo cos requisitos da lexislación medioambiental, non sexan propios do asentamento rural.
- A execución de actuacións integrais e consecuentes operacións de reparcelamento, ou outras actuacións de parcelamento ou segregación do parcelario orixinal, que incumplan lo sinalado no presente documento e determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

4.- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

NUCLEOS HISTORICO – TRADICIONAIS OU NO AMBITO DELIMITADO COMO TAL NOS NUCLEOS RURAIS COMPLEXOS.

As novas edificacións que se pretendan realizar identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións :

- A parcela mínima edificable será de 500 m² e o seu fronte mínimo 12 m. Excepcionalmente e previa xustificación poderá autorizarse a construción sobre parcela inferior, se esta se atopa localizada entre outras xa construídas ou que non sexan divisibles, no momento de aprobación do PXOM de maneira tal que imposibiliten acadar a parcela mínima.
- Permitiranse as parcelacións sempre que as parcelas resultantes posean unha superficie maior a 1.000 m². e un fronte superior a 12 m.
- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregárase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que

harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais do contorno.

Excepcionalmente e para aquelas explotacións existentes que se amplien ao amparo da Disposición Transitoria 11ª da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permitirase que os cerramentos das mesmas se realicen mediante materiais que posteriormente se revistan e pinten. Así mesmo nestes casos permitese que o material de cubrición elixido non sexa a tella, senon un material no que o seu aspecto e cor sexa similar a ésta.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes no núcleo rural. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade, deberá descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si, co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías tradicionais propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

En calquera caso, a superficie máxima edificable de uso residencial por parcela mínima será de 250 m².

- A altura da edificación non excederá de planta baixa e piso, nin dun máximo de 7 m. medidos no centro de todas as fachadas, dende a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.
- A ocupación máxima da parcela pola edificación destinada a vivenda unifamiliar será do 50% e a edificabilidade máxima permitida 0,60 m²/m²., debéndose en calquera caso cumprir a ocupación máxima subliñada no presente paragrafo.

As edificacións auxiliares da vivenda unifamiliar (hórreos, bodegas, alpendres,...) poderán ter unha superficie tal que, sumada á da edificación principal, non se superará nin a edificabilidade nin a ocupación en planta.

A ocupación máxima permitida para as edificacións destinadas a usos distintos do de vivenda unifamiliar ou edificacións auxiliares da mesma, terán unha ocupación máxima na parcela do 30% e unha edificabilidade do 0,6 m²/m².

- Nas edificacións que se constrúan neste tipo de solo non se admitirán voos sobre espazos públicos ou privados. Unicamente se

permitirá a construción de balcóns e miradoiros sobre espazos privados.


- A cuberta terá unha pendente igual ou inferior á media das existentes no asentamento, nunca superior a 40°, e estará formada por planos continuos sen crebas nas súas vertentes. Permiteuse o aproveitamento baixo cuberta, debendo ser como prolongación da vivenda inferior, e recibirá a súa iluminación e ventilación polos testeiros e por ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas. Agás en casos debidamente xustificadas e logo de autorización preceptiva do concello, o material que se vaia utilizar na terminación da cubrición será tella cerámica. Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas, agás naquelas zonas nas que se xustifique que formen parte das tipoloxías tradicionais e contén coa previa autorización preceptiva do concello.
- Para as novas construcións, serán obrigatorios, agás en aliñacións estables ou consolidadas, os recuamentos mínimos con respecto ás vías de acceso, que en todo caso deberán separarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía, e 3 metros con respecto ao lindeiro posterior. No caso de que se desexase recuar unha edificación aos lindes laterais, este recuamento deberá ser, como mínimo, de 3 metros.

Nestes núcleos permitirase manter aquelas aliñacións estables ou consolidadas (edificacións de carácter tradicional e muros de pedra existentes) sen prexuízo de que para as estradas estatais sexa de aplicación a limitación xenérica de 25 m. medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima. Así mesmo dentro de ditos núcleos non se autorizarán liñas de cerramento para terreos colindantes coas estradas estatais en zonas de dominio público nin nas de servidume.

Se a aliñación consolidada ven establecida por un muro de peche en pedra existente, a edificación que se constrúa nesa parcela gardará un retranqueo mínimo de 4 m. ao eixo do viario que conforma dita aliñación.

- Os cerramentos da fincas realizaranse con elementos opacos ou de fábrica, cunha altura máxima de 1,50 m; permitiéndose acadar os 2,00 m con elementos que non limiten o campo visual. Os peches contarán cun tratamento de acabado en pedra ou revestido e pintado. Cumprirase o establecido para as alturas nos peches entre propiedades distintas.

No caso de que se realice un muro de contención de terras, a altura do peche contarase a partir de onde remata a estrita función do mesmo; sen que o muro de contención poida superar en máis de 50 cm. a cota do encontro co noiro ou terraplén natural.



Tamén se permitirá que os cerramentos se realicen con especies vexetais ata acadar a altura máxima de peche de 2 m.

- Para autorizar as edificacións esixirase ter resoltos, con carácter previo e á conta do promotor, polo menos os servizos de acceso rodado, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento das augas residuais e a subministración de enerxía eléctrica, ou, noutro caso, garantir a execución simultánea coa edificación.
- A instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non estará suxeita ás condicións de edificación sinaladas anteriormente.
- Nestes núcleos será prioritaria a rehabilitación das edificacións existentes coa finalidade de revitalizar o espazo dacordo con criterios de sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións.

NUCLEOS RURAIS COMUNS OU NO AMBITO DELIMITADO COMO TAL NOS NUCLEOS RURAIS COMPLEXOS

As novas edificacións que se pretendan realizar neste tipo de núcleos cumprirán as seguintes condicións :

- A parcela mínima edificable será de 1.000 m² e o seu fronte mínimo 15 m. Excepcionalmente e previa xustificación poderá autorizarse a construción sobre parcela inferior, se esta se atopa localizada entre outras xa construídas ou que non sexan divisibles, no momento de aprobación do PXOM de maneira tal que imposibiliten acadar a parcela mínima.
- Permitiranse as parcelacións sempre que as parcelas resultantes posean unha superficie maior a 2.000 m². e un fronte superior a 15 m.
- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregarase a pedra ou materiais de fábrica que posteriormente se revestan e pinten. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais do contorno.

Excepcionalmente e para aquelas explotacións existentes que se amplien ao amparo da Disposición Transitoria 11^a da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permitirase que os cerramentos das mesmas se realicen mediante materiais que posteriormente se revistan e pinten. Así mesmo nestes casos permítese que o material de cubrición elixido non sexa a tella, senon un material no que o seu aspecto e cor sexa similar a ésta.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes no núcleo rural. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade, deberá descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si, co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías tradicionais propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

En calquera caso, a superficie máxima edificable de uso residencial por parcela mínima será de 250 m².

- A altura da edificación non excederá de planta baixa e piso, nin dun máximo de 7 m. medidos no centro de todas as fachadas, dende a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.
- A ocupación máxima da parcela pola edificación destinada a vivenda unifamiliar será do 25% e a edificabilidade máxima permitida 0,30 m²/m²., debéndose en calquera caso cumprir a ocupación máxima subliñada no presente paragrafo.

As edificacións auxiliares da vivenda unifamiliar (hórreos, bodegas, alpendres,...) poderán ter unha superficie tal que, sumada á da edificación principal, non se superará nin a edificabilidade nin a ocupación en planta.

A ocupación máxima permitida para as edificacións destinadas a usos distintos do de vivenda unifamiliar ou edificacións auxiliares da mesma, terán unha ocupación máxima na parcela do 30% e unha edificabilidade do 0,6 m²/m².

- Nas edificacións que se constrúan neste tipo de solo non se admitirán voos sobre espazos públicos ou privados. Unicamente se permitirá a construción de balcóns e miradoiros.
- A cuberta poderá ser plana. No caso de ser inclinada terá unha pendente igual ou inferior á media das existentes no asentamento, nunca superior a 40°, e estará formada por planos continuos sen crebas nas súas vertentes. Permiteuse o aproveitamento baixo cuberta, debendo ser como prolongación da vivenda inferior, e recibirá a súa iluminación e ventilación polos testeiros e por ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas. Agás en casos debidamente xustificadas e logo de autorización preceptiva do concello, o material que se vaia utilizar na terminación da cubrición será tella cerámica. Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas, agás naquelas zonas nas que se xustifique que formen parte das tipoloxías tradicionais e contén coa previa autorización preceptiva do concello.
- Cando unha parcela estea afectada pola ordenanza de solo de núcleo rural e pola de solo rústico, admitirase neste último tipo de solo a construción de piscinas, pero sempre vinculadas á edificación principal destinada a vivenda, que se situará, necesariamente, dentro do solo de núcleo rural.


- Para as novas construcións, serán obrigatorios, agás en aliñacións estables ou consolidadas, os recuamentos mínimos con respecto ás vías de acceso, que en todo caso deberán separarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía, e 3 metros con respecto ao lindeiro posterior. No caso de que se desexase recuar unha edificación aos lindes laterais, este recuamento deberá ser, como mínimo, de 3 metros.

Nestes núcleos permitirase manter aquelas aliñacións estables ou consolidadas (edificacións de carácter tradicional e muros de pedra existentes) ou ben o traslado de ditos muros á nova aliñación, sen prexuízo de que para as estradas estatais sexa de aplicación a limitación xenérica de 25 m. medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima. Así mesmo dentro de ditos núcleos non se autorizarán liñas de cerramento para terreos colindantes coas estradas estatais en zonas de dominio público nin nas de servidume.

Se a aliñación consolidada ven establecida por un muro de peche en pedra existente, a edificación que se constrúa nesa parcela gardará un retranqueo mínimo de 4 m. ao eixo do viario que conforma dita aliñación.

- Os cerramentos da fincas realizaranse con elementos opacos ou de fábrica, cunha altura máxima de 1,50 m; permitíndose acadar os 2,00 m con elementos que non limiten o campo visual. Os peches contarán cun tratamento de acabado en pedra ou revestido e pintado. Cumprirose o establecido para as alturas nos peches entre propiedades distintas.

No caso de que se realice un muro de contención de terras, a altura do peche contarase a partires de onde remata a estrita función do mesmo; sen que o muro de contención poida superar en máis de 50 cm. a cota do encontro co noiro ou terraplén natural.



Tamén se permitirá que os cerramentos se realicen con especies vexetais ata acadar a altura máxima de peche de 2 m.

- Para autorizar as edificacións esixirase ter resoltos, con carácter previo e á conta do promotor, polo menos os servizos de acceso rodado, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento das augas residuais e a subministración de enerxía eléctrica, ou, noutro caso, garantir a execución simultánea coa edificación.
- A instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non estará suxeita ás condicións de edificación sinaladas anteriormente.

5.- CONDICIONS DOS NUCLEOS RURAIS ESPECIALMENTE PROTEXIDOS.

Nos núcleos rurais especialmente protexidos que, a continuación se relacionan, non se admitirá de forma xenérica a posibilidade do derrubo e transformación das vivendas tradicionais. Nas actuacións que se proxecten nas distintas parcelas situadas dentro de ditos ámbitos delimitados como conxunto protexido, os materiais permitidos na súa construción ou rehabilitación serán pedra similar en canto a textura, cor e despiece á das edificacións existentes e tellas nas súas cubertas. Calquer outro material, para a súa utilización deberá ser debidamente xustificando e autorizado expresamente pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Nestes núcleos deberá manterse a estrutura parcelaria, aliñacións e os trazados dos rueiros que se conserven, non permitíndose ampliacións de camiños que afecten a elementos protexidos de interese etnográfico (hórreos, palleiras....), muros tradicionais, noiros ou camiños que se atopen en contornos de protección doutros elementos protexidos, ou incluso coas propias edificacións.

Previamente á intervención en calquera edificación que se realice dentro do ámbito destes núcleos rurais especialmente protexidos será necesario presentar documentación técnica suficiente que defina todas as características da edificación existente e os seus materiais, así coma aliñacións, voos e elementos singulares, altura de cornisas no fronte da mazá ou peza da mesma en que se encontre.

A relación de conxuntos especialmente protexidos é a seguinte :

LUGAR	PARROQUIA
Os Castros	Sto. Tome de Quireza
Fondós	Sto. Tome de Quireza
Fraguás	Sta.Mariña de Tomonde
Filgueira	Sta. Baia de Castro
Castro do Medio	Sta. Baia de Castro
Castro do Cabo	Sta. Baia de Castro
Bugarín	Sta. Baia de Castro
Vilar	S.Martiño de Figueiroa

Figueiroa	S.Martiño de Figueiroa
San Martiño	S.Martiño de Figueiroa
Framil	S. Pedro de Parada
Pedre	Sto. Estevo de Pedre
Barro	San Xoán de Cerdedo
Lourido	San Xoán de Cerdedo
Revolta	San Xoán de Cerdedo
Limeres	San Xoán de Cerdedo

6.- LIMITACIÓNS POR PROTECCIÓN DO PATRIMONIO Á PRESENTE ORDENANZA

As obras autorizables, nos contornos ou áreas de protección dos bens integrantes do inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia quedarán cauteladas polo informe previo do organismo competente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e condicionadas ao informe que terá carácter vinculante respecto aos usos e, no seu caso, ás condicións físicas (estéticas e volumétricas) que sexan requeridas ás construcións para garantir a harmonización coas características ou valores dos bens a protexer.

Nos elementos recollidos no catálogo e nos seus contornos de protección será necesaria a autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural, segundo indica a Lei 8/1995, polo que nestes casos non se poderá conceder licenza municipal directa.

A excepción do sinalado no anterior paragrafo, as seguintes actuacións serán competencia municipal, de acordo coas características que a continuación se sinalan:

- Cambio de material da cuberta : sempre polo mesmo material existente.
- Cambio de carpintería : madeira ou aluminio en cor branco, verde ou gris.
- Pintura paramentos verticais : branca, outros cores axeitados ao entorno, previa xustificación e informe municipal favorable.
- Peches : pedra ou materiais cerámicos enfoscados e pintados. Prohíbese expresamente o bloque e todos aqueles que non sexan acordes co entorno. En todo caso deberá optarse pola solución propia do entorno onde se ubiquen.

En todo caso queda prohibida a demolición de calquera parte das edificacións tradicionais, debendo manterse a estrutura parcelaria, as alineacións e os trazados dos viarios que sexan objeto de conservación en función de delimitarse mediante muros tradicionais. Asimesmo non podrán autorizarse ampliacións de camiños que afecten a elementos protexidos de interes etnográfico, tales como hórreos, palleiros, secadoiros, etc. ou por muros tradicionais, noiros ou camiños que se atopen en contornos de protección doutros elementos protexidos.

7.- RELACIÓN DE NÚCLEOS RURAIS

Delimitáronse un total de 50 núcleos rurais, constituídos en ocasións pola agrupación de varias entidades. Concretamente son os seguintes:

Nº	TIPO DE NUCLEO	NÚCLEOS RURAIS	PARROQUIA	Nº PLANO e.1/5000
1	A	Laxoso	Santo Tomé de Quireza	O-3-5
2	C	Tresaldeas	Santo Tomé de Quireza	O-3-5
3	A	Piñeiro	Santo Tomé de Quireza	O-3-5
4	A	Os Castros	Santo Tomé de Quireza	O-3-4/5
5	A	O Outeiro	Santo Tomé de Quireza	O-3-4/5
6	A	Fondós	Santo Tomé de Quireza	O-3-8
7	A	Mamo Alba	Santo Tomé de Quireza	O-3-8
8	A	Vilarchán	Santo Tomé de Quireza	O-3-8
9	C	Cuíña	Santo Tomé de Quireza	O-3-8
10	A	A Devesa	Sta. Mariña de Tomonde	O-3-5
11	A	Barbeira	Sta. Mariña de Tomonde	O-3-5

12	C	Tomonde	Sta. Mariña de Tomonde	O-3-5
13	A	Fraguás	Sta. Mariña de Tomonde	O-3-5
14	C	Vilalén	Sta. Mariña de Tomonde	O-3-5
15	A	Filgueira	Sta. Baia de Castro	O-3-5

Nº	TIPO DE NUCLEO	NÚCLEOS RURAIS	PARROQUIA	Nº PLANO e.1/5000
16	A	Castro Do Medio	Sta. Baia de Castro	O-3-9
17	A	Castro Do Cabo	Sta. Baia de Castro	O-3-9
18	A	Bugarín	Sta. Baia de Castro	O-3-8
19	A	Loureiro	S. Martiño de Figueiroa	O-3-10
20	A	Vilar	S. Martiño de Figueiroa	O-3-9
21	A	Figueiroa	S. Martiño de Figueiroa	O-3-10

22	A	Deán	S. Martiño de Figueiroa	O-3-13
23	A	San Martiño	S. Martiño de Figueiroa	O-3-13
24	A	Framil	San Pedro de Parada	O-3-10
25	A	Mouteira	San Pedro de Parada	O-3-10
26	A	Parada	San Pedro de Parada	O-3-10
27	A	Milladoiro	San Pedro de Parada	O-3-10
28	A	Insua	San Pedro de Parada	O-3-10
29	A	Vilariño	Sta. María de Folgoso	O-3-11
30	C	Covas	Sta. María de Folgoso	O-3-10/11
31	C	Cachofés	Sta. María de Folgoso	O-3-15
32	A	O Casal	Sta. María de Folgoso	O-3-15

Nº	TIPO DE NUCLEO	NÚCLEOS RURAIS	PARROQUIA	Nº PLANO e.1/5000
33	A	Outeiro	Sta. María de Folgoso	O-3-15
34	C	Quinta	Sta. María de Folgoso	O-3-15
36	A	Serrapio	S. Estevo de Pedre	O-3-12
38	C	Pedre	S. Estevo de Pedre	O-3-12/13
39	A	Cernados	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
40	A	Arén	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
41	C	Barro	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
43	A	Cabenca	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
44	C	Meilide	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
	A	Lourido	S. Xoan de Cerdedo	O-3-13/14

45				
46	A	Carballás	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
47	A	Revolta	S. Xoan de Cerdedo	O-3-14
48	A	Limeres	S. Xoan de Cerdedo	O-3-13
49	A	Abelaíndo	S. Xoan de Cerdedo	O-3-17

Nº	TIPO DE NUCLEO	NÚCLEOS RURAIS	PARROQUIA	Nº PLANO e.1/5000
50	A	Viduido	S. Xoan de Cerdedo	O-3-16
51	A	San Bernabe	S. Xoan de Cerdedo	O-3-16
52	C	Chamadoira	S. Xoan de Cerdedo	O-3-16
53	C	Cavadosa	S. Xoan de Cerdedo	O-3-18

Art. 66. CONDICIÓN XERAIS DE SOLO RÚSTICO.**1.- USOS E ACTIVIDADES EN SOLO RÚSTICO.**

Os usos e actividades posibles en solo rústico son os seguintes:

1.1.- Actividades e usos non construtivos.

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- Actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras e a extracción de áridos ou terras, así como os seus establecementos de beneficio.

1.2.- Actividades e usos construtivos:

- Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas.
- Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.

- Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministración de carburante.
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.
- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións que deban localizarse necesariamente no medio rural, como son: os cemiterios, as escolas agrarias, os centros de investigación e educación ambiental e os campamentos de turismo e pirotecnias.

Ademais, mediante a aprobación dun plan especial de dotacións, poderán permitirse equipamentos, públicos ou privados.

- Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- Muros de contención, así como cerramentos ou valado de predios, que deberán ser preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 m., agás en parcelas edificadas, onde poderán acadar 1,50 m. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, non permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

No caso de que se realice un muro de contención de terras, a altura do cerramento contarase a partires de onde remata a estrita función deste.

- Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao

aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.

- Construcións destinadas ás actividades extractivas, incluídas as explotacións mineiras, as canteiras e a extracción de áridos e terras, así como aos seus establecementos de beneficio e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural.
- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- Infraestruturas de abastecemento, tratamento, saneamento e depuración de augas, de xestión e tratamento de residuos, e instalacións de xeración ou infraestruturas de produción de enerxía.

2.- USOS EN SOLO RÚSTICO.

2.1.- Os usos en solo rústico para cada categoría de solo serán:

- Usos permitidos: os compatibles coa protección de cada categoría de solo rústico, sen prexuízo da exixibilidade de licenza urbanística municipal e demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan.
- Usos autorizables: os suxeitos a autorización da Administración autonómica, previamente á licenza urbanística municipal e nos que deban valorarse en cada caso as circunstancias que xustifiquen a súa autorización, coas cautelas que procedan.
- Usos prohibidos: os incompatibles coa protección de cada categoría de solo ou que impliquen un risco relevante de deterioración dos valores protexidos.

2.2.- Os usos en solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico, antes do outorgamento da licenza municipal será necesario obter o preceptivo informe favorable do organismo autonómico competente en materia de patrimonio cultural.

2.3.- Serán nulas de pleno dereito as autorizacións e licenzas que se outorguen para usos prohibidos por o presente Plan no solo rústico.

2.4.- Non necesitarán autorización autonómica previa, as infraestruturas, dotacións e instalacións previstas nun proxecto sectorial aprobado ao amparo da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, nin os equipamentos ou dotacións, privados ou públicos, previstos nos plans especiais de dotacións.

3.- LIMITACIÓNS DE APERTURA DE CAMIÑOS E MOVEMENTO DE TERRAS.

3.1.- Non está permitido a apertura de novos camiños ou pistas no solo rústico que non están expresamente recollidas no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, excepto os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de montes ou de medio ambiente e aqueles que obtivesen a correspondente autorización autonómica de conformidade co disposto no art. 41 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

En todo caso, a execución de novas pistas ou camiños que afecten ao solo rústico de protección de espazos naturais e de interese paisaxístico estará suxeita á avaliación de efectos ambientais que prevé a lei 1/1995, de 22 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

3.2.- As novas aperturas de camiños ou pistas que se poidan realizar deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental.

3.3.- Con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, excepto os dragados, defensa de ríos e rectificacións de cauces, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas, expresamente autorizados pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- PROCEDIMIENTO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO.

- 4.1.- A competencia para o outorgamento de autorización autonómica prevista no presente Plan Xeral correspóndelle ao secretario ou á secretaria xeral competente en materia de urbanismo.
- 4.2.- O procedemento para a tramitación das autorizacións autonómicas en solo rústico axustaranse ás determinacións previstas pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, Lei 15/2004, do 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5.- CONDICIÓN XERAIS DAS EDIFICACIÓN EN SOLO RÚSTICO.

- 5.1.- Con carácter previo ao outorgamento de licenza ou autorización de calquera clase de edificación ou instalación en solo rústico se deberá xustificar o cumprimento das seguintes condicións:
- Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.
 - Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como

todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

- Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - * A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20% da superficie do predio. No entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.
 - * O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible excedelo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurará descompoñerse en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.
 - * As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno; en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, a morfoloxía e o tamaño dos ocos e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.
 - * Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, de augas e de costas, a altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá exceder os 7 metros de altura cando as características específicas da

actividade, debidamente xustificadas, fixesen imprescindible excedelos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán exceder unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma, agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellería competente na materia.

- * As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.
 - * Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, deben realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.
- Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación :
- * A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 3.000 m²., sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.
 - * Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.
 - * Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- * As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.
- * Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.
- Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola autorización autonómica.
- En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses, contados desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, e deberán concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contado desde o outorgamento da licenza.
- Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo de expediente tramitado con audiencia da persoa interesada, e será aplicable o disposto no artigo 203º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5.2.- Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles aplicable o disposto no artigo 26º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 2/2010 de 25 de marzo. Concretamente :

Queda prohibido o derrubamento ou a demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

- a) O daquelas construcións que non presenten un especial valor arquitectónico.
- b) O das edificacións sen valor histórico ou etnográfico, ou o das que téndoo escaso estean en ruína técnica.

- c) Todos os engadidos que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva, ou que polos materiais neles empregados supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio. Igualmente, todos os alpendres, almacéns e edificacións auxiliares que estean nas mesmas condicións.
- d) O das derivadas dun expediente de reposición da legalidade urbanística.

En todos estes supostos solicitarase licenza de demolición achegándolle ao proxecto técnico un estudo xustificado e motivado do cumprimento e da veracidade das circunstancias que concorren de acordo co anterior.

6.- CONDICIÓNIS ADICIONAIS QUE DEBEN CUMPRIR AS EDIFICACIÓNS DESTINADAS A USOS RESIDENCIAIS VINCULADOS AS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS OU GANDEIRAS.

As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira, ademais das condicións xerais especificadas no epígrafe anterior (5), cumprirán as seguintes:

- A edificación deberá estar intimamente ligada á explotación agrícola ou gandeira do solicitante. Para tal efecto, deberá acreditarse fidedigna e imprescindiblemente que o solicitante é titular dunha explotación das subliñadas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.
- Que a edificación teña a condición de illada, prohibíndose a construción de varias edificacións residenciais sobre unha mesma parcela e as edificacións destinadas a usos residenciais colectivos ou non vinculados á explotación.
- En todo caso, a superficie mínima esixible para poder edificar será de 4.000 m². a superficie ocupada pola edificación non superará o 5% da superficie neta da parcela.

7.- CONDICIÓNIS ADICIONAIS PARA OUTRAS ACTIVIDADES CONSTRUTIVAS NON RESIDENCIAIS.

7.1.- As construcións en solo rústico distintas das subliñadas no epígrafe anterior, ademais das condicións xerais especificadas en este artigo, cumprirán as seguintes:

- A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos seguintes :
 - Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento.
 - Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
 - Ampliación de cemiterios.
 - Instalacións de tratamento e depuración de augas.
- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións seguintes :
 - Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros, ou outras análogas.
 - Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
 - Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as

de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.

- Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministración de carburante.
- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

7.2.- Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no epígrafe 5 do presente artigo nº 66.

Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto nos epígrafes 5 e 7 do presente artigo nº 66, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.

Este réxime excepcional só será aplicable no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.

7.3.- As obras de simple conservación e as obras menores tales como as obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases, non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.

En ningún caso entenderanse como menores as parcelacións urbanísticas, os muros de contención, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados e os grandes movementos de terra.

7.4.- As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a menos de 250 m. da vivenda máis próxima, e respecto dos asentamentos de poboación a unha distancia non inferior a 500 m. para capacidades iguais ou inferiores a 1.000 porcos de cebo. Nas restantes explotacións gandeiras, deberá xustificarse por parte do técnico redactor do proxecto a equivalencia respecto aos porcos de cebo. En caso contrario as distancias serán as establecidas pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e Lei 2/2010 de 25 de marzo. No caso de que exista unha masa forestal consolidada ou unha barreira natural que impida a comunicación poderanse autorizar de máis capacidade, previo estudio medio – ambiental.

Cando se trate de novas explotacións con base territorial a distancia mínima ós asentamentos de poboación será de 100 m. Neste último caso a distancia á vivenda máis próxima deberá ser superior aos 50 m.

En todo caso, deberán respectarse as distancias mínimas establecidas pola lexislación sectorial de aplicación. A medición destas distancias farase sobre plano, sen ter en conta a topografía do terreo.

8.- EDIFICACIÓNS EXISTENTES DE CARÁCTER TRADICIONAL OU DE SINGULAR VALOR ARQUITECTÓNICO.

Permitirase en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica segundo o procedemento establecido polo presente Plan, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal.

Así mesmo, logo da autorización autonómica, poderá permitirse por razóns xustificadas a súa ampliación, incluso en volume independente, sen superar o 10 % do volume orixinario da edificación tradicional. Excepcionalmente, a ampliación poderá alcanzar o 50 % do volume da edificación orixinaria cumprindo as condicións establecidas polos artigos 42 e 44 da Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

9.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR COA SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE DIVISIÓN OU SEGREGACIÓN DE FINCAS EN SOLO RÚSTICO (PARCELACIÓN RÚSTICA OU NON URBANÍSTICA PARA O FIN DE RACIONALIZACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA)

Proxecto asinado por facultativo competente e visado polo colexio profesional correspondente que conteña a documentación mínima escrita e gráfica que a continuación se indica:

- Memoria da racionalización da explotación agropecuaria pretendida.
- Identificación gráfica mediante plano a escala 1:5.000 no que se reflecta a situación da finca sobre a que se proxecta a división ou segregación.
- Identificación gráfica mediante plano a escala mínimo 1:500 da finca a dividir ou segregar, en relación coa/s colindante/s, determinando a superficie e acoutando a distancia a lindeiros e vías públicas de acceso, situando as construcións e edificacións existentes.
- Identificación gráfica mediante plano a escala mínimo 1:500 dos lotes resultantes, determinando a superficie e acoutando a distancia a lindeiros e vías públicas de acceso, situando as construcións e edificacións existentes.
- Acreditación fidedigna da superficie e lindeiros da finca onde se proxecta a división ou segregación, mediante certificación rexistrada. Excepcionalmente, cando non sexa posible deste xeito (o que se acreditará mediante certificación negativa rexistrada sobre o inmovible), admitirase certificación catastral, e, no seu defecto, certificación expedida por facultativo competente e visada polo colexio profesional correspondente.

- Concreción do fin da división ou segregación, e do destino das fincas resultantes.
- Acreditación fidedigna da existencia de explotación agropecuaria.
- Certificación de cualificación da finca que se pretende dividir/segregar como de regadío, de secaño, ou como de regadío e de secaño (concretando neste último caso as superficies afectadas por cada cualificación) expedida pola Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural e do Mar (Rúa Fernández Ladreda, 43-2º - 36003 Pontevedra), ou polo Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria B Catastro de Rústica (Rúa Andrés Murúais, 4 36071 Pontevedra) (Art. 1 e 3 do Decreto nº 330/99, do 9 de decembro–D.O.G. nº 246/99). Para o caso de que a finca conte con máis dunha cualificación, localizárase cada unha delas no plano parcelario, con determinación da superficie afectada.
- Acreditación fidedigna da titularidade da explotación agropecuaria.
- Reportaxe fotográfica das construcións/edificacións existentes na finca que se pretende dividir ou segregar.

En todo caso respectarase a superficie mínima indivisible que determine a lexislación agraria (decreto 390/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo). As unidades mínimas de cultivo no Concello de Cerdedo serán:

Secano : 0,30 ha.
Regadío : 0,20 ha.

Art. 67. ORDENANZA Nº 8. SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA.

1. DELIMITACIÓN.

O ámbito de aplicación da presente ordenanza corresponde ao solo rústico de protección ordinaria delimitado nos planos de ordenación por considerarse inaxeitados para o seu desenvolvemento urbanístico e carecer así mesmo de valores a protexer.

2. CONDICIÓN XERAIS.

As establecidas no art. 66 correspondente ás condicións xerais de solo rústico do presente Plan Xeral.

3. USOS PERMITIDOS.

3.1.- USOS PERMITIDOS POR LICENZA MUNICIPAL DIRECTA:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
ESBOZO DESCRIPCIÓN	Túmulo de grandes dimensións cuberto dunha densa vexetación que impide medilo con exactitude : 18 m. no eixo N/S, 21 m. no E/W. O cono de violación mide uns 6 m. no eixo N/S e 8 m. no E/W. Parece ter a masa tumular rebaixada no sector W por		

	<p>un camiño de terra. Aprecianse abundantes pedras de cuarzo e granito. A violación ten o seu eixo maior orientado cara o E/W a modo de zanja e está cuberto dunha densa vexetación o que impediou ver restos de ortostatos.</p>
--	---

NÚMERO	61		
CÓDIGO	GA36011061		
NOME	MAMOA DA VEIGA DAS ARCAS		
PARROQUIA	Santa Mariña de Tomonde		
LUGAR	Tomonde		
PLANO E:1/5000	O-3-5		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 549.393 Y : 4.714.157	Lonx : 8°23'53" Lat. : 42°34'42"	528 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Para chegar ao túmulo cóllese a estrada dende Cerdedo en dirección N que nos leva ata Tomonde. Uns 280 m. ntes de chegar a Tomonde atopamos o túmulo nunha finca a man esquerda.		

ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>Túmulo cuberto de densa vexetación, de pequenas dimensións : 6,50 m. no eixo N/S, 16 m. no E/W. O cono de violación mide uns 6 m. no eixo N/S e 8 m. no E/W. Foi desmontado na segunda metade o século XX para acceder ás fincas do entrono, o que supuso a destrucción da metade septentrional do túmulo.</p> <p>O corte do túmulo deixa ao descuberto unha posible masa tumular de cor negra, cuberta de pedra granítica de pequeno e mediano tamaño que podería corresponder á coraza.</p> <p>No sector W apreciáanse dúas pedras de considerable tamaño sobre a masa tumular.</p>
-----------------------	--

NÚMERO	62
CÓDIGO	GA36011062
NOME	COTO DE MAMOAS 1
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo
LUGAR	Cerdedo
PLANO E:1/5000	O-3-10
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico

LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. GEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 551.339 Y : 4.710.361	Lonx : 8°22'29" Lat. : 42°32'35"	511 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Cerdedo tomamos a estrada N-541 dirección E. Abandonamos ésta ó chegar ó campo de fútbol á esquerda, seguimos por unha pista que sae rodeando o monte e que nos leva á Torre dos Mouros, 300 m. antes de chegar a parte mais alta, á esquerda da pista atópanse as mámoas.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	Túmulo de planta circular, cuberto dunha densa vexetación e de medianas dimensións : 14,30 m. no eixo N/S, 14,70 m. no E/W, e unha altura aproximada de 0,75 m.. O cono de violación ten uns 4 m. de diámetro. Presenta violación central moi colmatada. Non se aprecian restos de coraza nin de anel perimetral nin de cámara.		

NÚMERO	63		
CÓDIGO	GA36011063		
NOME	COTO DE MAMOAS 2		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Cerdedo		
PLANO E:1/5000	O-3-10		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 551.357 Y : 4.710.385	Lonx : 8°22'28" Lat. : 42°32'36"	511 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Cerdedo tomamos a estrada N-541 dirección E. Abandonamos ésta ó chegar ó campo de fútbol á esquerda, seguimos por unha pista que sae rodeando o monte e que nos leva á Torre dos Mouros, 300 m. antes de chegar a parte mais alta, á esquerda da pista atópanse as mámoas.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	Túmulo de planta lixeiramente ovalada e de medianas dimensións : 15,60 m. no eixo N/S, 16,60 m. no E/W, e unha altura aproximada de 1,00 m. Non presenta cono de violación central. Non se aprecian restos de coraza nin da cámara. Sobre a masa tumular plantaronse pinos.		

NÚMERO	64		
CÓDIGO	GA36011064		
NOME	COTO DE MAMOAS 3		
PARROQUIA	San Xoán de Ceredo		
LUGAR	Ceredo		
PLANO E:1/5000	O-3-10		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 551.379 Y : 4.710.355	Lonx : 8°22'27" Lat. : 42°32'35"	511 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Ceredo tomamos a estrada N-541 dirección E. Abandonamos ésta ó chegar ó campo de fútbol á esquerda, seguimos por unha pista que sae rodeando o monte e que nos leva á Torre dos Mouros, 300 m. antes de chegar a parte mais alta, á esquerda da pista atópanse as mámoas.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>Túmulo de planta circular, cuberto dunha densa vexetación e de medianas dimensións : 13,10 m. no eixo N/S, 15,60 m. no E/W, e unha altura aproximada de 0,90 m. A zanza de violación mide uns 5,40 m. no E/W e no eixo N/S 2,10 m.</p> <p>Non se aprecian restos de coraza nin da cámara.</p> <p>O sector NE do perímetro do túmulo foi alterado polos surcos de plantacións de pinos.</p>		

NÚMERO	65		
CÓDIGO	GA36011065		
NOME	PETROGLIFO DE FONTE MOSQUEIRA		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Chamadoira		
PLANO E:1/5000	O-3-16		
ADSCRIP. CULTURAL	Indeterminado		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 548.956 Y : 4.706.076	Lonx : Lat. :	660 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	<p>Dende Cerdedo cóllese a estrada que se dirixe a Caroi. A uns 4 km. chégase ao lugar de Chamadoira. Nas últimas casas do lugar, xunto a unha fonte que se atopa á man esquerda, sae unha pista forestal que ascende ao monte. Seguindo por esta pista uns 690 m. todo dereito, ata chegar a un cruce á dereita, nunha curva revisada, tras tomar a curva atopamos un cortalumes á esquerda, polo que ascendemos 170 m. por unha forte pendente ata o cume. Os petroglifos atopanse á dereita.</p>		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>O emprazamento topográfico é o cume dun coto rochoso. No seu entorno atopamos pinos e monte baixo. O elemento presenta alteracións pola erosión natural. Os gravados localízanse sobre un afloramento rochoso sobresaínte sobre o contorno. Na rocha máis alta atópanse tres cruciformes, e na súa cara meridional apreciáanse tres posibles cazoletas, que poderían ser causadas por erosión natural.</p>		

NÚMERO	66		
CÓDIGO	GA36011066		
NOME	MAMOA DO COTADOIRO 1		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Viduido		
PLANO E:1/5000	O-3-13		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 549.459 Y : 4.708.067	Lonx : 8°23'52,3" Lat. : 42°31'21,5"	470 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Ao chegar a Cerdedo tómase o desvío en dirección a Viduido, que se atopa á man dereita, pasamos "A Revolta" e cando deixamos o desvío que leva a Lourido, a uns 600 m. aproximadamente, nunha pequena recta atopamos a mámoa á dereita da estrada.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>O túmulo presenta unha violación e atópase cortado pola metade pola estrada motivo polo cal tan só conserva a metade NW do mesmo.</p> <p>Túmulo de forma semicircular, xa que foi cortado pola estrada na súa parte SE.</p> <p>As súas dimensións son : 18 m. de diámetro, 1,40 m de altura e conta cunha violación de 4 m. de diámetro, na que aflora algunha pedra.</p> <p>No perfil provocado polo corte da estrada apreciase a líña da coraza granítica.</p>		

NÚMERO	67		
CÓDIGO	GA36011067		
NOME	MAMOA DO COTADOIRO II		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Viduido		
PLANO E:1/5000	O-3-16		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 549.395 Y : 4.707.868	Lonx : 8º23'55,2" Lat. : 42º31'15,1"	483 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Ao chegar a Cerdedo tómase o desvío en dirección a Viduido, que se atopa á man dereita, pasamos "A Revolta" e cando deixamos o desvío que leva a Lourido, a uns 700 m. aproximadamente, nunha pequena recta atopamos unha pista de terra a man esquerda. Cóllese esta pista e atopamos a mámoa na loma situada á dereita.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	Túmulo de perfil abombado e de pequenas dimensións son : 11 m. no eixo N/S, e 9 m. no E/W, medindo ao redor dun m. Apreciase pequeno cono de violación central. Tamén algunha pedra pequena que podería corresponder á coraza. No túmulo non se aprecian alteracións graves, afectado pola repoboación forestal.		

NÚMERO	68		
CÓDIGO	GA36011068		
NOME	PETROGLIFO DO COTADOIRO I		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Viduido		
PLANO E:1/5000	O-3-16		
ADSCRIP. CULTURAL	Idade do bronce		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 549.394 Y : 4.707.818	Lonx : 8°23'55,3" Lat. : 42°31'13,5"	481 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Ao chegar a Cerdedo tómase o desvío en dirección a Viduido, que se atopa á man dereita, pasamos "A Revolta" e cando deixamos o desvío que leva a Lourido, a uns 700 m. aproximadamente, nunha pequena recta atopamos unha pista de terra á esquerda. Tómase esta pista e na loma que temos a nosa dereita se atopa o petroglifo.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	O emprazamento topográfico trátase dunha lomba de superficie plana. No entorno atopamos repoboación e monte baixo. Rocha granítica de gran grosor de 4 m. de largo por 2 m. de ancho. Aprecíanse na superficie tres cazoletas situadas na parte E, duns 5 cm. de diámetro.		

NÚMERO	69		
CÓDIGO	GA36011069		
NOME	COTO DE MAMOAS Nº 4		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Cerdedo		
PLANO E:1/5000	O-3-10		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 551.423 Y : 4.710.385	Lonx : 8º22'25" Lat. : 42º32'36"	510 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Partindo do límite NE de Cerdedo pola Estrada N-541, recorreremos 1 km. tomamos en dirección W un camiño asfaltado e chegando ao extremo E sae outro camiño de terra cara ao N que se bifurca en dous, collemos o que parte ao NE. Andamos 570 m. e seguimos por unha senda dirección N. A uns 230 m. cara o S. da vía, nunha zona de monte de pino desforestada localízase o túmulo.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	A mámoa foi identificada nos traballos de prospección arqueolóxica para a liña de altas prestacións a Galicia. Forma parte dun conxunto tumular que se compoñía de 3 mámoas e que cunha nova revisión pasa a ter 5 túmulos. Destaca pouco en altura, ó estar bastante deteriorada. Presenta planta circular, de 10-15 m. de diámetro e apenas levanta 0,5 m. do entorno inmediato.		

NÚMERO	70		
CÓDIGO	GA36011070		
NOME	COTO DE MAMOAS Nº 5		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR	Cerdedo		
PLANO E:1/5000	O-3-10		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 551.429 Y : 4.710.363	Lonx : 8º22'25" Lat. : 42º32'35"	510 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Partindo do límite NE de Cerdedo pola Estrada N-541, recorreremos 1 km. tomamos en dirección W un camiño asfaltado e chegando ao extremo E sae outro camiño de terra cara ao N que se bifurca en dous, collemos o que parte ao NE. Andamos 570 m. e seguimos por unha senda dirección N. A uns 210 m. cara o S. da vía, nunha zona de monte de pino desforestada localízase o túmulo.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>A mámoa foi identificada nos traballos de prospección arqueolóxica para a liña de altas prestacións a Galicia. Forma parte dun conxunto tumular que se compoñía de 3 mámoas e que cunha nova revisión pasa a ter 5 túmulos.</p> <p>Este novo túmulo nº 5 do coto de mámoa está situado a 35 m. ao E do nº 3. Atópase bastante enmascarado pola vexetación, sendo a súa planta de 8-10 m. de diámetro e destaca 0,3 m. do entorno inmediato.</p>		

NÚMERO	71		
CÓDIGO	GA36011071		
NOME	MAMOA DE O COUTO Nº 4		
PARROQUIA	Santa María de Folgoso		
LUGAR	Cachofés		
PLANO E:1/5000	O-3-14		
ADSCRIP. CULTURAL	Neolítico		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 552.269 Y : 4.710.272	Lonx : 8º21'48" Lat. : 42º32'32"	540 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	<p>Pártese do límite SW de Cachofés pola estrada N-541. Ao chegar a un camiño local que vai cara o N. tomámolo e andamos 450 m. en dirección W, seguimos por un cortafogos e descendemos por él 120 m. Uns 40 m. despois do cortafogos bifurcase en dous, e tomamos o que sae cara o S. Andamos 35 m. e xusto ao E do cortafogos úbicase o túmulo.</p>		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>A estrutura tumular recoñecida posee planta circular, cuns 10-12 m. de diámetro e destaca en altura sobre o entorno entre 0,40 e 0,60 m. Atópase bastante cuberta de vexetación o que impide ver con nitidez as súas características pero advirtense pedras de maior tamaño que poderían pertencer á cámara central.</p>		

NÚMERO	72		
CÓDIGO	GA36011072		
NOME	CASTRO SEGÓN		
PARROQUIA	San Xoán de Cerdedo		
LUGAR			
PLANO E:1/5000	O-3-16		
ADSCRIP. CULTURAL			
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 547.715 Y : 4.705.735	Lonx : Lat. :	602 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Partindo de Cerdedo cóllese a estrada que vai ao lugar de Chamadoira. No fondo da aldea as últimas casas, a 1 km. á dereita atopamos a estrada que vai cara Cotobade, nesa mesma estrada a uns 400 m. atópase o castro.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN			

NÚMERO	73		
CÓDIGO	GA36011073		
NOME	COTO DO CASTRO		
PARROQUIA	San Tomé de Quireza		
LUGAR	Laxoso – A Devesa		
PLANO E:1/5000	O-3-5		
ADSCRIP. CULTURAL			
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 547.985 Y : 4.714.618	Lonx : Lat. :	434 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Cerdedo collemos a N-541 en dirección Pontevedra, a dereita tómase a estrada de Deputación cara Figueroa, pasando Tomonde e o lugar de Barreira, collemos á esquerda cara a Devesa, no fondo da aldea, por un camiño que vai ás fincas por detrás da aldea xa se divisa no alto cara ao río o castro.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN			

NÚMERO	74		
CÓDIGO	GA36011074		
NOME	OS CASTRELOS		
PARROQUIA	San Tomé de Quireza		
LUGAR	O Outeiro		
PLANO E:1/5000	O-3-5		
ADSCRIP. CULTURAL			
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 546.367 Y : 4.721.885	Lonx : Lat. :	357 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Cerdedo collemos a N-541 en dirección Pontevedra, e a uns 500 m. tómase un desvío á dereita que leva aos lugares de Deán, Docabo e Domedio, despois deste lugar e aproximadamente a 2 km. chegamos ao lugar de Os Castros, onde atopamos o castro destás das primeiras casas a mán dereita.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN			

NÚMERO	75		
CÓDIGO	GA36011091		
NOME	COTO DA RODA		
PARROQUIA	Santa María de Castrelo (Forcarei)		
LUGAR	Lerce		
PLANO E:1/5000	O-3-6		
ADSCRIP. CULTURAL	Petroglifo		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 555.900 Y : 4.712.943	Lonx : 8º19'08,3" Lat. : 42º33'58,0"	528 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Forcarei cara o S pola estrada N-541e na primeira rotonda saíndo de Forcarei, tómake unha estrada en dirección á parroquia de Castrelo, percorridos uns 3 km. aproximadamente, tómake un desvío cara ao lugar de Lerce. A man esquerda e pouco antes de chegar as primeiras casas deste lugar, cóllese unha pista á man esquerda que se segue en dirección ao río Lérez e chégase ao pé do castro.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>O emprazamento topográfico trátase dunha cima dun outeiro.</p> <p>No entorno atopamos monte baixo e zonas repoboadas de pinos.</p> <p>As alteracións son producidas unicamente por axentes erosivos naturais.</p> <p>Poboado formado por un recinto central que ocupa a parte máis alta dun espolón que se sitúa sobre o río Lérez.</p> <p>Non se aprecian restos cerámicos e o solo no interior do recinto é moi lixeiro e pedregoso, observáanse algúns afloramentos.</p>		

NÚMERO	76		
CÓDIGO	GA36011ACH1		
NOME	ACHADEGO DE FILGUEIRA		
PARROQUIA	Santa Baia de Castro		
LUGAR	Filgueira		
PLANO E:1/5000	O-3-5		
ADSCRIP. CULTURAL	Romano		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 548.033 Y : 4.713.040	Lonx : 8°24'53" Lat. : 42°34'03"	500 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	O xacemento atópase na beira esquerda da estrada que une Vilalén con Filgueira, na finca da primeira casa da entrada do pobo de Filgueira.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>O emprazamento topográfico é unha ladeira suave. No entorno atopamos sobre todo terreos de cultivo, agrícolas.</p> <p>O Acheado é casual, produciuse durante uns traballos agrícolas.</p> <p>Póñense ao descuberto unhas pedras que aparenta un motivo figurado, sen poder determinar a súa forma.</p> <p>A finca é estreita e alongada, nunca se atoparon indicios. Todos os materiais están no poder do propietario e descubridor.</p>		

NÚMERO	77		
CÓDIGO	GA36011ACH2		
NOME	ACHADEGO DA IGREXA DE SANTA MARIA DE FOLGOSO		
PARROQUIA	Santa María de Folgoso		
LUGAR	Igrexa de Santa María de Folgoso		
PLANO E:1/5000	O-3-10		
ADSCRIP. CULTURAL	Romano		
LOCALIZACIÓN	PROYECCIÓN UTM	COORD. XEOGRÁFICAS	ALTITUDE
	X : 552.798 Y : 4.710.593	Lonx : 8º21'25" Lat. : 42º32'42"	500 m.
DESCRIPCIÓN DE ACCESOS	Dende Cerdedo collemos a estrada N-541 en dirección E, collendo a estrada vella e pasando a desviación a Insua a uns 225 m. atopamos a Igrexa.		
ESBOZO DESCRIPCIÓN	<p>Fragmento romano atopado no lado dereito do muro da entrada ó cemiterio.</p> <p>As dimensións aproximadas son de 25 x 18 x 12 cm.</p> <p>Realizado en granito conserva o burato central do anclaxe e parte da zona de molienda.</p> <p>Non se atopa asociado a outro material, é un achadego descontextualizado.</p>		

Art. 81. ENERXÍA ELÉCTRICA. SERVIDUMES.

A lexislación sectorial de aplicación a tener en conta é a seguinte :

- Ley 54/1997, de 27 de noviembre, del Sector Eléctrico (BOE. 28-11-1997).
- Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimiento de autorización de instalaciones de energía eléctrica.
- Real Decreto 223/2008, de 15 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento sobre Condiciones Técnicas y Garantías de Seguridad de las Líneas Eléctricas de Alta Tensión y sus Instrucciones Técnicas Complementarias, ITC-LAT 01 a 09.
- Real Decreto 222/2008, de 15 de febrero, por el que se establece el régimen distributivo de la actividad de distribución de energía eléctrica.
- Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento Electrotécnico para Baja Tensión. Instrucciones Técnicas Complementarias (ITC) BT01 a BT51
- Real Decreto 3275/1982, de 12 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento sobre Condiciones Técnicas y Garantías de Seguridad en Centrales, Subestaciones y Centros de Transformación.
- Decreto 275/2001, de 4 de octubre, por el que se establecen determinadas Condiciones Técnicas Específicas de Diseño y Mantenimiento a las que se deberán someter las instalaciones eléctricas de distribución (DOG 25-10-2002).

A servidume de paso de enerxía eléctrica non impide ao dono do predio servinte cercalo, plantar ou edificar nel deixando a salvo dita servidume.

As construcións, instalacións e plantacións de arboredo, etc, que se sitúen nas proximidades das liñas eléctricas de alta tensión, estarán suxeitas á lexislación de aplicación en vigor, constituída na actualidade polo RD 1955/2000, polo que se regulan as liñas de alta tensión e o RD 223/2008 polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas

e garantías de seguridade das liñas eléctricas de alta tensión e as súas Instruccións Técnicas Complementarias, ITC-LAT 01 a 09.

Nos proxectos de desenvolvemento urbanístico correspondentes ao solo urbano non consolidado e aos solos urbanizables, así coma aos de renovación no solo urbano consolidado, ditas instalacións de enerxía eléctrica haberán de articularse por medio de conductos soterrados.

Art. 82. EXPLOTACIONES DE REDES E PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES.

As explotacións de redes e prestación de servizos de telecomunicacións rexirase polo establecido na Ley 32/2.003 de 3 de novembro xeral de telecomunicacións.

A prestación dos servizos de comunicacións electrónicas, que se realizarán en reximen de libre competencia, permitirá aos operadores inscritos no rexistro de operadores a ocupación do dominio público e da propiedade privada na medida en que ello sexa necesario para o establecemento da rede pública de comunicación electrónica, se ben deberá obter a previa autorización de ocupación do dominio público.

Poderase impoñer non obstante condicións do dereito de ocupación cando están xustificadas por razóns de protección do medio ambiente, a saúde pública, a seguridade pública, a defensa nacional ou a ordenación urbana e territorial.

Para o despliegue de infraestructuras de radiocomunicacións e instalacións radio eléctricas axustaranse as expectativas correspondentes ao procedemento de referencia do Ministerio de Industria, Telecomunicacións e Comercio.

As redes públicas de comunicacións electrónicas deberán respetar en canto as características da súa infraestructura as seguintes UNE :

- UNE 133100-1 : 2.002 Infraestructuras para redes de telecomunicacions. Parte 1 : Canalizacións subterráneas.
- UNE 133100-2 : 2.002 Infraestructuras para redes de telecomunicacions. Parte 2 : Arquetas e cámaras de rexistro.
- UNE 133100-3 : 2.002 Infraestructuras para redes de telecomunicacions. Parte 3 : Tramos interurbans.
- UNE 133100-4 : 2.002 Infraestructuras para redes de telecomunicacions. Parte 4 : Liñas aéreas.
- UNE 133100-5 : 2.002 Infraestructuras para redes de telecomunicacions. Parte 5 : Instalación en fachada.

Os proxectos arquitectónicos que se presenten para a obtención das correspondentes licencias municipais deberán acompañarse do proxecto de infraestructuras comuns de telecomunicación propia de acordo co Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, sobre infraestructuras comuns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicacions, modificado polo artigo 5 da Lei 10/2.005, do 14 de xuño.

Nos proxectos de desenvolvemento urbanístico correspondentes ao solo urbano non consolidado e aos solos urbanizables, así coma aos de renovación no solo urbano consolidado, ditas instalacións de servizos de telecomunicacións haberán de articularse por medio de conductos soterrados.

Art. 83. AUGAS, CANLES E RIBEIRAS.

PROTECCION DA CALIDADE DAS AUGAS

Non poderán permitirse novas actividades insalubres ou nocivas que polo seu emprazamento ou vertido de augas residuais poña en perigo as condicións de potabilidade de augas destinadas ao abastecemento de auga se non cumpren as condicións sublimadas no Real Decreto Legislativo 1/2.001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido

da Lei de Augas, no Real Decreto 849/1.986 de 11 de abril do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, no Real Decreto 103/03, de 24 de xaneiro, Plan Hidrológico de Galicia-Costa, así como na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2.000 pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

PROTECCIÓN DE AUGAS EN RELACIÓN COS VERTIDOS INDUSTRIAIS

As explotacións mineiras ou calquera outras clasificadas como nocivas deberán estar dotadas de dispositivos de depuración para eliminar das súas augas residuais os elementos prexudiciais para as actividades primarias, a riqueza piscícola e as industrias situadas augas abaixo ou na proximidade do lugar no que se efectúe o vertido segundo o dispoñen os Regulamentos de Normas Básicas de Seguridade Mineira, aprobado por Real Decreto 863/1.985 de 2 de abril e Decreto 133 do 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, regulamentos e demais disposicións concordantes.

PROTECCION DOS CANLES EN RELACION COA EDIFICACION

Co fin de preservar da ocupación edificatoria as ribeiras, as marxes e as zonas colindantes dos leitos para garantilo establecemento das servidumes de uso público sinaladas na Lei de Augas e no seu Regulamento de Dominio Público Hidráulico, así como a conservación e protección das condicións naturais dos ríos e os terreos húmidos colindantes, delimítanse as zonas de servidume de 5 m. de anchura para uso público, e as zonas de policía de 100 m., nas que se condicionarán o uso do solo e as actividades que se desenvolvan mediante autorización previa do organismo de conca.

De igual modo, establece unha banda de 20 m. de anchura en cada marxe dos ríos, coa excepción dos solos urbanos e núcleos rurais tradicionais, na que se prohíbe calquera tipo de construción. Só se poderán exceptuar desta regra aquelas instalacións técnicas para a explotación dos recursos propios dos ríos que xustifiquen a necesidade pola súa proximidade (muiños, piscifactorías, etc...) e que contén coa autorización previa da administración hidráulica.

Nos leitos onde existan zonas naturais pantanosas, xuncais, brañas e calquera outro elemento que forme parte dos sistema húmido, os ditos elementos consideraranse incorporados ó leito e as zonas de policía

mediránse dende a liña de contacto destas zonas cos terreos colindantes.

Poderán realizarse no caso de urxencias traballos de protección de carácter provisional, nas marxes dos leitos. Serán responsables dos eventuais danos que poideran derivarse das citadas obras os propietarios que as constitúen.

En todo caso convén recordar que a aprobación do presente PXOM co informe favorable emitido por Augas de Galicia implica a no obrigatoriedade de autorización previa de dito organismo, unicamente para as construcións en zonas de policía de leitos, conforme co establecido no Art. 78 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico. Calquer outro tipo de autorización ou concesión das contempladas na lexislación hidráulica deberá ser obxecto de tramitación dacordo co establecido no citado regulamento.

Actuacións en zona de servidume

As zonas de servidume para uso público terán os fins que seguen :

- Protección do ecosistema fluvial e do dominio público hidráulico.
- Paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento.
- Varado ou amarre de embarcacións de forma ocasional e en caso de necesidade.

Os propietarios destas zonas de servidume poderán libremente sementar e plantar especies non arbóreas, sempre que non deterioren o ecosistema fluvial ou impidan o paso sinalado para os fins citados.

Con carácter xeral non se poderá realizar ningún tipo de construción nesta zona salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico e para a súa conservación e restauración.

Actuacións na zona de policía

As zonas de policía quedan sometidas ó disposto no RDPH as seguintes actividades e usos do solo :

- As alteracións substanciais do relevo natural do terreo.
- As extraccións de áridos.

- As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional.
- Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de avenida que poida ser causa de degradación ou deterioro do estado da masa de auga, do ecosistema acuítico e en xeral do dominio público hidráulico.

Sen perxuízo da modificación dos límites da zona de policía, cando conorra algunha das causas sinaladas no artigo 6.2 do Texto Refundido da Lei de Augas, a zona de policía poderá ampliarse, se iso fose necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, ao obxecto específico de protexer o réxime de correntes e avenidas, e reducir o risco de produción de danos persoais ou bens. Nestas zonas ou vías de fluxo prefente só poderán ser autorizadas polo organismo da cunca aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugue de dita vía.

A zona de fluxo preferente é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugue, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite mediante a envolvente de ambas zonas.

Aos efectos da aplicación da definición anterior, considerase que poden producirse graves danos sobre as persoas e os bens cando as condicións hidráulicas durante a avenida satisfagan un o mais dos seguintes criterios :

- Que o calado sexa superior a 1 m.
- Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.
- Que o produto de ambas variables sexa superior a 0,5 m²/s.

Entendese por vía de intenso desaugue a zona pola que pasaría a avenida de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior de 0,30 m., respecto á cota da lámina de auga que se producirá con esa mesma avenida considerando toda a chaira de inundación existente.

A sobrelevación anterior poderá, a criterio do organismo da cunca, reducirse ata 0,10 m. cando o incremento da inundación poida producir graves prexuízos ou aumentarse ata 0,50 m. en zonas rurais ou cando o incremento da inundación produza danos reducidos.

Na delimitación da zona de fluxo preferente empregárase toda a información de índole histórica e xeomorfolóxica existente, a fin de garantir a adecuada coherencia dos resultados coas evidencias físicas dispoñibles sobre o comportamento hidráulico do río.

A modificación dos límites da zona de policía, cando concorra algunha das causas sinaladas no Art. 9 do texto refundido da Lei de Augas, so poderá ser promovida pola Administración Xeral do Estado, autonómica ou local.

A execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de canles precisará autorización administrativa previa do organismo de conca, sen prexuízo dos supostos especiais regulados no RDPH. Dita autorización será independente de calquera outra que haxa de ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas.

O Organismo de Conca notificará ó Concello as peticións de autorización, así como as resolucións que nela recaian para os efectos do posible outorgamento da licenza de obras.

Actividades prohibidas

Queda prohibido con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 100 da Lei de Augas :

- Efectuar vertidos directos ou indirectos que contaminen as augas.
- Acumular residuos sólidos, cascallos ou substancias, calquera que sexa a súa natureza e o lugar no que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas ou de degradación do seu contorno.
- Efectuar accións sobre o medio físico ou biolóxico afecto á auga, que constitúan ou poidan constituír unha degradación do mesmo.
- O exercicio de actividades dentro dos perímetros de protección fixados nos Plans Hidrolóxicos, cando puideran constituír un perigo de contaminación ou degradación do dominio público hidráulico.

Con carácter xeral, non serán autorizados os encauzamentos cubertos en ríos (canalizacións) excepto no paso de rúas ou estradas. Poderase realizar unha cobertura provisional do canle sempre e cando esta permita ser visitable (1,80 m. de altura).

Art. 84. PATRIMONIO CULTURAL.**DEFINICION.**

Comprende os bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, conforme subliñan e recollen os art. 1º e 8ª da Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia, así como os terreos afectados, que se incorporan canto á súa definición, protección e catalogación no presente documento por ser obxecto do planeamento municipal, é que tal efecto inclúe todos os de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico e cultural.

A protección do Patrimonio Cultural non se estende unicamente ós bens que recolle o presente Catálogo, se non tamén ós elementos que formen parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia ou que se inclúan nel a través do procedemento regulado no Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

O presente documento inclúe a relación de bens e elementos catalogados que están incluídos no catálogo do patrimonio cultural de Galicia, ademais dos que polo seu interese incorpora o presente documento, regulándose na súa protección específica coa presente ordenanza, con independencia da clasificación ou categoría de solo en que estean situados.

Para a delimitación dos ámbitos de protección dos elementos catalogados tiveronse en conta unha serie de factores que, nalgúns casos basearonse en límites parcelarios, encontros con rueiros, accidentes xeográficos e mesmo as veces puramente ambientais, tendo en conta a súa visión e apreciación panorámica.

A constatación sobrevida de calquera outro elemento, ben o xacemento obxecto de catalogación e protección deberá ser incorporado ao inventario ou catálogo con aplicación das determinacións que sobre protección estableza o presente documento e de acordo ao seguinte procedemento :

- 1.- Apreciado o carácter patrimonial ou cultural dun ben non comprendido no catálogo integrado no Documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Concello por si ou a instancia de calquera particular ou administración pública promoverá na súa

declaración como tal e incluírao no catálogo do seu patrimonio cultural previo informe dos servizos técnicos municipais.

2.- A tal fin o expediente comprenderá ficha individualizada, na que cando menos figuren os seguintes datos :

- Clave de identificación e referencia aos planos de ordenación no que se localiza.
- Denominación.
- Localización (lugar e parroquia).
- Grao de protección.
- Clasificación do solo.
- Usos permitidos e prohibidos.
- Descrición (cultural, tipoloxía, construtiva....).
- Descrición do contorno.
- Fotografías.

3.- O expediente relacionado nos anteriores apartados remitirase á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na súa condición de órgano da administración competente en materia relacionada co patrimonio cultural de Galicia, resultando vinculante o informe que dito organismo emita.

En todo caso cumpríranse os requisitos da tramitación establecidos na Lei 8/1.995 do Patrimonio Cultural de Galicia e a Lei 16/1.985 do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español.

4.- Tal circunstancia leva aparellada unha alteración no réxime urbanístico da propiedade e deberá procederse á modificación puntual do Plan, conforme determina o art. 94 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

ÁREAS DE PROTECCIÓN.

Dentro das áreas de protección que se subliñan no presente documento será preciso autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que terá carácter preceptivo e vinculante para a realización de calquera dos actos suxeitos a licenza que se subliñan no art. 194 da Lei 9/2002, do 30 de

decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Así mesmo ditas áreas de protección integran, obviamente, os elementos protexidos e/ou catalogados que constitúan a razón da súa delimitación. Para ditos elementos establécese unha protección baseada en evitar a súa desaparición e estará baixo a responsabilidade do Concello e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que deberá autorizar expresamente e con carácter vinculante calquera intervención que lles afecte, en cumprimento do establecido no art. 54 da Lei 8/1995 do 30 de outubro do patrimonio cultural de Galicia.

As áreas de protección estableceranse para os elementos puntuais formando unha franxa cunha profundidade medida dende o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe. Cando por outra parte existan varios elementos singulares que se articulan nun conxunto, dita área de influencia trazarase a partires dos elementos máis externos do conxunto e abarcará a totalidade daquel.

Coas determinacións subliñadas, as áreas de protección mínimas quedan establecidas conforme á descrición seguinte:

- Cando o obxecto protexido sexa unha edificación, a protección esténdese á totalidade da parcela onde se sitúa, quedando excluída calquera posibilidade de segregación de novas parcelas.

Non obstante, a limitación anterior, así como as que se regulan no art. 12 do presente documento, cando sexa o caso de edificios situados no medio rural con parcelas de gran extensión, esta condición entenderase referida a unha área definida por unha liña homotética trazada a 50 m. de distancia dos muros exteriores da edificación ou grupo de edificacións que integran o conxunto protexido.

- Cando o obxecto protexido se trate de hórreos e cruceiros, a protección quedará establecida por unha área definida por unha liña homotética trazada a 50 m. do perímetro exterior que conforman ditos hórreos ou cruceiros.
- Cando o obxecto protexido se trate de elementos etnográficos inventariados tales como fornos, pombais, feiras, muíños, fontes, petos de ánimas ou calquera outro, a protección quedará establecida

por unha área definida por unha liña homotética trazada a 50 m. do perímetro exterior que conforman ditos elementos.

- Cando o obxecto protexido se trate de elementos da arquitectura relixiosa tales como mosteiros, conxuntos parroquiais, igrexas, capelas, santuarios ou cemiterios, da arquitectura militar tales como castelos, murallas ou outros, da arquitectura civil tales como pontes, casas señoriais e pazos, etc., e da arquitectura industrial tales como serradoiros, a protección quedará establecida por unha área definida por unha liña homotética trazada a 100 m. do perímetro exterior que conforman ditos elementos.

- Cando o obxecto protexido se trate de restos arqueolóxicos tales como sepulcros megalíticos, dolmens, petróglifos, castros e outros, a protección quedará establecida por unha área definida por unha liña homotética trazada a 200 m. do perímetro exterior que conforman ditos elementos.

As distancias aquí subliñadas serán aplicables cando a protección non apareza grafitada en planos, ou para aqueles novos elementos integrantes do patrimonio arquitectónico ou arqueolóxico, en tanto en canto non sexan delimitados graficamente.

TIPOS DE PROTECCIÓN EN ATENCIÓN AO TIPO DE BENS, ELEMENTOS OU XACEMENTOS.

Ao obxecto de establecer as correspondentes proteccións no presente documento establécese as seguintes definicións e clasificacións :

A) DEFINICIÓNS SEGUNDO O TIPO DE OBRA QUE AFECTE AO EDIFICIO, CONXUNTO OU ELEMENTOS DE PROTECCIÓN :

- a.1) Conservación.
- a.2) Restauración.
- a.3) Consolidación.
- a.4) Rehabilitación.
- a.5) Reestruturación.

- B) EDIFICIOS, CONXUNTOS OU ELEMENTOS OBXECTO DE PROTECCIÓN.
- b.1) Protección integral.
 - b.2) Protección non integral.
- C) PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.
- c.1) Zona de protección integral.
 - c.2) Zona de respecto ou protección exterior do xacemento.
- D) HORREOS.
- d.1) Grupo I.
 - d.2) Grupo II.
 - d.3) Grupo III.
- E) MUROS TRADICIONAIS :
- e.1) Conservación.
 - e.2) Restauración.
 - e.3) Consolidación.
- A.) DEFINICIÓN SEGUNDO O TIPO DE OBRA QUE AFECTE AO EDIFICIO, CONXUNTO OU ELEMENTOS DE PROTECCIÓN :

a.1) CONSERVACIÓN.

Son aquelas destinadas a cumprir as obrigas da propiedade en canto se refire ás condicións de ornato e hixiene da edificación. Non poden afectar ás características formais do edificio, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou do deseño do mesmo.

a.2) RESTAURACIÓN.

Son aquelas obras encamiñadas a unha conservación en grao máximo nas que se pretende a reparación dos elementos, estruturais ou non, do edificio á vez que reproducir as condicións orixinais sen aportación de elementos de novo deseño, incluso a restauración do mobiliario orixinal e da decoración ou dos procedentes cando menos das últimas etapas de utilización.

Cando implique a substitución inevitable dalgún elemento, a reposición será o máis fiel posible ás condicións orixinais.

a.3) CONSOLIDACIÓN.

Son aquelas obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural con aportación de elementos novos con deseño ou natureza material diferente aos substituídos pero respectando integramente a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio (fachadas e cubertas).

a.4) REHABILITACIÓN.

Son aquelas obras encamiñadas a mellorar e adecuar as condicións de habitabilidade e que impliquen unha redistribución da organización espacial conservando as características estruturais e a composición exterior da envolvente do edificio (fachadas e cubertas).

a.5) REESTRUTURACIÓN.

Son aquelas obras encamiñadas a unha renovación incluso dos elementos estruturais que impliquen variacións do tipo de estrutura, podendo incluír o derrube dos elementos estruturais ou en grao máximo o baleirado do edificio conservando as fachadas existentes ao exterior, interior e patios e a liña e tipo de cuberta.

B.) EDIFICIOS, CONXUNTOS OU ELEMENTOS OBTETO DE PROTECCION

b.1) PROTECCIÓN INTEGRAL.

1.- As áreas de protección a definir para os edificios, conxuntos ou elementos de protección integral son as que se sinalan con carácter xeral e con independencia do tipo de solo no que se sitúen ditas edificacións, conxuntos ou elementos no epígrafe do presente artigo referido a áreas de protección.

2.- Obras permitidas.

Con carácter xeral autorizaranse obras de restauración total ou parcial e de conservación.

No caso de que nun edificio catalogado e obxecto de protección integral se pretendese efectuar algunha obra non clasificable como de conservación ou restauración e si de consolidación ou rehabilitación, a necesidade e oportunidade de ditas obras terá que xustificarse na memoria do proxecto que acompañe á solicitude de licenza. O Concello poderá denegar dita licenza se considerase que é posible e conveniente un maior grao de protección e conservación. A tal efecto o Concello poderá solicitar ditame pericial ou administrativo de facultativos ou organismos competentes.

Explicitamente quedan prohibidas as obras de reestruturación e derrube parcial ou total. Igualmente as de rehabilitación que supoñan un cambio tipolóxico ademais e/ou de uso.

3.- Afeccións do entorno.

- Cando o obxecto protexido sexa un edificio ou edificios e os xardíns ou espazos libres que con el forman unha unidade (igrexa e atrio, casa-pazo e xardín - horta, etc.) o conxunto (igrexa, casa RECTORAL e campo de festas, etc.) quedará excluída calquera segregación do ámbito protexido. Nos espazos non ocupados pola edificación, calquera modificación dos elementos que configuren formalmente o ámbito será obxecto de licenza. O Concello deberá solicitar ditame pericial ou administrativo de facultativos ou organismos competentes cando a modificación pretendida non se xustifique como conservación ou mantemento e poida supor un cambio de carácter do ámbito protexido. Expresamente queda prohibida a tala de especies arbustivas ou arbóreas que pola súa porte, idade ou situación estratéxica, sexan autóctonas ou non, formen parte importante da xardinería ou do entorno inmediato.

- Cando o elemento protexido non sexa unha edificación entenderase que a protección afecta non soamente a dito elemento senón a un entorno que garanta o mantemento do significado do elemento protexido e o libre acceso e contemplación. Este entorno será como mínimo de tres metros arredor de todo o obxecto perímetro de dito elemento. En dito entorno non se poderán levantar novas edificacións nin permitir usos distintos dos actuais agás o de libre público.
- En calquera caso toda nova edificación que se fose situar nas inmediacións do elemento protexido atenderá ao establecido no art. 104 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- Documentación para solicitude de licenza e procedemento de tramitación.

A solicitude de licenza de restauración, e no seu caso, de consolidación ou rehabilitación, ademais dos documentos esixidos nas ordenanzas municipais, deberá ser acompañada da documentación seguinte:

- Descrición do marco referencial de orixe do edificio: propiedade que ordena destino a súa construción, autores de proxecto e obra, uso orixinal ao que se destina e variacións de uso e propiedade, etc.
- Evolución do edificio e do entorno inmediato que poidan xustificar as solucións adoptadas.
- Levantamento a escala 1/100 do edificio na súa situación actual (plantas, alzados exteriores e interiores, seccións, etc.) e das edificacións auxiliares e complementarias, así como as ampliacións de escala precisas de detalles característicos.
- Levantamento da parcela onde se encrava, a escala non menor de 1/500 indicando a situación relativa dos edificios principal e auxiliar e especificando os cultivos, manchas de arborado, xardinería, etc.

- Descrición fotográfica do edificio e montaxe das solucións adoptadas tanto das propias edificacións como da xardinería, etc.
- Memoria xustificativa da oportunidade da obra a realizar, así como dos efectos sobre os usos e usuarios actuais, e sobre os elementos obxecto de protección.
- Proxecto detallado das obras a realizar.

No caso de edificios protexidos no medio rural encravados en grandes fincas, a solicitude de licenza de calquera tipo que afecte a unha área definida por unha liña homotética a 50 m. de distancia dos muros exteriores da edificación ou grupo de edificacións que integran o conxunto edificatorio a protexer, deberá ir acompañada, ademais dos documentos esixidos nas ordenanzas municipais, pola documentación seguinte:

- Plano de situación en relación ao edificio a protexer.
- Incidencia no entorno da obra ou actividade para a que se solicita licenza así como memoria xustificativa da non alteración das condicións ambientais e paisaxísticas do ben cultural protexido (incluírá para o caso de edificacións relación detallada de materiais a empregar e da solución formal adaptada, etc.)

De acordo ao disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa modificación pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, neste Plan poderán redactarse plans especiais para o mellor cumprimento destas determinacións.

A administración competente en materia de protección de bens culturais e o Concello coordinarán as súas competencias respectivas de acordo ás determinacións deste documento. O Concello solicitará con carácter previo á concesión de licencias de obras nestes edificios e elementos, informe do organismo competente en materia de protección histórico – artística, isto é a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que as cautelará co seu informe e comprenderá con carácter vinculante non só as condicións para a preservación das condicións físicas, estéticas e volumétricas que sexan requeridas das construcións a fin de garantir a súa armonización coas

características ou valores dos bens a protexer, e tamén respecto aos usos e preservación do entorno.

B.2) PROTECCIÓN NON INTEGRAL.

1.- As áreas de protección a definir para os edificios, conxuntos ou elementos de protección non integral son as que se sinalan con carácter xeral e con independencia do tipo de solo no que se sitúen ditas edificacións, conxuntos ou elementos no epígrafe do presente artigo referido a áreas de protección.

2.- Obras permitidas.

Con carácter xeral autorizaranse obras de restauración total ou parcial, de conservación, consolidación e rehabilitación.

- Cando nun edificio obxecto de protección non integral se pretendese unha reestruturación xeneralizada (conservación da envolvente externa: fachadas e cubertas e baleirado interior) o Concello esixirá a presentación da documentación complementaria que se especifica no epígrafe correspondente a este apartado, e a memoria do proxecto que acompañe á solicitude xustificará suficientemente que as obras que se proxectan non afectan ao carácter do edificio obxecto de protección nin ao do seu entorno. Se o Concello estimase que dito carácter non queda garantido poderá denegar a licenza. O Concello solicitará en todo caso informe previo do organismo competente en materia de protección histórico-artística.

Explicitamente quedarán prohibidos os derrubes parciais ou totais que afecten á envolvente do edificio, a modificación dos ocos ou a apertura doutros novos, e todos aqueles cambios en dita envolvente que modifiquen a composición xeral.

- As edificacións afectadas ao grado de protección non integral que se establece no presente documento deberán conservar a altura actual de ditas edificacións ou elementos xunto cos volúmenes edificadas e a composición de fachada e de elementos singulares asociados a ditos volúmenes edificadas.
- Nos supostos excepcionais que poideran incrementarse a altura de ditas edificacións, tales actuacións estarán amparadas sempre por necesidades asociadas ás condicións de habitabilidade dos inmobles e precisarán da autorización da

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Nestes casos, nos que se permita un maior volume edificable, poderase engadir á edificación existente ata acadar a máxima edificabilidade permitida, mantendo as condicións estruturais da planta do edificio, e a composición, ritmo de ocos, etc., do edificio existente, con materiais acordes co criterio de posta en valor do edificio catalogado.

3.- Afeccións do entorno.

- Cando o obxecto protexido sexa un edificio ou edificios e os xardíns ou espazos libres que co forman unha unidade (igreja e atrio, casa-pazo e xardín – horta, etc.) quedará excluída calquera segregación do ámbito protexido con destino distinto ao existente. Nos espazos non ocupados pola edificación, calquera modificación dos elementos que configuren formalmente o ámbito de influencia da edificación será obxecto de licenza. O Concello deberá solicitar ditame pericial ou administrativo de facultativos ou organismos competentes cando a actuación pretendida poida supor un cambio de carácter do ámbito protexido.
- Cando o obxecto protexido sexa exclusivamente a fachada dun edificio, a protección abarcará exclusivamente a mesma. O Concello deberá solicitar ditame pericial ou administrativo de facultativos ou organismos competentes cando a actuación pretendida poida supor un cambio de carácter do ámbito protexido. Cando a cualificación correspondente ao edificio protexido permita un maior volume edificable, poderase engadir á edificación existente ata acadar a máxima edificabilidade permitida, mantendo as condicións e características da fachada, e a composición, ritmo de ocos, etc., do edificio existente, con materiais acordes co criterio de posta en valor da fachada protexida.
- Cando o elemento protexido non sexa unha edificación entenderase que a protección afecta non soamente a dito elemento senón a un entorno que garanta o mantemento do significado do elemento protexido e o libre acceso e contemplación. Este entorno será como mínimo de tres metros ao redor de todo o perímetro de dito elemento. En dito entorno non se poderán levantar novas edificacións nin permitir usos distintos dos actuais agás o de libre público.

- En calquera caso toda nova edificación que se fose situar nas inmediacións do elemento protexido atenderá ao establecido no art. 104 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- Documentación para solicitude de licenza e procedemento de tramitación.

Nos edificios con protección non integral, as solicitudes de licenza de reestruturación e/ou adición de plantas ou incremento de volume, incluírá preceptivamente, ademais dos documentos exhibidos nas ordenanzas municipais, a documentación detallada seguinte:

- Descrición fotográfica pormenorizada do estado actual do edificio e dos elementos máis característicos.
- Alzado fotográfico do tramo de vía onde esta situado o edificio.
- Proxecto detallado das obras a realizar.

Nos edificios situados no medio rural presentarase levantamento da parcela en que se empraza a escala non menor de 1/500 indicando a situación relativa dos edificios principal e auxiliares e especificando os cultivos, manchas de arborado, xardinería, etc. A administración competente en materia de protección de bens culturais e o Concello coordinarán súas competencias respectivas de acordo ás determinacións deste documento. O Concello solicitará con carácter previo á concesión de licencias de obras nestes edificios e elementos, informe do organismo competente en materia de protección histórico – artística, isto é a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que as cautelará co seu informe e comprenderá con carácter vinculante non só as condicións para a preservación das condicións físicas, estéticas e volumétricas que sexan requeridas das construcións a fin de garantir a súa armonización coas características ou valores dos bens a protexer, e tamén respecto aos usos e preservación do entorno.

C. PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.

Todos os xacementos arqueolóxicos que se inclúen no presente documento dispoñen do grao de protección que corresponde aos xacementos catalogados ou inventariados.

En consecuencia definiremos para os mesmos, as seguintes zonas :

- * Zona de protección integral dos xacementos arqueolóxicos.

Esta zona queda definida polo ámbito propiamente dito dos xacementos localizados no rural, é dicir ao solo rústico protexido de patrimonio arqueolóxico.

Nesta zona non poderán realizarse construcións, tendidos e instalacións aéreas ou soterradas –electricidade, saneamento, abastecemento de auga, gasodutos, conducións telefónicas ou calquera outra–, escavacións, recheos ou calquera movemento de terras en xeral, así como a plantación e os cultivos que requiran labores profundas e a apertura de pozos ou minas. Só se autorizarán, co informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as actuacións que sexan compatibles co ben ou coa súa posta en valor, así coma as obras e instalacións relacionadas con dita posta en valor do ben.

Considérase a excepción lóxica das prospeccións que dito órgano autonómico autorice cando o xacemento se descubra ou localice.

- * Zona de respecto ou protección exterior do xacemento.

Será de aplicación aos xacementos en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, e nos contornos exteriores, sexa cal sexa a clasificación de solo. Os usos nesta zona deberán ser específicos para cada caso concreto. A tramitación de licenza para a realización de calquera actuación nesta zona deberá ser autorizada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

D. HORREOS.

Calquera actuación sobre un elemento recollido no catálogo precisa da autorización por parte da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Os hórreos existentes no Térmo Municipal de Cerdedo clasifícanse en tres grupos :

d.1) GRUPO I

Hórreos que poseen o carácter de BIC ou cuxo valor como elemento etnográfico é similar a un BIC.

d.2) GRUPO II

Hórreos que non poseendo o carácter de BIC poseen un certo valor como elemento etnográfico.

d.3) GRUPO III

Hórreos que polas alterancions que sofriron poseen un valor como elemento etnográfico reducido.

GRUPO I

Ambito : o grafiado nos planos de ordenación.

Actuacións no seu entorno : as determinadas polas propias ordenanzas sempre baixo a supervisión e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Actuacións no elemento : as permitidas con carácter xeral na Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e sucesivas. A competencia para a súa autorización corresponderá exclusivamente á Dirección Xeral de Patrimonio.

GRUPO II

Ambito : o grafiado nos planos de ordenación.

Actuacións no seu entorno :

- Vaciado do edificio (rehabilitación integral) ou nova construción : competencia exclusiva da Dirección Xeral de Patrimonio.
- Resto de actuacións : competencia municipal, de acordo coas seguintes características :

- Cambio de material da cuberta : sempre polo mesmo material existetente. Para excepcións será preciso o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Cambio de carpintería : madeira ou aluminio en cor branco, verde ou gris. Para excepcións será preciso o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Pintura paramentos verticais : branca, outros cores previa xustificación e informe municipal favorable.
- Peches : pedra ou materiais cerámicos enfoscados e pintados. Prohíbese expresamente o bloque e todos aqueles que non sexan acordes co entorno. En todo caso deberá optarse pola solución propia do entorno onde se ubiquen.

Actuacións no elemento : con caracter xeral obras de conservación e mantemento e todas aquelas necesarias para a posta en valor do elemento, así coma as permitidas con caracter xeral na Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e sucesivas. A competencia para a súa autorización corresponderá exclusivamente á Dirección Xeral de Patrimonio.

GRUPO III

Ambito : o propio elemento catalogado.

Actuacións no seu entorno : competencia municipal.

Actuación no elemento :

- Para o seu traslado : competencia exclusiva da Dirección Xeral de Patrimonio.
- Resto de actuacións : competencia exclusiva da Dirección Xeral de Patrimonio.

E.) MUROS :

e.1) CONSERVACIÓN.

Son aquelas actuacións destinadas a cumprir as obrigas da propiedade en canto se refire ás condicións de conservación do muro,

sen que afecte a súas características formais, constructivas, a súa natureza e a textura dos materiais empregados, respetando os dos materiais existentes nos mesmos.

e.2) RESTAURACIÓN.

Son aquelas obras encamiñadas a unha conservación en grao máximo nas que se pretende a reparación dos elementos do muro á vez que reproducir as condicións orixinais sen aportación de elementos de novo deseño.

e.3) CONSOLIDACIÓN.

Son aquelas obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen substitución parcial ou total dalgún elemento conformador do muro ou do muro mesmo. As actuacións de consolidación respetarán igualmente a súa natureza e a textura dos materiais empregados, respetando os dos materiais existentes nos mesmos.

Art. 85. AMBIENTE NATURAL E PAISAXE.

Constitúe un dos obxectivos principais deste documento, compatibilizar a explotación dos recursos naturais, coa protección do equilibrio ecolóxico, o medio libre, o medio ambiental e a paisaxe.

Esta protección ten distintos aspectos que comprenden dende a conservación da natureza virxe, en determinadas zonas ata a protección puramente estética da paisaxe, compatibilizándoa coa explotación racional e limitada dos recursos. O Plan regula a especial protección de determinadas zonas forestais e naturais mediante diversas ordenanzas, todas elas en solo rústico.

Con independencia da especial protección a que se fixo referencia, estarase á normativa xeral seguinte:

1. DISPOSICIÓN XERAL.

O Concello e demais organismos competentes terán en conta o disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia á hora de proceder á aprobación de plans e proxectos e na concesión de licencias, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e Lei

2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Para toda actuación (trazado de infraestruturas territoriais, repoboacións forestais, explotacións mineiras, grandes industrias, etc.) que se prevexa poida alterar o equilibrio ecolóxico, a paisaxe natural ou introduza cambios importantes na xeomorfoloxía, esixirase a presentación dun estudo de impacto sobre o medio natural.

2. NOVAS ESTRADAS.

CAPA VEXETAL.

Evitarase a desaparición de capa vexetal nas zonas lindeiras coas estradas e camiños de novo trazado, repoñendo aquelas franxas que por causas construtivas (almacenamento de materiais, manobrabilidade da maquinaria, asentamentos provisionais, etc.) resultasen danadas ou deterioradas.

NOIROS OU TERRAPLÉNS.

Naqueles lugares en que por causas da topografía do terreo e do trazado viario fose preciso a creación de noiros ou terrapléns deberán ser trazados de forma tal que non degraden a paisaxe.

3. RECTIFICACIÓNS NO TRAZADO VIARIO.

Naqueles tramos de estradas ou camiños que por alteración no seu trazado quedasen sen uso, levantarase o firme e repoñerase a súa capa vexetal e a flora natural da zona.

4. REPOBOACIÓNS FORESTAIS.

Simultaneamente á rendibilidade das repoboacións forestais feitas con especies exóticas, e de fácil crecemento, valorarase polas administracións competentes a promoción dos valores autóctonos e tradicionais da comarca, con vistas a non romper o equilibrio paisaxístico e ecolóxico da zona.

Agás no solo rústico de protección agropecuaria, no resto dos solos rústicos de protección permitirase a plantación de especies forestais de acordo co establecido na lexislación sectorial e previo informe

vinculante do organismo sectorial competente da Comunidade Autónoma.

Nos solos rústicos de protección agropecuaria as plantacións terán que realizarse exclusivamente con especies autóctonas.

As distancias de separación do arborado forestal ás leiras lindantes, serán como mínimo, en función do tipo de cultivo co que colinde, as seguintes :

ESPECIE FORESTAL	CULTIVOS AGRICOLAS	TERREOS DE PARDEIRA
Coníferas ou resinosas	3 m.	2 m.
Fronosas	4 m.	3 m.
Eucalipto	6 m.	5 m.

A non ser que a consellería competente nesta materia estableza unhas distancias menores, en cuxo caso prevalecerán ditas distancias.

5. SILOS PARA CEREAIS E DEPÓSITOS DE AUGA.

Non se autorizará a construción de silos e depósitos de auga cuxas dimensións non sexan proporcionadas coa escala de núcleo urbano na que vaian estar asentados.

6. SERVIZOS DE ESTRADA.

As edificacións para servizos de estradas que se constrúan nas zonas de influencia das mesmas, deberán ser proxectadas tendo en conta o carácter da paisaxe existente na zona co fin de que forme un conxunto harmónico co mesmo.

7. ANUNCIO E CARTEIS.

A colocación de anuncios na zona de servidume das estradas estará ao disposto no Decreto 1953/1962 do 8 de agosto e Ordenes do 22 de agosto de 1962 e 8 de febreiro de 1965, e Decreto 917/1967 do 20 de abril. Fóra das zonas de servidume das estradas prohibiranse todo tipo de anuncios pintados directamente sobre rochas, noiros, abas de montañas, etc. e os carteis que constituían un atentado contra a natureza e a intimidade do home perante a paisaxe.

8. ADAPTACIÓN AO AMBIENTE.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas. A tal efecto:

- a.- As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.
- b.- Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.
- c.- A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe no que se vaian levar a cabo.
- d.- Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

e.- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

f.- Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.

9. INSTALACIÓNS E CANALIZACIÓNS DE ELECTRICIDADE, ILUMINADO PÚBLICO E TELEFONÍA.

Dentro da delimitación do solo urbano de Cerdedo e nos ámbitos sometidos a planeamento parcial e especial non se permitirán os tendidos aéreos para o establecemento das instalacións correspondentes ao abastecemento eléctrico, iluminación pública e telefonía, que deberán instalarse en todo caso de maneira soterrada e con suxeición ás normas e disposicións técnicas que lle resulten aplicables.

Así mesmo é un obxectivo do Plan que as actuais instalacións e tendidos aéreos existentes no solo urbano de Cerdedo deban ser desmontadas e canalizadas soterradamente, nun prazo máximo de 5 anos contados a partires da entrada en vigor do presente documento.

Art. 86. NORMAS E LIMITACIONES SOBRE SERVIDUMES AERONAUTICAS.

O concello de Cerdedo, en canto ao ámbito do seu Termino Municipal, encontrase parcialmente incluído nas zonas de servidumes aeronáuticas legais correspondentes ao Aeroporto de Vigo.

O anexo nº 2 do presente documento especifica os límites de superficies de aproximación final VOR/DME 20 e a superficie de aproximación final NDB/DME 20.

Ditos ámbitos de superficies de aproximación afectan aos seguintes solos :

- Solo de núcleo rural : nos núcleos de Cuiña, Mámoa Alba e parte de Vilarchán.
- Area de expansión núcleo rural : no entorno de Cuiña.
- Solo rústico de protección agropecuaria : no entorno de Cuiña, Mámoa Alba e Vilarchán.
- Solo rústico de protección forestal : no entorno de Cuiña e Mámoa Alba.
- Solo rústico de protección de augas : terrenos ubicados ao este e ao norte de Cuiña e Mámoa Alba.
- Solo rústico de protección de interés paisaxístico : terrenos ubicados ao norte e ao noreste de Cuiña.

E en relación a ditas servidumes resultará de aplicación e obrigado cumprimento as seguintes disposicións :

1. Nas sinaladas afeccións sobre o territorio correspondentes ás servidumes aeronáuticas con legais do aeroporto de Vigo, as construcións e instalacións de todo tipo, incluídos os seus elementos asociados como antenas, pararaíos, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc., non poderán sobrepasar a altura de 750 m. contados sobre o nivel do mar.
2. Igualmente, se ben os solos afectados : solo de núcleo rural, áreas de expansión, e rústicos con catro grados de protección non inclúen ordenanzas de edificación ou de instalación industriais con emisión de fumes, polvos, néboa ou calquer outro fenómeno en niveis que constitúan un risco para as aeronaves, non poderán, sexan cales fosen, emitir ningún tipo de estas sustancias.
3. De igual xeito calquer tipo de construción ou instalación nos ámbitos que se inclúen nas zonas de servidumes aeronáuticas legais, non poderán dispoñer de tellados e cubertas, ou elementos integrados que poidan provocar reflexións da luz solar, así coma fontes de luz artificial que poideran molestar ás tripulacións

das aeronaves e poñer en perigo a seguridade das operacións aeronáuticas.

4. A execución de calquer construción ou estrutura tales como postes, antenas, aeroxeradores, incluídas as súas palas, grúas de construcións e calquer outro tipo de instalación requirirá resolución favorable do organismo administrativo competente do Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Aviación Civil, de conformidade aos artigos 29 e 30 do Decreto sobre servidumes aeronáuticas.

Art. 87. CONTAMINACION ACUSTICA.

A contaminación acústica queda regulada polo CTE, a LRU, a LPAG, a LPCA e os seus Regulamentos, en especial o RPCA e polas ordenanzas municipais cando se aproben. En calquera caso en tanto non se elabore unha ordenanza municipal reguladora sobre os aspectos que de seguido se sinalan, deberán cumprirse as condicións que a continuación se indican :

- As perturbacións por ruidos e vibracións non excederán dos límites que establezan as normas anteriormente sinaladas, sen prexuízo da aplicación dos límites que se establezan nestas Normas para determinados usos. A tal efecto, e para completar o regulado no Anexo II da RPCA, recóllense no cadro seguinte os obxetivos de calidade acústica para ruído aplicables a todas as áreas do territorio e que se identifican no correspondente plano que se adxunta ao epígrafe 1.10 da memoria xustificativa do presente PXOM.

TIPO DE AREA ACUSTICA		INDICES DE RUIDO		
		Ld	Le	Ln
E	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira	60	60	50

	unha especial protección contra a contaminación acústica			
A	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
D	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en C	70	70	65
C	Sectores do territorio con predominio de solo de uso recreativo e de espectáculos	73	73	63
B	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial	75	75	65
F	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestructuras de transporte e outros equipamentos públicos que os reclamen	Os que determine a correspondente administración		
G	Espazos naturais que requiran unha especial protección contra la contaminación acústica	Non hai áreas deste tipo		
	Resto do territorio (zonas tranquilas e espazos abertos rústicos) con protección xeral	55	55	45

Onde

Ld (Índice de ruido día) : o índice de ruido asociado á molestia durante o período día (12 horas).

Le (Índice de ruido tarde) : o índice de ruido asociado á molestia durante o período tarde (4 horas).

Ln (Índice de ruido noite) : o índice de ruido correspondente á alteración do sono (8 horas).

- Estableceránse medidas concretas para a redución da contaminación acústica, sobre todo nas zonas de maior sensibilidade :
 - Prohibir o tránsito innecesario dos camiós polo centro da vila ou dos núcleos de poboación.
 - Establecemento de horarios de carga e descarga para vehículos pesados nos núcleos de poboación.

- Mellorar o mantemento das vías públicas, substituíndo progresivamente os revestimentos de calzada por novos aglomerados que limitan os ruídos de rodamento.
- Localizar arredor das fontes importantes de contaminación acústica (infraestructura de transporte, etc.) usos e actividades pouco sensibles ao ruído.
- Establecemento dunha ordenanza municipal de control de contaminación acústica.

Art. 88. XESTION DE RESIDUOS.

Nas diferentes fases dos plans ou proxectos que se redacten en desenvolvemento do PXOM deberase asegurar a correcta xestión dos residuos xerados.

1.- DEFINICIÓNS

1.1.- Residuos urbanos

Os residuos urbanos comprenden os xerados nos domicilios particulares, nos comercios, nas oficinas e nos servizos así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes :

- Residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias fluviais.
- Animais domésticos mortos, así como mobles, utensilios e vehículos abandonados.
- Residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

En xeral, todos aqueles residuos dos que a súa recollida, transporte, almacenamento, tratamento ou depósito controlado lles corresponda ao Concello, de acordo co establecido expresamente na Lei de Bases do Réxime Local e nas demais disposicións vixentes.

1.2.- Residuos comerciais

Dentro da categoría de residuos municipais, os residuos comerciais son os xerados pola actividade propia da venda polo miúdo e por xunto, a hostalaría, os bares, os mercados, as oficinas e os servizos.

Para os efectos do réxime de responsabilidades na xestión, terán tamén esta consideración os residuos non perigosos xerados pola industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos ou municipais.

2.- COMPETENCIAS

2.1.- Xerais :

- O Concello, por si ou asociado, deben prestar como servizo público obrigatorio a recollida o transporte e o tratamento dos residuos urbanos na forma establecida polas ordenanzas municipais. Deben tamén ter implantados sistemas de recollida selectiva de residuos.
- Respecto aos residuos comerciais, os produtores están obrigados a entregar os seus residuos a un xetor autorizado para o seu tratamento, ou ben acollerse ao sistema de recollida e xestión que o ente local competente estableza para este tipo de residuos.

2.2.- Sobre residuos específicos :

- Respecto aos residuos de construción e demolición (RCD) o Concello ten competencias para o control dos residuos producidos nas obras autorizadas por él. Neste sendo no momento de outorgar a licenza de obras, o produtor debe presentar un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que debe ser valorado pola entidade local.
- Respecto aos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) procedentes dos fogares, a entidade local, deberá asegurar a través dos seus sistemas municipais a súa recollida selectiva.

- Respecto aos vehículos abandonados, o Concello debe entregalos a un centro de tratamento para a súa descontaminación, sen prexuízo do cumprimento da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

3.- REXIME ECONOMICO

As taxas a cobrar pola prestación dos servizos de recollida e xestión de residuos urbanos deben garantir o autofinanciamento da entidade local, e o feito impositivo debe ter en conta o volume e o tipo de residuo xerado polo cidadán suxeito pasivo do tributo.

4.- RECOLLIDA DE RESIDUOS COMERCIAIS

Os produtores destes residuos teñen a obriga de entregalos directamente aos xestores autorizados, sen incluílos no sistema de recollida municipal. Só cando o Concello dispoña dun sistema de recollida para este tipo de residuos o produtor pode acollerse a este, nas condicións técnicas e económicas que estableza o Concello.

5.- NA FASE DE ABANDONO

No caso de abandono dalgunha instalación, deberáanse clasificar, retirar e entregar os residuos existentes ou xerados a xestores autorizados no prazo máis breve posible.

6.- SOLOS DE DESENVOLVEMENTO

Asi mesmo para os sectores a desenvolver correspondentes cos solos urbanos non consolidados e solos urbanizables é co fin de reducir o consumo de recursos, a produción de recursos e a súa perigosidade, establece as seguintes determinacións :

A) MATERIAIS

- a. Procurarase empregar materiais locais tradicionais na construción, materiais renovables ou que presenten un baixo consumo enerxético na súa fabricación, como pode ser pedra, madeiras con garantías de procedencia, cerámica, termo-axila, illamentos naturais (cortizas, liño, fibras vexetais, celulosa, etc), plásticos ecolóxicos (PP, PE, PB,..), vidro, etc.

- b. Empregaranse materiais de construción onde se constate a súa durabilidade, como pode ser a pedra, ferro, aceiro, etc.
- c. Evitaranse materiais que proceden de procesos produtivos con graves impactos ambientais ou que poidan provocar danos a saúde dos usuarios das futuras edificacións, como poden ser xesos a base de escouras industriais.

B) Estableceranse medidas que fomenten técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmoxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión de residuos de construción e demolición.

C) Deberanse dimensionar e localizar axeitadamente os espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos.

D) Os plans que desenvolvan estes sectores reducirán os movementos de terra, e incluírán medidas de xestión dos movementos de terra e dos seus vertidos.

E) Todos os residuos xerados durante a fase de obra deberán ser xestionados axeitadamente segundo a súa tipoloxía. Previamente ao comezo das obras, e para cada unha das tipoloxías de residuos identificadas, examínanse as posibilidades reais de:

- Minimización do residuo.
- Reutilización ou reciclaxe, interno ou externo.
- Vertido en instalación autorizada e axeitada ao tipo de residuo ou entrega ao xestor autorizado.
- No tempo que transcorre entre a produción do residuo e a súa xestión, estes deberán estar axeitadamente apilados ou almacenados de forma e no lugar máis axeitado para que non produza ningún tipo de afección. Posteriormente, procederase ao seu tratamento e xestión sectorialmente, é dicir, en función do

tipo e da perigosidade do residuo xerado, aplicando a normativa axeitada para cada un.

Art. 89. MEDIDAS TENDENTES A POTENCIAR OS IMPACTOS POSITIVOS

Preséntanse de seguido diferentes medidas establecidas sobre aquelas cuestións con capacidade de alterar substancialmente o termo municipal e sobre as que existe unha capacidade real de impacto. Así mesmo, introducense distintas recomendacións a fin de potenciar os impactos positivos.

Paisaxe

Nas edificacións, promover o emprego de materiais construtivos autóctonos e acordes co entorno e manter a coherencia das construcións cas tradicionais existentes, coidando as fachadas, cubertas e traseiras. O obxectivo é acadar unha paisaxe urbana – rural homoxénea e que contribúa á mellora da calidade de vida dos habitantes.

Natureza

Promover as repoboacións forestais e revexetacións das zonas verdes con especies autóctonas, co fin de crear e fomentar zonas arboradas máis resistentes ós lumes, evitar o empobrecemento do solo e manter a riqueza e biodiversidade do concello.

Patrimonio

Fomentar a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico, arqueolóxico e paisaxístico, ca elaboración de sendas e rutas que unan os diferentes elementos e promocionalas.

Medio Industrial

As ordenanzas que desenvolvan o solo industrial, establecerá unha normativa que establezan unha imaxe de conxunto, e integrada ca súa contorna. Ademais a disposición de zonas verdes terá que amortecer as posibles afeccións do solo empresariais.

Mobilidade

Promover a creación de diferentes itinerarios peonils, ou carrils-bici, sendas verdes, etc., que vertebran o territorio e contribúan a reducir os movementos en vehículo privado e fomenten os desprazamentos non motorizados no interior do termo municipal.

Enerxía

Establecer un Sistema Integral de Aforro e Eficiencia Enerxética. Establecer sistemas de iluminación eficientes (lámpadas de baixo consumo, recargables ca enerxía solar, etc.) e cun deseño co que se minimize a contaminación lúminica (que a altura non supere as edificacións, alumbren cara abaixo, etc.).

Atmosfera

Dispoñer, que as actividades que se instalen nos solos de uso industrial, deberán obter as autorizacións pertinentes e cumprir cas determinacións das seguintes leis:

- Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados de contaminación.
- Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria.
- Decreto 133/2008 de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (que substitúe ao Decreto 2114/1961, RAMINP).

Integrar nas ordenanzas, que os diferentes plans e proxectos que se desenvolvan no concello, contemplan un manual de boas prácticas, fundamentalmente en relación ós efectos na atmosfera; como por exemplo:

- Realizar unha mecánica preventiva en relación á maquinaria da obra co obxecto de evitar vertidos de combustibles ou aceites. Igualmente, as emisións gaseosas dos vehículos e maquinaria pesada poden ser reducidas mediante un axeitado mantemento técnico das mesmas (que asegure unha boa combustión do motor) e o emprego de material novo ou recente (é política de todas as marcas, incorporar como parámetros de deseño nos seus novos modelos, criterios ambientais de baixo consumo, mellores rendementos...).
- Nas fases de construción, debe incorporarse como factor decisor (para a execución) a previsión meteorolóxica. Así, deberanse limitar as operacións de carga e descarga de materiais, execución de escavacións, e en xeral, todas aquelas actividades que poidan dar lugar á emisión ou mobilización de pó ou partículas en suspensión, en períodos no que o rango da velocidade do vento sexa inferior a 10 Km./h. Ademais, como norma xeral, evitárase a realización das actividades de esta fase de construción durante días ou períodos de forte inestabilidade (en día soleado, a inestabilidade é máxima a mediodía, coincidindo cos períodos de máxima radiación solar, e mínima pola mañá ou a última hora da tarde), ou nos días nos que se prevea a entrada de frontes (a choiva podería conlevar ao arrastre de materiais por escorrenta superficial), etc.
- Para mitigar a dispersión de pó, especialmente en operacións de carga e descarga, procederáse á humectación previa dos materiais (lixeiro rego), sempre que non dea lugar á formación dun vertido líquido.

Ciclo hídrico

- Instalar sistemas de aforro e eficiencia de auga para o consumo.
- Minimizar o efecto impermeable a través de sistemas de permeabilización, adaptados a cada proxecto, conservando un mínimo, baremado polo Índice de Permeabilización.
- Nos novos desenvolvementos se potenciará a reutilización das augas residuais, por exemplo, para a rega de zonas verdes, segundo as condicións establecidas no artigo 2.102 do Plan Hidrolóxico Galicia Costa.

Ciclos de Materiais

- Incluir nas ordenanzas, que nas diferentes fases dos plans ou proxectos (obras, explotación e abandono) que teñan lugar no Concello, deberase asegurar a correcta xestión dos residuos xerados en función da normativa e lexislación vixente.
- Incluir no PXOM a definición dos diferentes tipos de residuos, as competencias da entidade local e o réxime económico na súa xestión, a recollida dos residuos comerciais e a fase de abandono.
- Establecer accións (campañas municipais) encamiñadas a minimizar o impacto dos residuos e do consumo de materiais, así como fomentar a reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos.

CAP. 9º. NORMAS ESPECIAIS DE SITUACIÓNS FÓRA DE ORDENACIÓN.

Art. 90. PARCELA FÓRA DE ALIÑACIÓN.

É aquela atravesada pola aliñación ou ben que non ten contacto coa mesma.

Para ser edificada, no primeiro dos casos, ademais de cumprir os requisitos esixidos para merecer a cualificación de solar, terá que axustarse á aliñación oficial.

Para ser edificada, no segundo dos casos, ademais de cumprir os requisitos esixidos para merecer a cualificación de solar e demais condicións establecidas no plan, haberá de acceder á propiedade da parte que resta ata a aliñación. Se o propietario da parte que resta fose o Concello e estimase a conveniencia de que esa parte que resta siga sendo de dominio público adscrito a sistema viario para ensanchar parcialmente as beirarrúas de peóns e organizar localmente entrantes nos que instalar equipamentos urbanos, prazas ou lugar de espallamento e recreo, o Concello poderá denegar a solicitude de compra e autorizar a edificación recuada, sen que isto dea lugar a indemnización ningunha.

Art. 91. EDIFICACIÓN FÓRA DE ALIÑACIÓN.

É aquela atravesada pola aliñación ou ben que non ten contacto con ela.

No primeiro caso, a edificación ademais de estar fóra de aliñación, queda en situación de fóra de ordenación xenérica (total incompatibilidade) coas consecuencias que da mesma se derivan. No segundo caso poderase acceder á propiedade da parte que falta ata a aliñación por libre contrato de compra-venda para a súa conversión en solo privado afecto á edificación, e que só será edificable no momento no que se constrúa un novo edificio que substitúa ao anterior, ou se pretenda a ampliación do existente.

Se o propietario da parte que resta é o Concello, poderase proceder, como queda explicado no punto sobre parcelas non coincidentes coa aliñación.

Art. 92. EDIFICACIÓN FÓRA DE ORDENACIÓN.

Os edificios e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultasen desconformes con este quedarán sometidos ao réxime de fóra de ordenación.

Nas construcións e edificacións que queden en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no planeamento se dispoña xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.

Nas construcións só parcialmente incompatibles co novo planeamento poderán autorizarse, así mesmo, obras parciais e circunstanciais de consolidación, así como as de mellora, de reforma e, en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída que se determinen no plan xeral.

O concello comunicaralle ao rexistro da propiedade, para efectos da súa constancia, as limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Cerdedo, Xuño de 2.014

Asdo : ADIU, SLP